

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 05.07.2017      Hora: 10:30

A Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 5 de xullo de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia**

- 1.1 9916 (10/CPC-000017)  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Do director xeral de Orientación e Promoción Laboral, por petición propia,  
para informar sobre as actuacións e directrices en materia de acreditación  
de competencias profesionais e competencias clave en Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017*

**Punto 2. Preguntas**

- 2.1 390 (10/PRE-000006)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl  
Sobre o estado actual do proxecto de construción na provincia de Ourense  
dun centro para a continuidade na atención ás persoas con discapacidade  
unha vez cumpridos os 21 anos de idade, a dotación de prazas e espazos  
que vai ter e a data prevista para a súa entrada en funcionamento, así como  
a garantía da súa xestión e titularidade pública  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016*
- 2.2 490 (10/PRE-000013)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada  
para a residencia de persoas maiores do Cornuval, no concello do  
Carballiño, a valoración da levada a cabo desde a súa apertura e os motivos  
existentes para non habilitar a totalidade das prazas previstas nela, así  
como as súas intencións ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 7, do 04.11.2016*
- 2.3 600 (10/PRE-000020)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre a información, as actuacións levadas a cabo e as medidas cautelares  
adoptadas polo Goberno galego en relación coas denuncias referidas a  
supostas situacións de crueldade e violencia nun centro concertado de  
acollemento de menores de Vigo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 10.11.2016*

- 2.4      846 (10/PRE-000030)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa implementación da iniciativa de emprego xuvenil en Galicia, a súa opinión respecto do cumprimento dos obxectivos fixados e o número de persoas mozas beneficiadas, así como as medidas previstas para garantir a súa maior efectividade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16, do 17.11.2016*
- 2.5      1794 (10/PRE-000108)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de acollemento familiar  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 09.12.2016*
- 2.6      2361 (10/PRE-000143)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis  
Sobre a demanda á Xunta de Galicia do traslado a outra localización, con melloras de espazo e seguridade e de incremento no cadro de persoal, do Punto de Encontro Familiar de Pontevedra  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016*
- 2.7      393 (10/PRE-000164)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á construción dos novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e de Mariñamansa, da cidade de Ourense
- 2.8      403 (10/PRE-000166)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
Sobre a consideración pola Xunta de Galicia da posibilidade de construír, de xeito urxente, un novo centro de saúde nos terreos da antiga Comandancia de Mariña de Vilagarcía de Arousa
- 2.9      650 (10/PRE-000184)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación daqueles apartados da Lei de inclusión social de Galicia que dificultan a súa implantación

- 2.10      652 (10/PRE-000186)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da Lei de inclusión social de Galicia asegurando o papel da Risga como dereito subxectivo
- 2.11      844 (10/PRE-000195)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do grao de cumprimento na actualidade dos obxectivos fixados para a posta en marcha da iniciativa de emprego xuvenil
- 2.12      599 (10/PRE-000232)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre as medidas cautelares adoptadas polo Goberno galego en relación coas supostas situacións de crueldade e violencia denunciadas nun centro concertado de acollemento de menores de Vigo
- 2.13      395 (10/PRE-000436)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á construción dos novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e de Mariñamansa, da cidade de Ourense, e, se é o caso, o calendario de inicio, execución e remate das obras, así como o mantemento dalgún contacto co Concello ao respecto
- 2.14      404 (10/PRE-000438)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de construción, de xeito urxente, dun novo centro de saúde en Vilagarcía de Arousa, a súa valoración en relación co seu posible asentamento nos terreos da antiga Comandancia de Mariña, así como o convenio de cesión ao Concello deses terreos para ese fin asinado no ano 2009
- 2.15      607 (10/PRE-000447)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre a información, as actuacións levadas a cabo e as medidas cautelares adoptadas polo Goberno galego en relación coas denuncias referidas a supostas situacións de crueldade e violencia nun centro concertado de acollemento de menores de Vigo

- 2.16      845 (10/PRE-000461)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa implementación da iniciativa de emprego xuvenil en Galicia, a súa opinión respecto do cumprimento dos obxectivos fixados e o número de persoas mozas beneficiadas, así como as medidas previstas para garantir a súa maior efectividade
- 2.17      2929 (10/PRE-000576)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para fomentar o incremento da taxa de emancipación de mozos e mozas e os programas de axudas ao alugueiro de vivenda para a mocidade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017*
- 2.18      3001 (10/PRE-000580)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a valoración e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións de precariedade laboral que padecen as persoas empregadas do fogar e, se é o caso, o cronograma previsto para a implantación de programas para a creación de emprego estable e de calidade no sector, así como a solicitude ao Goberno central da ratificación do Convenio número 189 da Organización Internacional do Traballo e da Recomendación número 201 na materia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017*
- 2.19      3027 (10/PRE-000582)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co cumprimento en Galicia dos obxectivos da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, a garantía do acceso con carácter universal e equidade e a demanda ao Goberno central da recuperación do investimento perdido, así como o cumprimento do réxime de financiamento establecido nela e as medidas previstas ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017*
- 2.20      3033 (10/PRE-000583)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presentan en Galicia os datos do indicador AROPE referidos ao risco de pobreza ou de exclusión social, a suficiencia da renda de inserción social

para cubrir as necesidades existentes e as medidas que vai adoptar ao respecto, así como a data prevista para a publicación do decreto ou decretos de desenvolvemento regulamentario da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017*

- 2.21      3240 (10/PRE-000596)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da evolución dos datos do paro e das afiliacións á Seguridade Social en Galicia no ano 2016, as razóns da fenda existente en relación co resto do Estado e a súa comparativa cos do ano 2009  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 56, do 31.01.2017*
- 2.22      3420 (10/PRE-000608)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis  
Sobre os datos referidos á tramitación de solicitudes para a concesión da renda de inserción social de Galicia na provincia da Coruña nos anos 2014, 2015 e 2016  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 56, do 31.01.2017*
- 2.23      3422 (10/PRE-000609)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis  
Sobre os datos referidos á tramitación de solicitudes para a concesión da renda de inserción social de Galicia na provincia de Lugo nos anos 2014, 2015 e 2016  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 56, do 31.01.2017*
- 2.24      3425 (10/PRE-000611)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis  
Sobre os datos referidos á tramitación de solicitudes para a concesión da renda de inserción social de Galicia na provincia de Pontevedra nos anos 2014, 2015 e 2016  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 56, do 31.01.2017*
- 2.25      3625 (10/PRE-000665)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre os datos referidos ás prazas de acollemento de menores existentes en centros públicos en Galicia, as concertadas durante o ano 2016 e os acollementos en familias rexistrados nese ano, así como as previsións da Xunta de Galicia respecto da eliminación do acollemento residencial de

menores de seis anos no actual sistema de protección á infancia e á adolescencia

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 56, do 31.01.2017*

- 2.26      3760 (10/PRE-000672)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a actuación polo Goberno galego en relación coa oferta pública de prazas na Rede de escolas infantís  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 56, do 31.01.2017*
- 2.27      4069 (10/PRE-000700)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a prevención do abuso sexual infantil en Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017*
- 2.28      4074 (10/PRE-000701)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre a repercusión en Galicia da suspensión por parte do Goberno de España da concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas para implantar medidas destinadas á igualdade salarial entre homes e mulleres  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017*
- 2.29      4336 (10/PRE-000725)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da intervención sociosanitaria recibida polo presunto homicida da muller falecida de xeito violento no Carballiño o 29 de xaneiro de 2017, os protocolos de prevención postos en marcha para protexela e os mecanismos sanitarios que ten en funcionamento para atender as familias de persoas afectadas por enfermidades mentais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 64, do 10.02.2017*
- 2.30      4354 (10/PRE-000726)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre o número de persoas en situación de dependencia que perciben na actualidade en Galicia a prestación de asistencia persoal, a opinión da Xunta de Galicia ao respecto e as medidas que vai desenvolver para facer tanxible o seu dereito á vida independente, así como o cronograma e o orzamento que vai destinar para a súa posta en marcha  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 64, do 10.02.2017*

- 2.31 4359 (10/PRE-000727)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da xestión da Casa da Xuventude de Ourense, actualmente denominada Espazo Xove, os criterios seguidos para a autorización de actividades e a súa programación para o ano 2017, así como as razóns do asentamento dun punto de encontro familiar nas súas instalacións e as previsións referidas ao seu traslado a outro lugar  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 64, do 10.02.2017*
- 2.32 4995 (10/PRE-000775)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre os datos referidos ás prazas para a atención de persoas maiores en centros residenciais xestionados polo Goberno galego ou concertados existentes en Galicia, os centros residenciais xa rematados que permanecen pechados na actualidade e as previsións do Goberno galego en relación coa súa apertura e xestión, así como a demanda actual de prazas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 71, do 22.02.2017*
- 2.33 4999 (10/PRE-000776)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre os datos referidos ás prazas para a atención de persoas maiores en centros residenciais xestionados directamente ou concertados polo Goberno galego existentes en Galicia, os centros de día de construción financiada polos concellos que permanecen pechados na actualidade e as previsións do Goberno galego en relación coa súa apertura e xestión  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 71, do 22.02.2017*
- 2.34 5009 (10/PRE-000777)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a dotación orzamentaria que vai destinar o Goberno galego no ano 2017 a reducir os niveis de pobreza das familias monoparentais, as medidas que vai poñer en marcha para axudalas e a valoración da posibilidade de establecer unha dedución autonómica para aquelas que teñen fillos, así como a súa opinión respecto da necesidade de modificar a lexislación estatal co fin de considerar estas como familias numerosas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 71, do 22.02.2017*
- 2.35 5026 (10/PRE-000778)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da



solicitud ao Goberno central da redución do IVE dos produtos sen glute, así como as medidas que vai adoptar, no caso da súa denegación, para paliar a penalización económica que padecen as persoas celíacas polos prezos deses produtos

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 71, do 22.02.2017*

- 2.36      5372 (10/PRE-000809)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos efectos que está a ter nas familias a súa política sanitaria en relación co calendario de vacinación, a fundamentación das súas declaracións referidas á incidencia da perda da vacina do tétano-difteria que deba de aplicarse aos nenos ao cumpriren os 14 anos de idade e os datos referidos ás destinadas a Galicia no ano 2016, así como as previstas para o ano 2017 e o prazo estimado para para recuperar a vacinación contra a tose ferina  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017*
- 2.37      5377 (10/PRE-000810)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Burgo López, María de la Concepción e 3 máis  
Sobre o estado de execución no que se atopan as obras de construción da residencia para persoas maiores de Paradela, a dotación do equipamento necesario e o prazo previsto pola Consellería de Política Social para a súa apertura, así como o modelo de xestión que vai ter  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017*
- 2.38      5459 (10/PRE-000818)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre a garantía polo Goberno galego do remate da dotación de equipamento e servizos ao Centro de día de Cambados para axilizar a súa apertura, as razóns da demora e a data prevista para a súa posta en funcionamento  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017*
- 2.39      5501 (10/PRE-000826)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para regular a apertura dos centros de educación infantil durante as vacacións escolares, os criterios que vai aplicar e os requisitos que vai exixir para ese fin, así como a apertura das escolas públicas de educación infantil durante a Semana Santa de 2017 e as actuacións que vai levar a cabo para posibilitar a planificación do descanso do persoal  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017*

- 2.40      5504 (10/PRE-000827)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a construción do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos de Ourense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017*
- 2.41      5749 (10/PRE-000855)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada en Lugo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017*
- 2.42      5755 (10/PRE-000857)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 6 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada na Coruña  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017*
- 2.43      5758 (10/PRE-000858)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada en Pontevedra  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017*
- 2.44      5761 (10/PRE-000859)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada en Santiago de Compostela  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017*
- 2.45      5764 (10/PRE-000860)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada en Vigo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017*
- 2.46      5767 (10/PRE-000861)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada en Ferrol

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017*

- 2.47      5799 (10/PRE-000869)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co estado de cumprimento da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, o orzamento destinado e previsto nos vindeiros exercicios para o seu desenvolvemento, así como os datos e as medidas previstas ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017*
- 2.48      5806 (10/PRE-000870)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos do emprego das persoas con discapacidade en Galicia, as medidas concretas previstas para incrementar a súa empregabilidade e a súa opinión referida á mellora, a través dos centros especiais de emprego, da súa integración na empresa privada, así como o cumprimento na actualidade na Administración pública galega da reserva de carga de traballo establecida para elas e as medidas previstas para o seu incremento  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017*
- 2.49      5869 (10/PRE-000877)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da planificación da incorporación ao mercado laboral dos titulados MIR formados en Galicia, os datos referidos aos incorporados ao Sergas con contratos eventuais e o custo económico desa formación en Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017*
- 2.50      5978 (10/PRE-000883)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa elaboración no ano 2017 da Estratexia galega de apoio á etnia xitana e, se é o caso, os principais eixes estratéxicos que vai ter e as medidas que vai pór en marcha para mellorar a súa situación en Galicia así como para garantirlle a efectiva igualdade de oportunidades  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017*
- 2.51      6029 (10/PRE-000888)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis  
Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego na actualidade dun plan específico de atención integral á saúde das mulleres, o seu cumprimento e desenvolvemento, así como o mantemento como obxectivo da consecución dunha igualdade real de xénero no eido sanitario, as medidas e formulacións estratéxicas que está a levar a cabo ao respecto e os seus resultados

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 17.03.2017*

- 2.52      6134 (10/PRE-000899)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre o mantemento dalgún contacto do Goberno galego co Goberno central para intentar desbloquear a paralización dos expedientes de adopción de familias galegas en Burundi e Etiopía tras o peche da entidade que os viña tramitando, se é o caso, o tipo de colaboración que van establecer para ese fin e a valoración da posibilidade de realizar os últimos trámites pola vía diplomática, así como a asunción pola Xunta de Galicia da xestión deses expedientes e das devolucións dos importes aboados  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 17.03.2017*
- 2.53      6267 (10/PRE-000904)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
Sobre o coñecemento polo Goberno galego da realidade das mulleres coidadoras de persoas dependentes e o seu potencial padecemento da síndrome de "burnout", ou do traballador queimado, a súa opinión en relación coa necesidade de desenvolver liñas estratéxicas específicas para a atención a esas mulleres nos eidos psicolóxico, laboral, formativo e pedagóxico, e os datos ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 17.03.2017*
- 2.54      6273 (10/PRE-000905)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
Sobre as razóns do Goberno galego para non ter avanzado no cumprimento dalgúns aspectos do acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 referido á mellora da atención sanitaria á doenza da endometriose, as previsións ao respecto e a súa avaliación en relación coa situación das mulleres que padecen esa doenza no tocante ao coñecemento da enfermidade, nivel de tratamento e formación do persoal sanitario para o tratamento específico  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 17.03.2017*
- 2.55      6281 (10/PRE-000906)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre a detección polo Goberno galego dalgún suposto de mutilación xenital feminina practicado en Galicia ou fóra dela, pero con mulleres residentes no territorio galego, o orzamento destinado á prevención desa práctica e a existencia en Galicia de programas para ese fin, así como, se é o caso, os datos referidos ao seu deseño e desenvolvemento  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 17.03.2017*

- 2.56      6289 (10/PRE-000907)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis  
Sobre os datos referidos á información desagregada por sexos recibida pola Xunta de Galicia durante o mes de xaneiro de 2017 respecto da composición dos consellos de administración das empresas domiciliadas en Galicia, ou das que teñen calquera tipo de representación nela, así como o número de notas públicas favorables e de recomendacións emitidas polo Goberno galego no ano 2016 en relación co incremento gradual da participación das mulleres neles  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 17.03.2017*
- 2.57      6294 (10/PRE-000908)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre a xestión levada a cabo e as actividades desenvolvidas pola Unidade Administrativa de Igualdade durante a IX lexislatura  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 17.03.2017*
- 2.58      6301 (10/PRE-000909)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre os datos referidos ao apoio económico e técnico prestado pola Xunta de Galicia durante a IX lexislatura ás empresas para a implantación voluntaria de plans de igualdade ou doutras medidas para a súa promoción, así como o control levado a cabo ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 17.03.2017*
- 2.59      6309 (10/PRE-000910)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 3 máis  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do número de centros de información e asesoramento ás mulleres necesarios en Galicia e os datos referidos ao orzamento destinado para ese fin  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 17.03.2017*
- 2.60      6319 (10/PRE-000912)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o número de empresas que teñen a distinción Marca Galega de Excelencia en Igualdade, desde a súa entrada en vigor, o alcance por esta dos obxectivos fixados para a súa creación e o número máximo de empresas ás que se lles concedeu

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 17.03.2017*

- 2.61      6324 (10/PRE-000913)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 3 máis  
Sobre a frecuencia das reunións do Consello Galego das Mulleres, os informes realizados por cada unha das tres comisións que o conforman e a súa publicación, así como sobre a existencia dalgunha conclusión en relación coa reorganización dos tempos de traballo e a conciliación entre a vida familiar e a vida laboral  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 17.03.2017*
- 2.62      6329 (10/PRE-000914)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 3 máis  
Sobre a valoración da Comisión Interdepartamental de Igualdade respecto do cumprimento da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como do desenvolvemento do VI Plan de igualdade de Galicia, a necesidade de introducir novas medidas nesa lei, a suficiencia do orzamento destinado a eses obxectivos e o nivel de execución da dotación orzamentaria asignada a ese plan  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 17.03.2017*
- 2.63      6330 (10/PRE-000915)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 3 máis  
Sobre a composición e a relación de persoas que forman parte dos consellos de administración, consellos reitores ou de dirección, ou equipos directivos de diversos entes dependentes da Xunta de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 17.03.2017*
- 2.64      6336 (10/PRE-000916)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 3 máis  
Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dun número de contas satélite de produción doméstica de Galicia suficiente para a obtención de conclusións obxectivas e a publicación dos resultados deses estudos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 85, do 17.03.2017*
- 2.65      6540 (10/PRE-000939)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia das dificultades existentes en determinados lugares da comunidade autónoma, a consecuencia da carencia de ascensores nas vivendas de altura, as súas previsións en relación coa introdución dalgún elemento corrector que considere as necesidades económicas das comunidades de veciños á hora de priorizar as subvencións e a existencia dalgunha colaboración coa Consellería de Política Social para abordar a problemática das persoas maiores que residen nesas vivendas

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*

- 2.66      6687 (10/PRE-000953)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa habilitación dalgún tipo de mecanismo para que non se lles impida percibir a Risga a aquelas persoas que compartan domicilio con outras que tamén a cobren e que non pertencen á mesma unidade familiar, a realización dunha revisión individualizada dos casos de denegación ou retirada da prestación por ese motivo e o prazo de publicación do decreto ou decretos de desenvolvemento regulamentario da Lei de inclusión social de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*
- 2.67      6910 (10/PRE-000975)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre o impacto en Galicia da entrada en vigor do Real decreto lei 20/2012 no referido á regulación do convenio especial, no Sistema da Seguridade Social, das persoas coidadoras non profesionais de persoas en situación de dependencia, o número de mulleres afectadas polos cambios introducidos e as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central de reposición do dereito desas persoas á cotización á Seguridade Social a cargo da Administración Xeral do Estado  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017*
- 2.68      7121 (10/PRE-001002)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis  
Sobre os datos referidos aos embargos producidos en Galicia das distintas prestacións sociais destinadas a atender as necesidades económicas básicas e as medidas previstas polo Goberno galego para evitalos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017*
- 2.69      7134 (10/PRE-001003)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 7 máis  
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa formación



específica dos profesionais implicados na atención ás mulleres e menores vítimas da violencia de xénero e a súa opinión respecto da necesidade de crear un plan de formación de carácter transversal que conteña a estratexia de cooperación, coordinación e implicación das consellarías afectadas, así como a súa dotación do financiamento necesario para a súa aplicación  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017*

- 2.70      7406 (10/PRE-001032)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da emisión polos servizos de saúde galegos dunha tarxeta sanitaria persoal que exima do copago farmacéutico as persoas menores de idade afectadas por discapacidades recoñecidas ou enfermidades raras ou graves, así como a súa opinión en relación coa necesidade de modificar o Real decreto 945/1978, para establecer o dereito á gratuidade da prestación farmacéutica para os menores cun grao de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017*
- 2.71      7412 (10/PRE-001033)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do mantemento dun custo para a persoa usuaria pola utilización do servizo de asistencia sanitaria telefónica, a valoración da posibilidade da súa eliminación e a súa opinión en relación coa claridade e utilidade da información referida aos usos, función e custos dos teléfonos 902 077 333 e 902 400 116  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017*
- 2.72      7421 (10/PRE-001036)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 6 máis  
Sobre as condicións de traballo, dotación de persoal estable, formación e protocolos de actuación, infraestruturas, material e equipamentos dos centros de Política Social da provincia da Coruña  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017*
- 2.73      7423 (10/PRE-001037)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e 3 máis  
Sobre a situación actual de dotación estable de persoal, condicións de traballo, formación e protocolos de actuación, así como de infraestruturas, material e equipamentos da residencia de maiores Caranza-Ferrol e do centro de menores de Ferrol  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017*



- 2.74      7724 (10/PRE-001066)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis  
Sobre a categoría profesional exixida para o acceso dos técnicos de Atención a Persoas en Situación de Dependencia a un posto de traballo na Administración pública de Galicia, as medidas previstas polo Goberno galego para o recoñecemento nela desa titulación, e as actuacións que vai levar a cabo para o impulso do seu acceso ao mercado laboral  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017*
- 2.75      7732 (10/PRE-001067)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis  
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para fomentar, de xeito especial, a materia de Educación Física entre o alumnado con discapacidade, o cronograma para a súa posta en marcha e a existencia dalgún tipo de colaboración entre os fisioterapeutas do Sergas e o profesorado para ese fin, así como as iniciativas postas en marcha nos últimos anos para a súa formación de cara a mellorar as súas prácticas e metodoloxía con ese alumnado  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017*
- 2.76      7844 (10/PRE-001080)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación dos criterios establecidos pola Consellería de Política Social para o pagamento das prestacións económicas por acollimento familiar de menores que se atopan no sistema público de protección, as xestións realizadas co Goberno central para deixar de descontar das pensións non contributivas a contía percibida por menor acollido en familia extensa, así como o pagamento a estas dos gastos extraordinarios dos menores acollidos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017*
- 2.77      8064 (10/PRE-001097)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á prevención da desprotección infantil, en especial, do maltrato e do abuso sexual  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 106, do 27.04.2017*
- 2.78      8082 (10/PRE-001099)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos do emprego

das persoas con discapacidade en Galicia, as súas previsións respecto da extensión ás listas de interinos da reserva legal establecida para o acceso ao emprego público das que padecen discapacidade intelectual e o cumprimento desa reserva en toda a Administración pública galega, así como as medidas que vai poñer en marcha para incrementar a súa integración nela

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 106, do 27.04.2017*

- 2.79      8111 (10/PRE-001103)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do dereito das avogadas da Mutualidade da Avogacía a ceder ás súas parellas o dereito á prestación por maternidade de dezaseis semanas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 106, do 27.04.2017*
- 2.80      8166 (10/PRE-001111)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre o tempo medio de espera dunha persoa para ser valorada por un equipo de valoración da discapacidade, a lista de espera actual de cada un deses equipos e as previsións do Goberno galego respecto do incremento do número de profesionais que traballan neles, así como as condicións económicas que se lle está a ofrecer e a experiencia exixida ao persoal do Sergas que queira participar nos recoñecementos do grao de discapacidade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017*
- 2.81      8204 (10/PRE-001114)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a posta en funcionamento do Centro de Día de Leiro, o modelo de xestión que vai ter e a suficiencia das prazas dispoñibles nos centros de día do Ribeiro e do Carballiño para atender as persoas maiores residentes nesas comarcas, así como as intencións da Xunta de Galicia respecto da construción de máis centros na provincia de Ourense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017*
- 2.82      8325 (10/PRE-001128)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis  
Sobre o accidente producido o 18 de abril de 2017 na fábrica de Ferroatlántica en Brens, no concello de Cee, a realización polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral dalgunha investigación ao respecto e a opinión do Goberno galego en relación co cumprimento nela da totalidade da normativa vixente en materia de prevención de riscos

laborais, así como os datos referidos ás inspeccións de seguridade realizadas nas súas instalacións

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017*

- 2.83      8434 (10/PRE-001138)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 4 máis  
Sobre o nivel de aplicación dos tratamentos para a hepatitis C ás persoas afectadas que se atopan na cadea en penitenciarías de Galicia segundo o previsto no Plan nacional para a abordaxe da hepatitis C no Sistema nacional de saúde, así como os datos do Goberno galego ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 114, do 12.05.2017*
- 2.84      8459 (10/PRE-001144)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias detectadas no Fogar Residencial de Cerdedo, no concello de Cerdedo-Cotobade, a realización dalgunha avaliación ao respecto e o investimento que vai realizar para mellorar as condicións en que se atopa, así como os servizos que presta  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 114, do 12.05.2017*
- 2.85      8594 (10/PRE-001171)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre o coñecemento e a opinión do Goberno galego respecto das deficiencias existentes nos servizos sanitarios que se están a prestar no Centro de Saúde de Baltar, no concello de Sanxenxo, principalmente, nos meses de verán  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 114, do 12.05.2017*
- 2.86      8596 (10/PRE-001172)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre os datos referidos á prescrición de atomoxetina e de metilfedinato para o tratamento do trastorno por déficit de atención e hiperactividade nos anos 2012 ao 2016  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 114, do 12.05.2017*
- 2.87      3131 (10/POC-000512)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva e 2 máis  
Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da consignación do orzamento necesario e da execución das obras de construción do novo centro de saúde de Ribadavia

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017*

- 2.88      10574 (10/POC-001805)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis  
Sobre as consecuencias laborais que o proceso de adquisición do Banco Popular polo Banco Santander poida ter nos empregados e empregadas da entidade financeira e a solicitude da mediación e/ou arbitraje do Consello Galego de Relacións Laborais polas partes interesadas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137, do 29.06.2017*
- 2.89      10591 (10/POC-001811)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co centro de saúde de Cambados  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137, do 29.06.2017*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.<sup>a</sup>, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores

BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz

P

Noela Blanco Rodríguez

S

María Ángeles García Míguez

P

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

P

Marta Rodríguez Arias

P

María Soraya Salorio Porral

P

Eva Solla Fernández

EM

Julio Torrado Quintela

S

Paula Vázquez Verao

EM

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

**1.1 9916(10/CPC-000017)**

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Orientación e Promoción Laboral, por petición propia, para informar sobre as actuacións e directrices en materia de acreditación de competencias profesionais e competencias clave en Galicia


*Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017*



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia –a petición propia- ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do director xeral de Orientación e Promoción Laboral para informar sobre **“actuacións e directrices en materia de acreditación de competencias profesionais e competencias clave en Galicia”**.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

**2. Preguntas**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 390(10/PRE-000006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o estado actual do proxecto de construción na provincia de Ourense dun centro para a continuidade na atención ás persoas con discapacidade unha vez cumpridos os 21 anos de idade, a dotación de prazas e espazos que vai ter e a data prevista para a súa entrada en funcionamento, así como a garantía da súa xestión e titularidade pública

*Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/10/2016 16:30  
Nº Rexistro: 390  
Data envío: 21/10/2016 14:09:13.144



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Raúl Fernández Fernández**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinación que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma PROCAPOURENSE (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos pais e nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que cómpre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda dita plataforma cidadá.

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro deste ano, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21

 Grupo Parlamentario

anos, sen facer ningún tipo de concreción a respecto de cándo se construírá o mesmo, o número de prazas do que disporá, e se os servizos que se presten no mesmo serán todos de titularidade pública.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. De cantas prazas disporá o centro público de Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos?
2. En que fase se atopa o proxecto do CAP de Ourense?
3. En que data ten previsto a Xunta de Galicia que se poña en funcionamento dito centro?
4. Inclúirá o proxecto os espazos de cociña, lavandería, salas de terapias, salas de fisioterapia e de logopedas?
5. Comprométese o Goberno galego a garantir que ningún dos servizos que se prestarán neste centro será a través de empresas privadas para suplir a existencia dunha rede pública, é dicir, a que o centro sexa 100 % de xestión e titularidade pública?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/10/2016 13:57:32**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/10/2016 16:30**  
**Nº Rexistro: 390**  
Data envío: 21/10/2016 14:09:13.144



 **Grupo Parlamentario**

**Raúl Fernández Fernández na data 21/10/2016 13:57:39**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 490(10/PRE-000013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para a residencia de persoas maiores do Cornuval, no concello do Carballiño, a valoración da levada a cabo desde a súa apertura e os motivos existentes para non habilitar a totalidade das prazas previstas nela, así como as súas intencións ao respecto

*Publicación da iniciativa, 7, 04.11.2016*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/10/2016 18:27  
Nº Rexistro: 490  
Data envío: 26/10/2016 18:27:59.889



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A situación da atención aos dependentes e aos nosos maiores, están a sufrir un grave deterioro derivado das políticas de redución e desatención dos gobernos do señor Feijoo, ademais do limbo da dependencia, nos últimos anos a dereita converteu en costume a privatización da xestión de centros públicos, así como o desvío das peticións de prazas a residencias concertadas, evidenciando unha vez máis o interese do Partido Popular en privatizar os servizos públicos para facer negocio a conta dos mesmos.

Este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinación que sofre Ourense, precisamente na provincia máis envellecida de España, onde o número de persoas maiores de 64 anos triplica á das menores de 16.

A residencia de maiores do Cornuval, radicada no Concello do Carballiño, é un exemplo desta política de desmantelamento do público posta en marcha pola dereita.

As instalacións deste centro, cuxa apertura se retrasou durante case cinco anos dende a finalización das obras, tiveron un custe para o Goberno galego de 6,7 millóns de euros. Os socialistas defendemos daquela, e seguimos mantendo, que para garantir a igualdade e calidade na prestación das políticas sociais a xestión deste centro deba ser tamén pública.

A pesares das mobilizacións protagonizadas daquela pola plataforma cidadá en defensa da residencia do Cornuval, da que formaban parte formacións políticas, sindicatos, veciños e veciñas do Carballiño, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar Social, licitaba en novembro de 2014, e adxudicaba posteriormente a xestión

desta residencia de maiores construída con cartos públicos a unha empresa privada.

Á privatización da xestión deste centro súmase tamén o feito de estar infrautilizado, xa que despois de dous anos de funcionamento, con tan só 20 prazas cubertas do total de 84 para as que foron creadas estas instalacións, a Administración autonómica unicamente creou recentemente outras cinco, pasando a contar con 25 persoas dependentes. Contribuíndo este feito non soamente a incrementar a lista de espera nunha comarca especialmente envellecida, senón tamén a que o equipamento deste centro corra o risco de deteriorarse polo desuso, e a perder a oportunidade de xerar emprego.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas.

- 1.ª) Cales foron as razóns da privatización da xestión da residencia de maiores O Cornuval do Carballiño?
- 2.ª) Tendo en conta que xa pasaron dous anos dende a súa apertura, qué valoración fai a Xunta de Galicia da xestión que se ten levado a cabo na mesma?
- 3.ª) Por qué, tendo en conta a demanda existente, o Goberno galego non habilita o número total das prazas para as que se concibiu dito centro?
- 4.ª) Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o número de prazas dispoñibles na residencia de Cornuval?
- 5.ª) En caso de que se vaia a levar a cabo dita ampliación de prazas, en qué datas?





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/10/2016 18:27**  
**Nº Rexistro: 490**  
Data envío: 26/10/2016 18:27:59.889



 **Grupo Parlamentario**

6.<sup>a</sup>) Ten previsto o Goberno galego durante a X Lexislatura, mudar o modelo de xestión da residencia de O Cornuval, para que pase a ser a xestión 100% pública?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 26 de outubro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 26/10/2016 18:22:20**

**Julio Torrado Quintela na data 26/10/2016 18:22:27**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 600(10/PRE-000020)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a información, as actuacións levadas a cabo e as medidas cautelares adoptadas polo Goberno galego en relación coas denuncias referidas a supostas situacións de crueldade e violencia nun centro concertado de acollemento de menores de Vigo

*Publicación da iniciativa, 11, 10.11.2016*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/11/2016 13:43  
Nº Rexistro: 600  
Data envío: 02/11/2016 13:43:34.373



 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Os retallos emprendidos polo Goberno de Feijoo en materia de Política social chegaron tamén ao benestar e ás necesidades dos menores, levando a cabo políticas que derivaron no abandono ou na privatización de gran parte dos recursos relacionados co sistema de protección, empregando como escusa a crise para reducir custes, e relegando a un segundo plano o fomento de programas de acollida e de formación ás familias acolledoras. As políticas da dereita dificultan pois, o cumprimento dos obxectivos do acollemento: garantir a protección de cada menor e procurar o seu benestar, ofrecéndolle unha atención e educación integral nun marco de convivencia normalizado, potenciando as súas calidades e fomentando a súa autonomía persoal e a súa integración social.

Recentemente coñecíamos, a través dos medios de comunicación, unha denuncia onde se describen supostas situacións de crueldade e violencia verbal e física continuada no centro concertado de acollida de menores, Hogar de San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cantas inspeccións realizou a Xunta de Galicia nos derradeiros catro anos no Hogar de San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo, e cal foi o resultado das mesmas?
- 2.<sup>a</sup>) Coñecía o Goberno galego a existencia de denuncias de supostos malos tratos neste centro concertado?

 **Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

3.<sup>a</sup>) En caso de ser coñecedora a Administración autonómica das denuncias, abriuse durante a IX lexislatura algunha investigación sobre estes feitos? Cal foi o resultado da mesma?

4.<sup>a</sup>) Ante a denuncia coñecida recentemente, púxose o Goberno galego en contacto coa Fiscalía de Menores?

5.<sup>a</sup>) Realizou a Xunta de Galicia recentemente unha investigación sobre as denuncias de malos tratos no Hogar de San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo?

6.<sup>a</sup>) De confirmarse a gravidade dos feitos denunciados, tomou o goberno galego algún tipo de medida cautelar para garantir a protección dos menores?

Pazo do Parlamento, 02 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Abel Losada Álvarez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 02/11/2016 11:43:36**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/11/2016 11:43:42**

**Julio Torrado Quintela na data 02/11/2016 13:39:17**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.4 846(10/PRE-000030)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa implementación da iniciativa de emprego xuvenil en Galicia, a súa opinión respecto do cumprimento dos obxectivos fixados e o número de persoas mozas beneficiadas, así como as medidas previstas para garantir a súa maior efectividade

*Publicación da iniciativa, 16, 17.11.2016*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2016 16:30  
Nº Rexistro: 846  
Data envío: 07/11/2016 16:26:45.090



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Como resposta á Recomendación do Consello relativa á implantación da garantía xuvenil, o 19 de decembro de 2013 o Goberno de España presentou á CE o Plan nacional de garantía xuvenil. Este plan, recolle un catálogo común de actuacións que serán desenvolvidas polos organismos intermedios do Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEJ) e terán como obxectivo a redución do desemprego xuvenil. A iniciativa de emprego xuvenil representa un dos instrumentos máis importantes para o desenvolvemento da garantía xuvenil en España e articúlase a través deste Programa Operativo.

A Estratexia de Emprendemento e Emprego Novo 2013-2016 establece entre as principais causas do desemprego xuvenil en España as seguintes: alta taxa de abandono escolar; polarización do mercado de traballo; escaso peso relativo da Formación Profesional de grao medio; escasa empregabilidade dos mozos e mozas, especialmente no relativo ao coñecemento de idiomas estranxeiros; alta temporalidade; alta contratación parcial non desexada; difícil acceso ao mercado laboral dos grupos en risco de exclusión social; e necesidade de mellorar os niveis de autoemprego e iniciativa empresarial entre a mocidade.

O programa tiña previsto desenvolver medidas dirixidas ao colectivo de persoas novas maiores de 16 anos e menores de 25 non ocupadas, nin integradas nos sistemas de educación ou formación, co obxecto de alcanzar a súa inserción e mantemento no mercado laboral cun emprego de calidade. Así mesmo, tendo en conta as maiores dificultades para o acceso e o mantemento no mercado laboral, así como o atraso na idade de incorporación ao mesmo, no caso das persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, o tramo de idade para o acceso ás actuacións recollidas neste Programa Operativo elévase aos 30 anos de idade, nos termos establecidos no Real decreto - lei 8/2014, do 4 de xullo, polo que se regula o Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, validado posteriormente a

través da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Hai dous anos da posta en marcha do Programa Operativo FSE Emprego Xuvenil do período 2014 - 2020, que conta cunha dotación de 6.000 millóns de euros, co obxectivo de que os menores de 25 anos reciban unha oferta de emprego, educación continua, ou prácticas nun prazo de catro meses tras a súa educación formal ou quedar desempregados.

A pesar de que, segundo os datos da EPA do terceiro trimestre do 2016, entre os menores de 25 anos a taxa de desemprego xuvenil en Galicia ascende ata o 37,6 % e en España é dun 41,9 %, a implementación da iniciativa non é a esperada. Segundo os datos do Ministerio de Emprego, o Goberno galego planificou só o 13,72 % do orzamento asignado para 2014 e 2015.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego da implementación da iniciativa de emprego xuvenil na nosa comunidade?
2. Considera a Xunta de Galicia que se están alcanzando os obxectivos para os cales se puxo en marcha a iniciativa de emprego xuvenil?
3. Que número de mozos e mozas recibiron, ao abeiro deste programa, unha oferta de emprego, educación continua, ou realizaron prácticas?
4. Que medidas ten pensado poñer en marcha a Xunta de Galicia para garantir a súa maior efectividade?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/11/2016 16:30**  
**Nº Rexistro: 846**  
Data envío: 07/11/2016 16:26:45.090



 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/11/2016 16:20:02**

**Julio Torrado Quintela na data 07/11/2016 16:20:09**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.5 1794(10/PRE-000108)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de  
acollemento familiar

*Publicación da iniciativa, 27, 09.12.2016*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/11/2016 17:46  
Nº Rexistro: 1794  
Data envío: 29/11/2016 17:46:32.643



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os cambios actuais nos novos perfís dos nenos e nenas do sistema de protección fan necesario seguir avanzando na consolidación das medidas de alternativa familiar para os menores do sistema de protección, así como no apoio ás familias como recurso activo do sistema de protección. Para iso é necesaria a atención integral das necesidades físicas, afectivas e emocionais dos nenos e nenas do sistema de protección galego, e poñer á súa disposición todos os recursos públicos que favorezan o seu desenvolvemento e autonomía, así como apoiar a todas aquelas familias galegas que, grazas á súa sensibilidade coa infancia, se responsabilizan do coidado destes nenos e nenas e lles ofrecen o seu fogar.

Toda a lexislación tanto a nivel estatal como a autonómica establece a primacía das medidas de alternativa familiar para todas aquelas persoas menores que se atopan en situación de desprotección. A nivel estatal, a actual *Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia*, establece que nas actuacións de protección dos e das menores deben primar as medidas familiares fronte ás residenciais, as estables fronte ás temporais, e as consensuadas fronte ás impostas. Igualmente establece no artigo 21.3 que “co fin de favorecer que a vida do menor se desenvolva nunha contorna familiar, prevalecerá a medida de acollemento familiar sobre a de acollemento residencial para calquera menor, especialmente para menores de seis anos. Non se acordará o acollemento residencial para menores de tres anos salvo en supostos de imposibilidade, debidamente acreditada, de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando esta medida non conveña ao interese superior do menor. Esta limitación para acordar o acollemento residencial aplicarase tamén aos menores de seis anos no prazo máis breve posible. En todo caso, e con carácter xeral, o acollemento residencial destes menores non terá unha duración superior a tres meses”. Así mesmo, o *Código Civil, no artigo 173 bis*, tras a modificación realizada pola

mencionada lei, redefine as modalidades de acollemento familiar en función da súa duración e obxectivos.

Na nosa comunidade, con arranxo ao disposto nos *artigos 15.1 e 16.2 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia*, e en aplicación dos principios reitores da actuación dos poderes públicos no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e a adolescencia, para a adopción da medida de acollemento especifícase que se dará prioridade á utilización do acollemento familiar sobre o residencial.

O acollemento a menores en Galicia por familias que non gardan relación co menor é actualmente o 45 % do total dos diferentes tipos de acollemento.

Un ou unha menor nun residencial custa á administración 1300 € a 1800 € ao mes use ou non o servizo. Hai menores de 0-6 anos nestes residenciais, habendo lista de espera de familias acolledoras.

A política social da Xunta de Galicia non é favorecer o acollemento familiar senón dotar de máis centros residenciais, a pesares de que o custo sexa 8 veces superior ao dunha familia e as consecuencias para o neno e a nena desastrosas.

Algunhas familias ademais están tendo problemas en relación ao dereito de maternidade, paternidade e lactancia cando se teñen que facer cargo de acollementos de urxencia, pois atópanse coa imposibilidade de ter acceso á concesión de ditos permisos, causando graves prexuizos tanto para as familias acolledoras como para os propios menores.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha durante a X Lexislatura estratexias de difusión para a captación de novas familias acolledoras e adoptivas?
2. Cales son as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para reforzar a integración familiar para os e as menores que se atopan no sistema de protección en acollemento residencial?

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

3. A que axudas teñen dereito as e os menores acollidos?
4. Ten pensado o Goberno galego incrementar a remuneración ás familias de acollida?
5. De que programas e recursos dispón o Goberno destinados ao apoio e orientación de quen, estando en acollemento, alcance a maioría de idade e quede fóra do sistema de protección, con especial atención aos e ás que presentan discapacidade?
6. Ten previsto a Xunta de Galicia equiparar os permisos de maternidade, paternidade e lactancia, para as familias de acollemento segundo as circunstancias que a situación das mesmas o requira?

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2016

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 29/11/2016 17:40:57**

**Julio Torrado Quintela na data 29/11/2016 17:41:03**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.6      2361(10/PRE-000143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do traslado a outra localización, con melloras de espazo e seguridade e de incremento no cadro de persoal, do Punto de Encontro Familiar de Pontevedra

*Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/12/2016 16:30  
Nº Rexistro: 2361  
Data envío: 16/12/2016 14:15:51.965



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta por escrito**.

Dende o ano 2001 existe nas 7 grandes cidades de Galicia unha Rede de Puntos de Encontro, dependentes da Xunta de Galicia, coa fin de garantir un lugar axeitado para facilitar a relación materno/paterno-filial e asegurar o benestar e a seguridade dos e das menores de familias en situacións de conflito, cando nunha situación de interrupción da convivencia familiar o exercicio do dereito de visitas resulta difícil ou conflitivo.

En Pontevedra, o Punto de Encontro atópase no edificio da Delegación Provincial de Sanidade e serve para dar asistencia a todos aqueles supostos que se establecen polos xulgados do partido xudicial de Pontevedra ou pola Xefatura Territorial da Consellería de Política Social, sempre que sexa o punto máis próximo ao domicilio do ou da menor. Neste momento, por el pasan máis de 200 persoas cada fin de semana, polo que existe unha lista de espera de máis de 20 familias.

O local está composto por unha pequena sala de espera con capacidade para un máximo de 10 persoas, unha oficina con 2 mesas onde traballa o persoal adscrito, unha pequena sala de televisión (con capacidade para 5 persoas), un habitáculo con neveira e microondas, un aseo e 3 habitacións para que as familias poidan desenvolver as súas visitas e a súa escasa superficie impide que estean máis de 2 ou 3 familias.

O cadro de persoal é moi reducido, posto que só hai 3 persoas contratadas para a xestión do Punto de Encontro (2 psicólogas e 1 traballadora social), que desenvolven o seu traballo en quendas de 2.

A maiores, a localización do Punto de Encontro non é a máis axeitada: as fins de semana, a saída de emerxencia atópase inutilizada, xa que da ao

 **Grupo Parlamentario**

edificio de Sanidade e este está pechado e a súa situación, nun lateral do mencionado edificio, implica posibles riscos ao acceder a el por un camiño non iluminado e que ten detrás un xardín sen saída.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten coñecemento o Goberno galego da situación dos Puntos de Encontro Familiares de Galicia?
2. Ten coñecemento o Goberno galego da situación do Punto de Encontro Familiar de Pontevedra?
3. Entende o Goberno galego que a súa situación é a máis axeitada?
4. Entende o Goberno galego que as súas dependencias son suficientes para a labor que desenvolven os e as profesionais que alí traballan e para desenvolver as visitas das familias?
5. Considera o Goberno galego que é necesario un incremento do cadro de persoal do Punto de Encontro Familiar de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 16 de decembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/12/2016 14:07:02**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/12/2016 14:07:07**

**Julio Torrado Quintela na data 16/12/2016 14:07:12**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.7      393(10/PRE-000164)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á  
construción dos novos centros de saúde nos barrios do Vinteún  
e de Mariñamansa, da cidade de Ourense





### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Raúl Fernández Fernández**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende o Grupo Socialista consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais. Neste marco, Ourense non pode, como ocorreu nas anteriores lexislaturas dos gobernos do PP e a pesares das demandas dos veciños e veciñas de Ourense e de xeito singular dos barrios con maior poboación, quedar atrás na construción dos novos equipamentos sanitarios.

O anterior goberno socialista do Concello de Ourense permitiu poñer a disposición da Xunta de Galicia e formalizar a cesión de dúas parcelas de titularidade municipal nos barrios do Couto e do Vinteún para a construción de sendos centros de saúde. Realizouse un enorme esforzo económico e de xestión para expropiar nun tempo récord as parcelas no Couto e acadar a ocupación da parcela do Vinteún, esta última cun esforzo adicional de explanación (1.250 metros cadrados de superficie), e urbanización (284.603,62 €) por parte do concello, para adaptala ás demandas da Consellería de Sanidade.

Asemade, os socialistas xa no ano 2010 facilitaron á Xunta de Galicia 6 posibles situacións para a construción dun novo centro de saúde no barrio de Mariñamansa e o seu contorno, dando resposta á demanda trasladada polos representantes de 18 asociacións veciñais do sur da cidade na que expoñían que *“o edificio do actual Centro de Saúde de Mariñamansa, co paso do tempo quedou pequeno e non pode albergar novas infraestruturas para facer cirurxía menor, espazos para educación maternal e de fomento do aleitamento natural, etc.”* e demandaban previsión de solo para novas infraestruturas sanitarias.



 Grupo Parlamentario



Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pasadas xa máis de dúas lexislaturas dende o inicio dos trámites por parte do concello para poñer a dispor os terreos co único fin de que a Xunta de Galicia, dende o 2009 gobernada polo PP, comprometera e executara as 3 obras para a construción de novos equipamentos sanitarios en O Couto, O Vinteún e Mariñamansa; a día de hoxe, só se acadou a construción do Novo Centro de Saúde para o barrio do Couto, rematado recentemente e que foi licitado no ano 2012.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia a construción en Ourense de novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e de Mariñamansa?
2. Cal é o calendario que ten previsto a Xunta de Galicia para o inicio, execución, e remate dos novos centros de saúde de Ourense, en concreto dos barrios do Vinteún e de Mariñamansa?
3. Iniciou o Goberno galego os contactos co Concello de Ourense para que no referente a cesión definitiva de terreos, xestión de licencias, modificacións precisas, etc. se acade que os dous novos centros de saúde de O Vinteún e de Mariñamansa estean rematados o antes posible?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/10/2016 14:00:35**

**Raúl Fernández Fernández na data 21/10/2016 14:00:41**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.8 403(10/PRE-000166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a consideración pola Xunta de Galicia da posibilidade de construír, de xeito urxente, un novo centro de saúde nos terreos da antiga Comandancia de Mariña de Vilagarcía de Arousa



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/10/2016 16:30  
Nº Rexistro: 403  
Data envío: 21/10/2016 14:17:37.878



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Un obxectivo fundamental do Servizo Galego de Saúde é facilitar o acceso e a calidade asistencial ao conxunto da cidadanía. Para isto, a rede de centros de atención primaria pretende ofrecer un servizo que facilite a proximidade e acceso das persoas ao sistema sanitario.

O Centro de Saúde de San Roque, en Vilagarcía, construíuse entre os anos 1.974 e 1.975. Ao longo destes corenta anos só se fixo un investimento importante, unha ampliación no ano 1.994. O Centro de Saúde de Vilagarcía atende diariamente a unha media de 2.000 persoas e actualmente o edificio presenta importantes necesidades de espazo. Ademais, o edificio amosa unha serie de deficiencias importantes. Nos últimos anos son continuas as avarías, entre elas a máis grave é a que afecta ao único ascensor do que depende por completo a accesibilidade do edificio. Todo isto impide ofrecer unha asistencia sanitaria adecuada á poboación de Vilagarcía e é obxecto de denuncia tanto das persoas usuarias como do persoal sanitario.

No ano 2.009, gobernando o Partido Socialista na Xunta de Galicia e no Concello de Vilagarcía, asinouse un convenio para a construción dun macrocentro de saúde que respondera ás necesidades da poboación de Vilagarcía de Arousa, nos terreos da antiga Comandancia de Mariña. Coa chegada do Partido Popular á Xunta de Galicia, o proxecto quedou parado sucedéndose promesas e falsos debates sobre a construción de pequenos consultorios en diferentes puntos da localidade, que non darían resposta ás necesidades dunha poboación coma a de Vilagarcía.

O 20 de xullo de 2016 técnicos e técnicas da Consellería de Sanidade visitaron o lugar e avaliaron que o solar da Comandancia de Mariña era adecuado para a construción dun novo centro de saúde por superficie, fisionomía, accesibilidade e emprazamento.

A día de hoxe, a Xunta de Galicia ten o proxecto en suspenso, sen previsión nin a curto nin a medio prazo de investir na construción dun novo centro de saúde en Vilagarcía, mentres que a Autoridade Portuaria utiliza o edificio para ceder a colectivos con baixo nivel de ocupación e actividade, e con nula relación co Porto e o mar.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia a construción urxente dun novo centro de saúde da antiga Comandancia de Marina de Vilagarcía de Arousa?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 21/10/2016 14:16:49**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 21/10/2016 14:17:03**

**María Luisa Pierres López na data 21/10/2016 14:17:10**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.9 650(10/PRE-000184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación daqueles apartados da Lei de inclusión social de Galicia que dificultan a súa implantación



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os datos da EPA referidos ao terceiro trimestre deste ano reflicten que, si baixou o desemprego, pero tamén que a temporalidade e a precariedade se enquistan no mercado laboral galego.

A dramática situación que están atravesando milleiros de familias visualízase nos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), que indican que os fogares nos que todos os activos están no paro ascenden a 72.100, e que hai 34.800 vivendas que non teñen ningún perceptor de ingresos. A comparación con valores de 2009 é moi significativa, rexistrándose un incremento do 69 % no caso das vivendas nas que todos os activos están no paro, e do 91,4 % nas que os fogares non teñen ningún perceptor de ingresos.

A dificultade para atopar emprego segue sendo maior no caso das mulleres, pois se a taxa de desemprego en Galicia entre os homes é do 15,7 %, no caso das mulleres alcanza o 17,1 %. Tamén entre os máis novos e novas, a pesares da emigración masiva de milleiros de mozos e mozas máis aló das nosas fronteiras, a taxa de desemprego chega ata o 37,6 %.

No trimestre aumentaron tanto os asalariados con contrato indefinido como os de tempo parcial, aínda que moito máis estes últimos, un 9,9 % fronte ao 1,1 %, volvendo a taxa de temporalidade a valores elevadísimos.

Finalmente, das estatísticas da EPA tamén se obtén un dato moi significativo pola súa negatividade, en Galicia a taxa de parcialidade involuntaria xa é do 63 %, é dicir, que de cada cen persoas que teñen un contrato a tempo parcial, 63 o teñen por non atopar un a tempo completo, non por decisión propia.

Á vista destes datos é evidente que a recuperación do emprego, tanto en Galicia como no resto do Estado, é só en termos cuantitativos, estacional e precaria. As medidas do Goberno, centradas nunha reforma laboral lesiva e

inxusta para as e os cidadáns, lonxe de corrixir a dualidade do mercado laboral, están estendendo a precariedade e a desigualdade.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que só se conseguirá encarar a recuperación de xeito sostible e diminuír os niveis de desigualdade e pobreza, facendo unha aposta clara por factores que permitan á economía crecer a medio e longo prazo e que mellore as rendas dos traballadores e traballadoras.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Tendo en conta a situación de urxente necesidade na que se atopan milleiros de familias en Galicia, ten previsto o Goberno galego corrixir aqueles apartados que dificultan a implantación da Lei de inclusión social?

Pazo do Parlamento, 3 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/11/2016 16:29:31**

**Julio Torrado Quintela na data 03/11/2016 16:29:37**



**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.10 652(10/PRE-000186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da  
modificación da Lei de inclusión social de Galicia asegurando  
o papel da Risga como dereito subxectivo



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os datos da EPA referidos ao terceiro trimestre deste ano reflicten que, si baixou o desemprego, pero tamén que a temporalidade e a precariedade se enquistan no mercado laboral galego.

A dramática situación que están atravesando milleiros de familias visualízase nos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), que indican que os fogares nos que todos os activos están no paro ascenden a 72.100, e que hai 34.800 vivendas que non teñen ningún perceptor de ingresos. A comparación con valores de 2009 é moi significativa, rexistrándose un incremento do 69 % no caso das vivendas nas que todos os activos están no paro, e do 91,4 % nas que os fogares non teñen ningún perceptor de ingresos.

A dificultade para atopar emprego segue sendo maior no caso das mulleres, pois se a taxa de desemprego en Galicia entre os homes é do 15,7 %, no caso das mulleres alcanza o 17,1 %. Tamén entre os máis novos e novas, a pesares da emigración masiva de milleiros de mozos e mozas máis aló das nosas fronteiras, a taxa de desemprego chega ata o 37,6 %.

No trimestre aumentaron tanto os asalariados con contrato indefinido como os de tempo parcial, aínda que moito máis estes últimos, un 9,9 % fronte ao 1,1 %, volvendo a taxa de temporalidade a valores elevadísimos.

Finalmente, das estatísticas da EPA tamén se obtén un dato moi significativo pola súa negatividade, en Galicia a taxa de parcialidade involuntaria xa é do 63 %, é dicir, que de cada cen persoas que teñen un contrato a tempo parcial, 63 o teñen por non atopar un a tempo completo, non por decisión propia.

Á vista destes datos é evidente que a recuperación do emprego, tanto en Galicia como no resto do Estado, é só en termos cuantitativos, estacional e precaria. As medidas do Goberno, centradas nunha reforma laboral lesiva e

inxusta para as e os cidadáns, lonxe de corrixir a dualidade do mercado laboral, están estendendo a precariedade e a desigualdade.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que só se conseguirá encarar a recuperación de xeito sostible e diminuír os niveis de desigualdade e pobreza, facendo unha aposta clara por factores que permitan á economía crecer a medio e longo prazo e que mellore as rendas dos traballadores e traballadoras.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Tendo en conta a situación de urxente necesidade na que se atopan milleiros de familias en Galicia, ten previsto o Goberno galego modificar a Lei de inclusión asegurando o papel da Risga como dereito subxectivo?

Pazo do Parlamento, 3 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/11/2016 16:31:30**

**Julio Torrado Quintela na data 03/11/2016 16:31:38**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.11 844(10/PRE-000195)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do grao de cumprimento na actualidade dos obxectivos fixados para a posta en marcha da iniciativa de emprego xuvenil



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2016 16:30  
Nº Rexistro: 844  
Data envío: 07/11/2016 16:26:14.106



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Como resposta á Recomendación do Consello relativa á implantación da garantía xuvenil, o 19 de decembro de 2013 o Goberno de España presentou á CE o Plan nacional de garantía xuvenil. Este plan, recolle un catálogo común de actuacións que serán desenvolvidas polos organismos intermedios do Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEJ) e terán como obxectivo a redución do desemprego xuvenil. A iniciativa de emprego xuvenil representa un dos instrumentos máis importantes para o desenvolvemento da garantía xuvenil en España e artículase a través deste Programa Operativo.

A Estratexia de Emprendemento e Emprego Novo 2013-2016 establece entre as principais causas do desemprego xuvenil en España as seguintes: alta taxa de abandono escolar; polarización do mercado de traballo; escaso peso relativo da Formación Profesional de grao medio; escasa empregabilidade dos mozos e mozas, especialmente no relativo ao coñecemento de idiomas estranxeiros; alta temporalidade; alta contratación parcial non desexada; difícil acceso ao mercado laboral dos grupos en risco de exclusión social; e necesidade de mellorar os niveis de autoemprego e iniciativa empresarial entre a mocidade.

O programa tiña previsto desenvolver medidas dirixidas ao colectivo de persoas novas maiores de 16 anos e menores de 25 non ocupadas, nin integradas nos sistemas de educación ou formación, co obxecto de alcanzar a súa inserción e mantemento no mercado laboral cun emprego de calidade. Así mesmo, tendo en conta as maiores dificultades para o acceso e o mantemento no mercado laboral, así como o atraso na idade de incorporación ao mesmo, no caso das persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, o tramo de idade para o acceso ás actuacións recollidas neste Programa Operativo elévase aos 30 anos de idade, nos termos establecidos no Real decreto - lei 8/2014, do 4 de xullo, polo que se regula o Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, validado posteriormente a

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

través da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Hai dous anos da posta en marcha do Programa Operativo FSE Emprego Xuvenil do período 2014 - 2020, que conta cunha dotación de 6.000 millóns de euros, co obxectivo de que os menores de 25 anos reciban unha oferta de emprego, educación continua, ou prácticas nun prazo de catro meses tras a súa educación formal ou quedar desempregados.

A pesar de que, segundo os datos da EPA do terceiro trimestre do 2016, entre os menores de 25 anos a taxa de desemprego xuvenil en Galicia ascende ata o 37,6 % e en España é dun 41,9 %, a implementación da iniciativa non é a esperada. Segundo os datos do Ministerio de Emprego, o Goberno galego planificou só o 13,72 % do orzamento asignado para 2014 e 2015.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que se están alcanzando os obxectivos para os cales se puxo en marcha a iniciativa de emprego xuvenil?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/11/2016 16:18:56**

**Julio Torrado Quintela na data 07/11/2016 16:19:07**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.12 599(10/PRE-000232)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as medidas cautelares adoptadas polo Goberno galego en relación coas supostas situacións de crueldade e violencia denunciadas nun centro concertado de acollemento de menores de Vigo



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/11/2016 13:43  
Nº Rexistro: 599  
Data envío: 02/11/2016 13:43:12.295



 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral Pleno**.

**Xustificación urxencia: Pola alarma social xerada tras coñecerse esta denuncia, e tendo en conta que estes menores se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade, e en probable situación de indefensión ante os supostos feitos denunciados**

Os retallos emprendidos polo Goberno de Feijoo en materia de Política social chegaron tamén ao benestar e ás necesidades dos menores, levando a cabo políticas que derivaron no abandono ou na privatización de gran parte dos recursos relacionados co sistema de protección, empregando como escusa a crise para reducir custes, e relegando a un segundo plano o fomento de programas de acollida e de formación ás familias acolledoras. As políticas da dereita dificultan pois, o cumprimento dos obxectivos do acollemento: garantir a protección de cada menor e procurar o seu benestar, ofrecéndolle unha atención e educación integral nun marco de convivencia normalizado, potenciando as súas calidades e fomentando a súa autonomía persoal e a súa integración social.

Recentemente coñecíamos, a través dos medios de comunicación, unha denuncia onde se describen supostas situacións de crueldade e violencia verbal e física continuada no centro concertado de acollida de menores, Hogar de San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2016 13:43**  
**Nº Rexistro: 599**  
Data envío: 02/11/2016 13:43:12.295



 **Grupo Parlamentario**

De confirmarse a gravidade dos feitos denunciados, tomou o  
Goberno galego algún tipo de medida cautelar para garantir a  
protección dos menores?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 02 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Abel Losada Álvarez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 02/11/2016 11:40:51**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/11/2016 11:40:59**

**Julio Torrado Quintela na data 02/11/2016 13:39:52**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.13 395(10/PRE-000436)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á construción dos novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e de Mariñamansa, da cidade de Ourense, e, se é o caso, o calendario de inicio, execución e remate das obras, así como o mantemento dalgún contacto co Concello ao respecto



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/10/2016 16:30  
Nº Rexistro: 395  
Data envío: 21/10/2016 14:10:10.987



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Raúl Fernández Fernández**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Dende o Grupo Socialista consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais. Neste marco, Ourense non pode, como ocorreu nas anteriores lexislaturas dos gobernos do PP e a pesares das demandas dos veciños e veciñas de Ourense e de xeito singular dos barrios con maior poboación, quedar atrás na construción dos novos equipamentos sanitarios.

O anterior goberno socialista do Concello de Ourense permitiu poñer a disposición da Xunta de Galicia e formalizar a cesión de dúas parcelas de titularidade municipal nos barrios do Couto e do Vinteún para a construción de sendos centros de saúde. Realizouse un enorme esforzo económico e de xestión para expropiar nun tempo récord as parcelas no Couto e acadar a ocupación da parcela do Vinteún, esta última cun esforzo adicional de explanación (1.250 metros cadrados de superficie), e urbanización (284.603,62 €) por parte do concello, para adaptala ás demandas da Consellería de Sanidade.

Asemade, os socialistas xa no ano 2010 facilitaron á Xunta de Galicia 6 posibles situacións para a construción dun novo centro de saúde no barrio de Mariñamansa e o seu contorno, dando resposta á demanda trasladada polos representantes de 18 asociacións veciñais do sur da cidade na que expoñían que *“o edificio do actual Centro de Saúde de Mariñamansa, co paso do tempo quedou pequeno e non pode albergar novas infraestruturas para facer cirurxía menor, espazos para educación maternal e de fomento do aleitamento natural, etc.”* e demandaban previsión de solo para novas infraestruturas sanitarias.

Pasadas xa máis de dúas lexislaturas dende o inicio dos trámites por parte do concello para poñer a dispor os terreos co único fin de que a Xunta de Galicia, dende o 2009 gobernada polo PP, comprometera e executara as 3 obras para a construción de novos equipamentos sanitarios en O Couto, O Vinteún e Mariñamansa; a día de hoxe, só se acadou a construción do Novo Centro de Saúde para o barrio do Couto, rematado recentemente e que foi licitado no ano 2012.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia a construción en Ourense de novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e de Mariñamansa?
2. Cal é o calendario que ten previsto a Xunta de Galicia para o inicio, execución, e remate dos novos centros de saúde de Ourense, en concreto dos barrios do Vinteún e de Mariñamansa?
3. Iniciou o Goberno galego os contactos co Concello de Ourense para que no referente a cesión definitiva de terreos, xestión de licencias, modificacións precisas, etc. se acade que os dous novos centros de saúde de O Vinteún e de Mariñamansa estean rematados o antes posible?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/10/2016 13:59:56**

**Raúl Fernández Fernández na data 21/10/2016 14:00:07**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.14 404(10/PRE-000438)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de construción, de xeito urxente, dun novo centro de saúde en Vilagarcía de Arousa, a súa valoración en relación co seu posible asentamento nos terreos da antiga Comandancia de Mariña, así como o convenio de cesión ao Concello deses terreos para ese fin asinado no ano 2009



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/10/2016 16:30  
Nº Rexistro: 404  
Data envío: 21/10/2016 14:17:51.503



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Un obxectivo fundamental do Servizo Galego de Saúde é facilitar o acceso e a calidade asistencial ao conxunto da cidadanía. Para isto, a rede de centros de atención primaria pretende ofrecer un servizo que facilite a proximidade e acceso das persoas ao sistema sanitario.

O Centro de Saúde de San Roque, en Vilagarcía, construíuse entre os anos 1.974 e 1.975. Ao longo destes corenta anos só se fixo un investimento importante, unha ampliación no ano 1.994. O Centro de Saúde de Vilagarcía atende diariamente a unha media de 2.000 persoas e actualmente o edificio presenta importantes necesidades de espazo. Ademais, o edificio amosa unha serie de deficiencias importantes. Nos últimos anos son continuas as avarías, entre elas a máis grave é a que afecta ao único ascensor do que depende por completo a accesibilidade do edificio. Todo isto impide ofrecer unha asistencia sanitaria adecuada á poboación de Vilagarcía e é obxecto de denuncia tanto das persoas usuarias como do persoal sanitario.

No ano 2.009, gobernando o Partido Socialista na Xunta de Galicia e no Concello de Vilagarcía, asinouse un convenio para a construción dun macrocentro de saúde que respondera ás necesidades da poboación de Vilagarcía de Arousa, nos terreos da antiga Comandancia de Mariña. Coa chegada do Partido Popular á Xunta de Galicia, o proxecto quedou parado sucedéndose promesas e falsos debates sobre a construción de pequenos consultorios en diferentes puntos da localidade, que non darían resposta ás necesidades dunha poboación coma a de Vilagarcía.

O 20 de xullo de 2016 técnicos e técnicas da Consellería de Sanidade visitaron o lugar e avaliaron que o solar da Comandancia de Mariña era

adecuado para a construción dun novo centro de saúde por superficie, fisionomía, accesibilidade e emprazamento.

A día de hoxe, a Xunta de Galicia ten o proxecto en suspenso, sen previsión nin a curto nin a medio prazo de investir na construción dun novo centro de saúde en Vilagarcía, mentres que a Autoridade Portuaria utiliza o edificio para ceder a colectivos con baixo nivel de ocupación e actividade, e con nula relación co Porto e o mar.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que o actual Centro de Saúde de San Roque cumpre coas necesidades da poboación usuaria e do persoal profesional que exercen alí o seu traballo?
2. Considera o Goberno da Xunta de Galicia necesaria e urxente a construción dun novo centro de saúde en Vilagarcía?
3. Valora o Goberno da Xunta de Galicia que existan outras localizacións posibles para un novo centro de saúde en Vilagarcía? Cales? Por que motivos?
4. Que valoración merece a avaliación que os técnicos e técnicas da Consellería de Sanidade fixeron da parcela da Comandancia de Marina como lugar apropiado para a construción dun centro de saúde?
5. Cal é a valoración que o Goberno da Xunta de Galicia fai do convenio asinado en 2009 de cesión dos terreos da antiga Comandancia de Marina ao Concello de Vilagarcía para a construción dun centro de saúde axeitado ás necesidades?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/10/2016 16:30**  
**Nº Rexistro: 404**  
Data envío: 21/10/2016 14:17:51.503



 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 21/10/2016 14:14:29**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 21/10/2016 14:14:48**

**María Luisa Pierres López na data 21/10/2016 14:14:52**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.15 607(10/PRE-000447)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a información, as actuacións levadas a cabo e as medidas cautelares adoptadas polo Goberno galego en relación coas denuncias referidas a supostas situacións de crueldade e violencia nun centro concertado de acollemento de menores de Vigo



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/11/2016 16:30  
Nº Rexistro: 607  
Data envío: 02/11/2016 14:17:06.326



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os retallos emprendidos polo Goberno de Feijoo en materia de Política social chegaron tamén ao benestar e ás necesidades dos menores, levando a cabo políticas que derivaron no abandono ou na privatización de gran parte dos recursos relacionados co sistema de protección, empregando como escusa a crise para reducir custes, e relegando a un segundo plano o fomento de programas de acollida e de formación ás familias acolledoras. As políticas da dereita dificultan pois, o cumprimento dos obxectivos do acollemento: garantir a protección de cada menor e procurar o seu benestar, ofrecéndolle unha atención e educación integral nun marco de convivencia normalizado, potenciando as súas calidades e fomentando a súa autonomía persoal e a súa integración social.

Recentemente coñecíamos, a través dos medios de comunicación, unha denuncia onde se describen supostas situacións de crueldade e violencia verbal e física continuada no centro concertado de acollida de menores, Hogar de San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Cantas inspeccións realizou a Xunta de Galicia nos derradeiros catro anos no Hogar de San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo, e cal foi o resultado das mesmas?
- 2.ª) Coñecía o Goberno galego a existencia de denuncias de supostos malos tratos neste centro concertado?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/11/2016 16:30  
Nº Rexistro: 607  
Data envío: 02/11/2016 14:17:06.326



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

3.<sup>a</sup>) En caso de ser coñecedora a Administración autonómica das denuncias, abriuse durante a IX lexislatura algunha investigación sobre estes feitos? Cal foi o resultado da mesma?

4.<sup>a</sup>) Ante a denuncia coñecida recentemente, púxose o Goberno galego en contacto coa Fiscalía de Menores?

5.<sup>a</sup>) Realizou a Xunta de Galicia recentemente unha investigación sobre as denuncias de malos tratos no Hogar de San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo?

6.<sup>a</sup>) De confirmarse a gravidade dos feitos denunciados, tomou o goberno galego algún tipo de medida cautelar para garantir a protección dos menores?

Pazo do Parlamento, 02 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Abel Losada Álvarez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 02/11/2016 11:42:26**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/11/2016 11:42:33**

**Julio Torrado Quintela na data 02/11/2016 13:52:14**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.16 845(10/PRE-000461)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa implementación da iniciativa de emprego xuvenil en Galicia, a súa opinión respecto do cumprimento dos obxectivos fixados e o número de persoas mozas beneficiadas, así como as medidas previstas para garantir a súa maior efectividade



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2016 16:30  
Nº Rexistro: 845  
Data envío: 07/11/2016 16:26:31.918



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Como resposta á Recomendación do Consello relativa á implantación da garantía xuvenil, o 19 de decembro de 2013 o Goberno de España presentou á CE o Plan nacional de garantía xuvenil. Este plan, recolle un catálogo común de actuacións que serán desenvolvidas polos organismos intermedios do Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEJ) e terán como obxectivo a redución do desemprego xuvenil. A iniciativa de emprego xuvenil representa un dos instrumentos máis importantes para o desenvolvemento da garantía xuvenil en España e artículase a través deste Programa Operativo.

A Estratexia de Emprendemento e Emprego Novo 2013-2016 establece entre as principais causas do desemprego xuvenil en España as seguintes: alta taxa de abandono escolar; polarización do mercado de traballo; escaso peso relativo da Formación Profesional de grao medio; escasa empregabilidade dos mozos e mozas, especialmente no relativo ao coñecemento de idiomas estranxeiros; alta temporalidade; alta contratación parcial non desexada; difícil acceso ao mercado laboral dos grupos en risco de exclusión social; e necesidade de mellorar os niveis de autoemprego e iniciativa empresarial entre a mocidade.

O programa tiña previsto desenvolver medidas dirixidas ao colectivo de persoas novas maiores de 16 anos e menores de 25 non ocupadas, nin integradas nos sistemas de educación ou formación, co obxecto de alcanzar a súa inserción e mantemento no mercado laboral cun emprego de calidade. Así mesmo, tendo en conta as maiores dificultades para o acceso e o mantemento no mercado laboral, así como o atraso na idade de incorporación ao mesmo, no caso das persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, o tramo de idade para o acceso ás actuacións recollidas neste Programa Operativo elévase aos 30 anos de idade, nos termos establecidos no Real decreto - lei 8/2014, do 4 de xullo, polo que se

regula o Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, validado posteriormente a través da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Hai dous anos da posta en marcha do Programa Operativo FSE Emprego Xuvenil do período 2014 - 2020, que conta cunha dotación de 6.000 millóns de euros, co obxectivo de que os menores de 25 anos reciban unha oferta de emprego, educación continua, ou prácticas nun prazo de catro meses tras a súa educación formal ou quedar desempregados.

A pesar de que, segundo os datos da EPA do terceiro trimestre do 2016, entre os menores de 25 anos a taxa de desemprego xuvenil en Galicia ascende ata o 37,6 % e en España é dun 41,9 %, a implementación da iniciativa non é a esperada. Segundo os datos do Ministerio de Emprego, o Goberno galego planificou só o 13,72 % do orzamento asignado para 2014 e 2015.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego da implementación da iniciativa de emprego xuvenil na nosa comunidade?
2. Considera a Xunta de Galicia que se están alcanzando os obxectivos para os cales se puxo en marcha a iniciativa de emprego xuvenil?
3. Que número de mozos e mozas recibiron, ao abeiro deste programa, unha oferta de emprego, educación continua, ou realizaron prácticas?
4. Que medidas ten pensado poñer en marcha a Xunta de Galicia para garantir a súa maior efectividade?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/11/2016 16:30**  
**Nº Rexistro: 845**  
Data envío: 07/11/2016 16:26:31.918



 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/11/2016 16:19:39**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela na data 07/11/2016 16:19:47**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.17 2929(10/PRE-000576)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para fomentar o incremento da taxa de emancipación de mozos e mozas e os programas de axudas ao alugueiro de vivenda para a mocidade

*Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/01/2017 12:05  
Nº Rexistro: 2929  
Data envío: 04/01/2017 12:05:05.545



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para** a súa resposta **por escrito**.

Máis dun terzo dos galegos e galegas que teñen entre 30 e 34 anos aínda viven cos seus pais, o que sitúa a Galicia como a comunidade coa taxa de emancipación máis baixa entre os mozos e mozas desta franxa de idade. Só o 62,4 % independizouse, unha porcentaxe dez puntos por baixo da media estatal e que coloca á comunidade á cola do país, seguida de preto de Canarias, segundo os datos do Observatorio de Emancipación do Consejo de la Juventud do primeiro semestre do 2016.

A evolución varía en función da franxa de idade analizada. Se en xuño de 2015 eran 116.941 os galegos e galegas de 30 a 34 anos que se independizaron, no 2016 a cifra caeu a 102.938 (un 8,5 % menos), o que provocou que a taxa de emancipados tamén baixase do 65,1 ao 62,4 %.

Xusto o contrario ao ocorrido no resto de franxas. O número de galegos e galegas de entre 16 e 24 anos que xa non vive cos seus pais subiu un 4,5 % no último ano aínda que son unha minoría os galegos/as desta idade que deciden vivir sós: representan o 7 % do total.

Neste senso, o informe revela que para que un mozo ou moza galega faga fronte en solitario a un aluguer ou ao pago dunha hipoteca debe destinar de media o 53 % do seu salario a estes pagos, mentres que a porcentaxe non supera o 30 % ,o limiar máximo de endebedamento recomendado, no caso dos fogares compostos por varias persoas novas.

Así mesmo, para que os máis novos e novas poidan en Galicia acceder a unha vivenda libre sen investir no pago da hipoteca máis do 30 % do seu salario precisan duns ingresos mínimos de 1.437 euros ao mes, unha cifra que varía por provincias.

O baixo poder adquisitivo da poboación nova é o que limita o acceso ao mercado inmobiliario, que ademais viu incrementar os seus prezos no último ano. Neste sentido, emprender a emancipación en solitario sería economicamente inviable para unha persoa nova asalariada, e tecnicamente imposible para o 40 % dos mozos e mozas en Galicia que se atopan en situación de desemprego, ademais tan só co poder adquisitivo dos fogares compostos por varios mozos e mozas poderíase acceder á vivenda en propiedade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos da nosa comunidade do informe do Observatorio de Emancipación do Consejo de la Juventud?
2. Segundo o Goberno galego, a que se debe a maior dificultade a respecto doutras comunidades autónomas, do acceso á vivenda dos máis novos na nosa comunidade?
3. Que programas de axudas ao aluguer de vivendas ten en marcha a Xunta de Galicia para a mocidade?
4. Ten previsto o Goberno galego poñer en marcha medidas para fomentar o incremento da taxa de emancipación de mozos e mozas en Galicia?
5. En caso afirmativo, de que medidas se trata?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/01/2017 12:05**  
**Nº Rexistro: 2929**  
Data envío: 04/01/2017 12:05:05.545



 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 04/01/2017 11:59:56**

**Julio Torrado Quintela na data 04/01/2017 12:00:02**

**María Luisa Pierres López na data 04/01/2017 12:00:07**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.18 3001(10/PRE-000580)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións de precariedade laboral que padecen as persoas empregadas do fogar e, se é o caso, o cronograma previsto para a implantación de programas para a creación de emprego estable e de calidade no sector, así como a solicitude ao Goberno central da ratificación do Convenio número 189 da Organización Internacional do Traballo e da Recomendación número 201 na materia

*Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/01/2017 10:09  
Nº Rexistro: 3001  
Data envío: 05/01/2017 10:09:07.484



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A crise serviu de acicate para que os avances na contratación das empregadas do fogar en condicións dignas se retardaran e, nalgúns casos, desapareceran por completo. Un traballo que ten rostro de muller, o 83 % das que o desempeñan, e realizado principalmente por persoas migrantes.

Só o 9 % teñen cobertura legal ao mesmo nivel que o resto de traballadoras e traballadores, o resto carecen de salarios ou tempos de descanso regrados, e con condicións salariais e laborais das peores no noso país: sen dereito ao subsidio de paro, sen posibilidade de xubilación anticipada ou axudas e prestacións para persoas desempregadas maiores de 55 anos, e sufrindo todo tipo de abusos, así como a ampliación de labores que non lles corresponden e polas que a cambio reciben salarios mínimos, coma o coidado das persoas maiores, sendo nalgúns casos, traballos especializados segundo os altos graos de incapacidade das persoas ao seu cargo.

O convenio 189 da Organización Internacional do Traballo (OIT), sobre a equiparación do traballo doméstico, que foi asinado en 2011 e xa foi ratificado por 23 países, entrou en vigor o pasado 5 de setembro de 2013, estendendo os dereitos laborais fundamentais aos e as traballadoras domésticas de todo o mundo.

O pasado 8 de maio de 2013 na Comisión de Emprego e Seguridade Social do Congreso dos Deputados, aprobouse por unanimidade unha emenda transaccional á Proposición non de lei sobre ratificación do Convenio número 189 da OIT e a Recomendación número 201 sobre o traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos, compromiso a pesares do cal o Goberno de España aínda non levou a ratificación ao Congreso, deixando aos traballadores e traballadoras do fogar en condicións de desigualdade con respecto ao resto de sectores.

Durante este tempo, a indiferenza e o desinterese por parte das institucións xunto coa reforma laboral, favoreceron o retroceso dos dereitos laborais e impediron sistematicamente a súa extensión nun sector totalmente precarizado, sen a protección e a cobertura social que teñen outras actividades económicas, e con taxas moi elevadas de economía mergullada.

Do elevado número de altas na Seguridade Social das empregadas do fogar rexistrado en 2012 coa Lei de regularización do servizo doméstico, entón incorporáronse 7.170 traballadoras, pasouse a un arrefriado das afiliacións.

Así queda en evidencia nos datos oficiais do últimos catro anos, xa que constatan que en Galicia só se incorporaron 273 persoas deste sector á Seguridade Social.

Os datos do IGE de novembro de 2016 sinalan que en Galicia, eran 28.093 os rexistrados cuxa rama de actividade era a de persoal doméstico, datos moi afastados das estimacións que fan dende as organizacións sindicais cuxos estudos indican que este sector pode contar en Galicia con máis de 40.000 traballadoras.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno sobre as condicións laborais dos traballadores e traballadoras do fogar en Galicia?
2. Que actuacións ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia durante a X Lexislatura para mudar as condicións de precariedade laboral das empregadas do fogar?
3. No caso de que durante esta lexislatura o Goberno galego teña previsto a implantación de programas para a creación de emprego estable e de calidade neste sector, cal é o cronograma dos mesmos?
4. Solicitou o Goberno galego ao de España a ratificación do Convenio número 189 da OIT sobre o traballo decente para as traballadoras ou traballadores domésticos, e a Recomendación número 201?

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

5. No caso de non ter realizado dita solicitude, ten previsto trasladala ao  
Goberno de España para mellorar as condicións das empregadas do  
fogar en Galicia?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/01/2017 10:05:43**

**Julio Torrado Quintela na data 05/01/2017 10:05:49**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.19 3027(10/PRE-000582)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co cumprimento en Galicia dos obxectivos da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, a garantía do acceso con carácter universal e equidade e a demanda ao Goberno central da recuperación do investimento perdido, así como o cumprimento do réxime de financiamento establecido nela e as medidas previstas ao respecto

*Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/01/2017 11:58  
Nº Rexistro: 3027  
Data envío: 05/01/2017 11:58:13.391



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

*A Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, acaba de cumprir 10 anos cunha bagaxe certamente pobre, e cunhas complicadas perspectivas de futuro ligadas indefectiblemente ao déficit de financiamento, e tamén ás trabas burocráticas dunha lexislación que naceu para facer fronte á delicada situación de cidadáns e cidadás que non poden valerse por si mesmos e a das súas familias e coidadores.*

Así, aos recortes orzamentarios e normativos do Goberno de España do PP, en Galicia sumóuselle a vontade do Goberno de Feijoo en apuntalar o desmantelamento do sistema. Aos reiterados incumprimentos da lexislación vixente, coa tardanza en realizar as avaliacións, a resolución das mesmas con graos menores para aforrar custes ou sinxelamente avaliacións sen grao, a perda do dereito de seren atendidas as persoas avaliadas co grao I, e o atraso da atención ás persoas en situación de dependencia moderada, súmanse ás reducións das prestacións económicas, o incremento dos copagos para as persoas usuarias, o empeoramento dos servizos de axuda a domicilio, etc.

O último informe que analiza a aplicación da Lei de dependencia por autonomía revela que en Galicia tralas valoracións, nas que establece o grao de dependencia dunha persoa e os servizos aos que ten dereito, hai en torno a 65.000 galegos e galegas que teñen dereito a unha prestación, cando as solicitudes ascenden a máis de 80.000. Unha cuarta parte dos que teñen dereito a unha prestación, 18.000 persoas, a pesares de ter un grao de dependencia recoñecida e unha prestación asignada, aínda están á espera de recibila. Galicia está segundo os últimos datos do Ministerio de Sanidade e Servizos Sociais, entre as oito comunidades con maior porcentaxe de dependentes á espera dunha axuda.

Nos derradeiros anos incrementáronse os preitos contra a Xunta de Galicia debido ás denegacións ou retrasos na percepción desta prestación asistencial, abocando en moitos casos aos familiares dos dependentes a pagar do seu peto as atencións aos seus que están na casa sen poder valerse por se mesmos, e que carecen de medios económicos para contratar coidadores privados.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando se cumpren dez anos da aprobación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e rematado o seu proceso de implantación, que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos seus obxectivos na nosa Comunidade Autónoma?
2. Considera o Goberno galego que o desenvolvemento da Lei de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia se realizou garantindo o acceso con carácter universal e equidade?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia reclamar ao Goberno de España recuperar o investimento perdido nestes anos de continuos retallos?
4. Reclamou o Goberno galego ao de España que cumpra co réxime de financiamento que determina a lei?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia deixar sen efecto as reavaliacións feitas de oficio nos últimos anos que retallan e mesmo eliminan as prestacións a moitas das persoas usuarias?
6. Que medidas ten pensado poñer en marcha o Goberno galego para reducir a lista de espera na que se atopan aquelas persoas que a pesares de ter un grao de dependencia recoñecida, e unha prestación asignada, aínda están á espera de recibir a prestación?

Pazo do Parlamento, 5 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/01/2017 11:58**  
**Nº Rexistro: 3027**  
Data envío: 05/01/2017 11:58:13.391



 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/01/2017 11:53:56**

**Julio Torrado Quintela na data 05/01/2017 11:54:02**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.20 3033(10/PRE-000583)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presentan en Galicia os datos do indicador AROPE referidos ao risco de pobreza ou de exclusión social, a suficiencia da renda de inserción social para cubrir as necesidades existentes e as medidas que vai adoptar ao respecto, así como a data prevista para a publicación do decreto ou decretos de desenvolvemento regulamentario da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia

*Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/01/2017 11:59  
Nº Rexistro: 3033  
Data envío: 05/01/2017 11:59:57.828



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O indicador AROPE desenvolvido na Estratexia 2020 da Unión Europea para medir o risco de pobreza ou de exclusión social arroxa datos que seguen sendo alarmantes: en termos absolutos hai en Galicia máis de 530.000 persoas en risco de pobreza, unha porcentaxe que aumentou en catro puntos o pasado ano, sendo a nosa unha das catro comunidades autónomas onde maior foi este incremento.

Segundo os datos do terceiro trimestre do 2016, Galicia ten unha taxa de protección por desemprego do 26,5 %, 12,1 puntos menos que en 2011, soamente unha de cada catro persoas paradas percibe prestacións, trece de cada catro mozos, e tres de cada catro mulleres están desprotexidas. No último ano o número de fogares sen ningún ingreso, salarios, nin pensións, nin subsidios, aumentou en 5.000 e afecta xa a 35.000 fogares en Galicia, un incremento do 17,7 % mentres en España diminúen un 7,7 % con respecto ao ano 2015. Hai 75.000 fogares (225.000 persoas) con todos os seus membros en paro.

Todo isto unido aos baixos salarios, Galicia atópase entre as catro comunidades autónomas con menor salario medio de España, conleva a que a un 4,2 % da poboación estea en situación de privación material severa (case un 14 % de galegos e galegas que non poden manter a vivenda cunha temperatura axeitada, un 1,2 % que non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe cada dous días cando menos, un 27,4 % non teñen capacidade para afrontar gastos imprevistos....)

Cifras que non fan máis que reflectir a realidade que se vive cada día nos bancos de alimentos, nos albergues, nos servizos sociais dos concellos que se vén desbordados polas axudas de emerxencia e solicitudes da Risga que reciben, en moitos casos de persoas que perderon os seus postos de traballo, en outros de traballadores e traballadoras cuxos salarios non

chegan nin para cubrir as necesidades básicas, desa nova clase social de traballadores e traballadoras pobres.

Esta situación é a proba de que as medidas de apoio efectivo ás familias e persoas postas en marchas polo Goberno do Sr. Feijoo para previr a marxinación e favorecer a inclusión social son insuficientes, e nalgúns casos practicamente inexistentes; falla de políticas efectivas de acceso a vivendas sociais para familias con rendas baixas ou carentes delas; longa tramitación burocrática que provoca un atraso na percepción da Risga, con requisitos de acceso que non contemplan todas as situacións de nova pobreza que se están producindo, e que satura ao persoal dos concellos; proxectos individualizados de inserción que non funcionan como tal na maioría dos casos, polo que se van cronificando moitas situacións de pobreza.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da evolución dos datos na nosa comunidade do indicador AROPE, que mide o risco de pobreza ou de exclusión social?
2. Tendo en conta os últimos datos coñecidos de número de fogares sen ingresos, considera a Xunta de Galicia que a Renda de Inclusión Social é suficiente para cubrir as necesidades de toda a poboación obxectivo?
3. Ten previsto o Goberno galego durante a X Lexislatura modificar a Risga para establecer liñas de axuda con enfoques sociolaborais distintos?
4. Tendo en conta a longa tramitación burocrática que provoca un atraso na percepción da Risga, contempla a Xunta de Galicia a posibilidade de establecer prazos e medidas de choque urxentes para casos de emerxencia?
5. Valora a Xunta de Galicia a posibilidade de vincular a percepción de subsidios, rendas, axudas,...á situación laboral, incluída a nova pobreza das persoas que traballan?

 Grupo Parlamentario

6. Cando ten previsto o Goberno galego publicar o decreto ou decretos de desenvolvemento regulamentario da *Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia*?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 5 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/01/2017 11:54:14**

**Julio Torrado Quintela na data 05/01/2017 11:54:19**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.21 3240(10/PRE-000596)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da evolución dos datos do paro e das afiliacións á Seguridade Social en Galicia no ano 2016, as razóns da fenda existente en relación co resto do Estado e a súa comparativa cos do ano 2009

*Publicación da iniciativa, 56, 31.01.2017*





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 13/01/2017 09:30  
**Nº Rexistro: 3240**  
Data envío: 12/01/2017 14:30:27.875



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Unha vez publicados os datos do paro de decembro de 2016, e facendo unha valoración anual deles, coñecemos que en toda España as afiliacións á Seguridade Social subiron en 2016 en 540.655, un 3,12 %; mentres que o paro rexistrado baixou en 390.534 persoas, un 9,54 %, o que significa que o incremento das afiliacións é un 38 % superior á baixada do paro rexistrado, con 150.000 afiliacións máis que baixas no paro rexistrado. Datos que contrastan claramente coa tendencia en Galicia, onde as afiliacións subiron en 2016 en 17.613, un 1,86 %, mentres que o paro rexistrado baixou en 22.894 persoas, un 10,1 %. Isto significa que o incremento das afiliacións é un 23 % inferior á baixada do paro rexistrado, con 5.300 afiliacións menos que baixas no paro.

Os datos de decembro son un novo exemplo claro da fenda entre Galicia e o resto de España, imos varias velocidades por debaixo do resto. Así, no último mes de 2016, Galicia foi a comunidade autónoma na que máis subiu o paro de toda España, e unha das únicas tres nas que subiu, ademais de rexistrar o segundo maior descenso mensual de afiliacións á Seguridade Social.

Á vista destes datos é evidente que a recuperación do emprego, tanto en Galicia como no resto do Estado, é só en termos cuantitativos, estacional e precaria. As medidas do Goberno, centradas nunha reforma laboral lesiva e inxusta para toda a cidadanía, lonxe de corrixir a dualidade do mercado laboral, están estendendo a precariedade e a desigualdade.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que só se conseguirá encarar a recuperación de xeito sostible e diminuír os niveis de desigualdade e pobreza, facendo unha aposta clara por factores que permitan á economía medrar a medio e longo prazo e que mellore as rendas dos traballadores e traballadoras.

 Grupo Parlamentario

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da evolución dos datos do paro en Galicia?

2ª) A que considera o Goberno galego que se debe a fenda existente entre Galicia e o resto do país en termos de afiliacións a Seguridade Social e paro rexistrado?

3ª) Que valoración fai o Goberno galego da evolución dos datos de creación de emprego nos sectores da industria e da agricultura?

4ª) Se facemos unha comparativa entre os datos referidos ao ano 2009, cre a Xunta de Galicia que mellorou a situación do desemprego en Galicia, e que se reduciu a precariedade laboral?

5ª) Que medidas ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia para favorecer a creación de emprego estable e de calidade entre a mocidade galega?

6ª) Como ten previsto o Goberno galego reducir a maior dificultade coa que se atopan as mulleres fronte aos homes para atopar emprego?

7ª) Ante o elevado número de fogares nos que todos os activos están no paro ou non teñen ningún perceptor de ingresos, que medidas vai poñer en marcha a Xunta de Galicia para mitigar na medida do posible a dramática situación á que se enfrontan estas familias?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 12/01/2017 14:29:19**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/01/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 3240**  
Data envío: 12/01/2017 14:30:27.875



**Grupo Parlamentario**

**Julio Torrado Quintela na data 12/01/2017 14:29:26**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.22 3420(10/PRE-000608)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis

Sobre os datos referidos á tramitación de solicitudes para a concesión da renda de inserción social de Galicia na provincia da Coruña nos anos 2014, 2015 e 2016

*Publicación da iniciativa, 56, 31.01.2017*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/01/2017 13:49**  
**Nº Rexistro: 3420**  
Data envío: 16/01/2017 13:49:19.015



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Dolores Toja Suárez, Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A renda de inclusión social de Galicia (Risga), é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª) Cantas persoas solicitaron a renda de inclusión social de Galicia na provincia da Coruña durante os anos 2014, 2015 e 2016?

2ª) Cal foi o número de beneficiarios da Risga rexistrados na provincia da Coruña durante os anos 2014, 2015 e 2016?

3ª) A que concellos pertencen (con indicación do número de persoas por concello)?

4ª) Cantas delas se incluíron en programas de reinserción laboral por concello?

5ª) Cantas destas persoas deixaron de recibir prestacións sociais e se integraron laboralmente?

Pazo do Parlamento 11 de xaneiro de 2017



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/01/2017 13:49  
**Nº Rexistro: 3420**  
Data envío: 16/01/2017 13:49:19.015



 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2017 13:44:04**

**Julio Torrado Quintela na data 16/01/2017 13:44:12**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/01/2017 13:44:25**

**María Dolores Toja Suárez na data 16/01/2017 13:44:37**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2017 13:44:48**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/01/2017 13:44:54**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.23 3422(10/PRE-000609)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre os datos referidos á tramitación de solicitudes para a concesión da renda de inserción social de Galicia na provincia de Lugo nos anos 2014, 2015 e 2016

*Publicación da iniciativa, 56, 31.01.2017*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/01/2017 13:49**  
**Nº Rexistro: 3422**  
Data envío: 16/01/2017 13:49:36.765



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Luía Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e José Antonio Quiroga Díaz, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A renda de inclusión social de Galicia (Risga), é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª) Cantas persoas solicitaron a renda de inclusión social de Galicia na provincia de Lugo durante os anos 2014, 2015 e 2016?

2ª) Cal foi o número de beneficiarios da Risga rexistrados na provincia de Lugo durante os anos 2014, 2015 e 2016?

3ª) A que concellos pertencen (con indicación do número de persoas por concello)?

4ª) Cantas delas se incluíron en programas de reinserción laboral por concello?

5ª) Cantas destas persoas deixaron de recibir prestacións sociais e se integraron laboralmente?

Pazo do Parlamento 11 de xaneiro de 2017





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/01/2017 13:49**  
**Nº Rexistro: 3422**  
Data envío: 16/01/2017 13:49:36.765



 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2017 13:42:49**

**Julio Torrado Quintela na data 16/01/2017 13:42:57**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 16/01/2017 13:43:04**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 16/01/2017 13:43:13**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 16/01/2017 13:43:26**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.24 3425(10/PRE-000611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre os datos referidos á tramitación de solicitudes para a concesión da renda de inserción social de Galicia na provincia de Pontevedra nos anos 2014, 2015 e 2016

*Publicación da iniciativa, 56, 31.01.2017*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/01/2017 13:50**  
**Nº Rexistro: 3425**  
Data envío: 16/01/2017 13:50:21.687



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Abel Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo, e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A renda de inclusión social de Galicia (Risga), é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª) Cantas persoas solicitaron a renda de inclusión social de Galicia na provincia de Pontevedra durante os anos 2014, 2015 e 2016?

2ª) Cal foi o número de beneficiarios da Risga rexistrados na provincia de Pontevedra durante os anos 2014, 2015 e 2016?

3ª) A que concellos pertencen (con indicación do número de persoas por concello)?

4ª) Cantas delas se incluíron en programas de reinserción laboral por concello?

5ª) Cantas destas persoas deixaron de recibir prestacións sociais e se integraron laboralmente?



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/01/2017 13:50**  
**Nº Rexistro: 3425**  
Data envío: 16/01/2017 13:50:21.687



 **Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento 11 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2017 13:46:06**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela na data 16/01/2017 13:46:24**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/01/2017 13:46:32**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2017 13:46:39**

**María Luisa Pierres López na data 16/01/2017 13:46:47**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.25 3625(10/PRE-000665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos ás prazas de acollemento de menores existentes en centros públicos en Galicia, as concertadas durante o ano 2016 e os acollementos en familias rexistrados nese ano, así como as previsións da Xunta de Galicia respecto da eliminación do acollemento residencial de menores de seis anos no actual sistema de protección á infancia e á adolescencia

*Publicación da iniciativa, 56, 31.01.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2017 18:20  
Nº Rexistro: 3625  
Data envío: 17/01/2017 18:20:42.333



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os cambios actuais nos novos perfís dos nenos e nenas do sistema de protección fan necesario seguir avanzando na consolidación das medidas de alternativa familiar para os menores do sistema de protección, así como no apoio ás familias como recurso activo do sistema de protección.

Para iso é necesaria a atención integral das necesidades físicas, afectivas e emocionais dos nenos e nenas do sistema de protección galego, e poñer á súa disposición todos os recursos públicos que favorezan o seu desenvolvemento e autonomía, así como apoiar a todas aquelas familias galegas que, grazas á súa sensibilidade coa infancia, responsabilízanse do coidado destes menores ofrecéndolles o seu fogar.

Toda a lexislación tanto a nivel estatal como a autonómica establece a primacía das medidas de alternativa familiar para todas aquelas persoas menores que se atopan en situación de desprotección.

A nivel estatal, a actual *Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia*, establece que nas actuacións de protección dos menores deben primar as medidas familiares fronte ás residenciais, as estables fronte ás temporais, e as consensuadas fronte ás impostas.

Igualmente establece no artigo 21.3 que “co fin de favorecer que a vida do menor se desenvolva nunha contorna familiar, prevalecerá a medida de acollemento familiar sobre a de acollemento residencial para calquera menor, especialmente para menores de seis anos. Non se acordará o acollemento residencial para menores de tres anos salvo en supostos de imposibilidade, debidamente acreditada, de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando esta medida non conveña ao interese superior do menor. Esta limitación para acordar o acollemento residencial aplicarase tamén aos menores de seis anos no prazo máis breve

posible. En todo caso, e con carácter xeral, o acollemento residencial destes menores non terá unha duración superior a tres meses”.

Así mesmo, o *Código Civil*, no artigo 173 bis, tras a modificación realizada pola mencionada lei, redefine as modalidades de acollemento familiar en función da súa duración e obxectivos.

Na nosa Comunidade Autónoma, con arranxo ao disposto nos artigos 15.1 e 16.2 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, e en aplicación dos principios reitores da actuación dos poderes públicos no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e a adolescencia, para a adopción da medida de acollemento especifícase que se dará prioridade á utilización do acollemento familiar sobre o residencial.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Durante o ano 2016, que número de prazas concertou o Goberno galego con centros de menores en Galicia?
2. A data 31 de decembro de 2016, que número de prazas (por rangos de idade) das concertadas cos centros de menores estaban ocupadas?
3. Cal é o número de prazas (por rangos de idade) coas que conta a nosa Comunidade Autónoma para menores en centros públicos?
4. Cal foi o número total de acollementos (por rangos de idade) en familias rexistrados durante o ano 2016 en Galicia?
5. Dos acollementos que se produciron durante o ano 2016, cantos se produciron en familias extensas?
6. Ten previsto a Xunta de Galicia eliminar a presenza de menores de seis anos en centros durante a X Lexislatura?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2017 18:20**  
**Nº Rexistro: 3625**  
Data envío: 17/01/2017 18:20:42.333



 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez na data 17/01/2017 18:18:23**

**Julio Torrado Quintela na data 17/01/2017 18:18:29**



**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.26 3760(10/PRE-000672)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a actuación polo Goberno galego en relación coa oferta pública de prazas na Rede de escolas infantís

*Publicación da iniciativa, 56, 31.01.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/01/2017 12:44  
Nº Rexistro: 3760  
Data envío: 19/01/2017 12:44:52.589



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Segundo datos da Consellería de Política Social, en 2015 Galicia contaba cun total de 498 escolas infantís (nos que se inclúen os centros de iniciativa pública, social, e privada con ánimo de lucro), que ofertaban 28.605 prazas.

Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 81.235 persoas, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 35,2. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 226 centros existentes ofrecen unha rateo de 38,4 prazas. Séguelle Pontevedra, con case 34,8 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e a continuación sitúanse Ourense e Lugo, con 30,6 e 28 prazas, respectivamente.

En novembro de 2016 a Xunta de Galicia anunciaba o incremento da oferta pública na Rede Galiña Azul, comprometéndose á creación durante a X Lexislatura de 1.000 novas prazas. Dende o Grupo Socialista temémonos que este anuncio do Goberno galego non sexa máis que a continuación das políticas do señor Feijoo, que dende a súa chegada á Presidencia da Xunta de Galicia camiñan pola senda da privatización de servizos públicos.

Presume de novas prazas en garderías namentres pecha e desmantela as escolas infantís públicas, infradotadas de persoal, amortizando prazas, diminuindo o persoal, e deteriorando a calidade dos servizos que se prestan nas mesmas.

Ademais incrementou os prezos das escolas infantís públicas de xeito escandaloso, dificultando o acceso ás prazas das mesmas para as persoas con poucos recursos ata o punto de que nalgúns concellos de Galicia xa resulta “máis económico” levar a nenos e nenas a escolas privadas que a centros públicos.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Segundo os datos da Xunta de Galicia, cal é na actualidade en Galicia a rateo praza en escola infantil por cada 100 nenos/nenas de idades comprendidas entre 0-3 anos?
2. Do número de prazas en escolas infantís que se incrementaron durante o curso 2016-2017, cantas corresponden a centros de iniciativa pública?
3. Do número de prazas en escolas infantís que se incrementaron durante o curso 2016-2017, cantas corresponden a centros de iniciativa privada con ánimo de lucro?
4. Segundo as previsións da Xunta de Galicia, cal vai ser o incremento do número de prazas en escolas infantís para o vindeiro curso 2017-2018?
5. Do número de prazas en escolas infantís que se incrementen no vindeiro curso, cántas van a corresponder a centros de iniciativa pública?
6. Cantos centros e número de prazas en escolas infantís de iniciativa privada con ánimo de lucro vai financiar o Goberno galego no curso 2017-2018?
7. Ten previsto a Xunta de Galicia modificar os prezos que as familias teñen que pagar polas prazas nas escolas infantís para reducir as actuais contías?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/01/2017 12:44**  
**Nº Rexistro: 3760**  
Data envío: 19/01/2017 12:44:52.589



---

 **Grupo Parlamentario**

**Noela Blanco Rodríguez na data 19/01/2017 12:42:46**

**Julio Torrado Quintela na data 19/01/2017 12:42:52**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.27 4069(10/PRE-000700)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a prevención do abuso sexual infantil en Galicia

*Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/01/2017 10:40  
Nº Rexistro: 4069  
Data envío: 25/01/2017 10:40:10.305



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O abuso sexual infantil é unha das formas máis graves de violencia contra a infancia e ten como consecuencia efectos devastadores na vida dos nenos e as nenas que o sofren.

Implica a transgresión dos límites íntimos e persoais do menor, e supón a imposición de comportamentos de contido sexual por parte dunha persoa (un adulto ou outro menor de idade) realizado nun contexto de desigualdade ou asimetría de poder, habitualmente a través do engano, a forza, a mentira ou a manipulación.

Pode incluír contacto sexual, aínda que tamén actividades sen contacto directo como o exhibicionismo, a exposición de nenos ou nenas a material pornográfico, o grooming ou a utilización ou manipulación de nenos ou nenas para a produción de material visual de contido sexual.

Desgraciadamente, e a pesar dos avances na concienciación deste problema, seguen sendo moitos máis os casos de malos tratos infantís ocultos que aqueles que se detectan.

Esta forma de violencia, é desgraciadamente unha realidade máis cotiá do que nos gustaría recoñecer, ao mesmo tempo que se trata dunha realidade oculta polo seu carácter delictivo inherente (o agresor tentará por todos os medios que os seus actos non se revelen), pero tamén polo silencio ao que as vítimas vense condenadas debido as estratexias de manipulación exercidas polo abusador, e pola situación de indefensión na que os nenos, nenas, e adolescentes, se atopan debido limitacións propias da súa idade.

Calquera forma de violencia sexual contra os nenos e as nenas é un problema social que ten consecuencias na súa vida, na súa contorna e en todos e cada un dos contextos nos que se desenvolve a vítima. Por iso é polo que os ámbitos para a intervención na protección dos nenos e as nenas

contra este tipo de violencia deben incluír, dende a familia e a súa contorna social, aos ámbitos educativo, sanitario, policial e xudicial así como o lexislativo e de políticas públicas.

Dende o Grupo Socialista estamos convencidos da necesidade da urxencia de levar a cabo un esforzo común para detectar e notificar toda situación de malos tratos á infancia, como única maneira de evitar que esta se cronifique e que as secuelas dos malos tratos pasen a ser permanentes.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Segundo os datos dos que dispón o Goberno galego, cal foi o número de casos de abusos sexuais a menores denunciados na nosa Comunidade Autónoma durante o ano 2016?
2. Segundo estes datos, cal foi a evolución durante estes derradeiros anos a respecto do número de denuncias de casos de abusos sexuais a menores?
3. Que medidas ten en marcha a Xunta de Galicia para previr os abusos sexuais a menores na nosa comunidade?
4. Que campañas ou programas ten pensado poñer en marcha o Goberno galego durante a X Lexislatura para previr o abuso sexual infantil?
5. Considera necesaria a Xunta de Galicia a creación dun servizo público na nosa Comunidade Autónoma no que traballar dende a prevención do abuso sexual infantil?
6. Que actuacións se están levando a cabo por parte do Goberno galego para dar atención aos adultos que sufriron abusos sexuais cando eran menores de idade, e aos nenos e nenas que o sofren na actualidade?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2017 10:40**  
**Nº Rexistro: 4069**  
Data envío: 25/01/2017 10:40:10.305



 **Grupo Parlamentario**

**Noela Blanco Rodríguez na data 25/01/2017 10:20:33**

**Julio Torrado Quintela na data 25/01/2017 10:20:39**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.28 4074(10/PRE-000701)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a repercusión en Galicia da suspensión por parte do  
Goberno de España da concesión de subvencións a pequenas e  
medianas empresas para implantar medidas destinadas á  
igualdade salarial entre homes e mulleres

*Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/01/2017 12:56  
Nº Rexistro: 4074  
Data envío: 25/01/2017 12:56:02.868



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Segundo datos de Eurostat, as mulleres cobran a día de hoxe o que os homes gañaban hai unha década, o que converte a España no sexto país europeo con maior fenda salarial de xénero, só por baixo de Eslovaquia, Alemaña, República Checa, Austria e Estonia. No caso de Galicia a desigualdade no ámbito laboral tamén é dramática, porque a precariedade e a desigualdade teñen nome de muller, presas do traballo a tempo parcial, e en ramas de actividade peor remuneradas que as dos homes, as mulleres cobran en Galicia un 23,4% menos que os homes, necesitarían polo tanto que o ano tivese 460 días para percibir o mesmo salario.

O artigo 49 da Lei de igualdade aprobada en 2007 contempla que o Goberno "establecerá medidas de fomento, especialmente dirixidas ás pequenas e as medianas empresas, que incluírán o apoio técnico necesario" para "impulsar a adopción voluntaria de plans de igualdade".

As empresas deberán impulsar accións en temáticas como acceso ao emprego das mulleres, igualdade nas condicións de traballo, promoción profesional e formación, ordenación do tempo de traballo, prevención e actuación fronte ao acoso sexual e por razón de sexo ou o uso non discriminatorio da linguaxe, a comunicación e a publicidade.

Recentemente coñecemos que o Instituto da Muller, dependente do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, suspendeu o procedemento de concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas para implantar medidas destinadas á igualdade salarial entre homes e mulleres como consecuencia dos recortes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Estas axudas viñan concedéndose dende o ano 2008, e nunca ata o de agora se cancelaran. As subvencións estaban destinadas a empresas de entre 50 e 250 persoas traballadoras e outorgaban un máximo de 10.000 euros "para levar a cabo accións co

obxectivo específico de erradicar ou contribuír a erradicar a fenda salarial de xénero nelas", segundo establece a convocatoria. Tamén sociedades cooperativas, comunidades de bens, fundacións e asociacións podían acceder a estas subvencións, que deberán poñer en marcha polo menos tres medidas dirixidas a erradicar a fenda e garantir "o compromiso da dirección da empresa ou entidade e a participación ou implicación da representación legal das persoas traballadoras". Este ano perderanse case un millón de euros que serviría para poñer en marcha en máis dun centenar de pemes medidas que acaben coa discriminación da muller no mundo a laboral.

Esta liña de financiamento únese así á destinada ás universidades para posgraos e actividades relacionadas coa igualdade de xénero. O organismo pon fin aos tres procedementos en resolucións que xustifican a suspensión segundo argumenta o Ministerio "pola imposibilidade material de continualo por causas sobrevindas".

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal foi o importe total das subvencións a pequenas e medianas empresas, sociedades cooperativas, comunidades de bens, fundacións e asociacións, para implantar medidas destinadas á igualdade salarial entre homes e mulleres, concedidas pola Xunta de Galicia durante o ano 2016?
2. Segundo datos do Goberno galego, cal foi o importe total das subvencións a pequenas e medianas empresas, sociedades cooperativas, comunidades de bens, fundacións e asociacións, para implantar medidas destinadas á igualdade salarial entre homes e mulleres, concedidas polo goberno de España na nosa Comunidade Autónoma durante o ano 2016?
3. Que valoración fai o Goberno galego da suspensión por parte do Goberno de España da concesión de subvencións a pequenas e medianas empresas para implantar medidas destinadas á igualdade salarial entre homes e mulleres?
4. Que previsión ten o Goberno galego do impacto desta medida na nosa Comunidade Autónoma?

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

5. Ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha algún tipo medida para reducir o impacto da supresión destas subvencións por parte do Goberno de España na nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 25/01/2017 12:54:54**

**María Luisa Pierres López na data 25/01/2017 12:55:01**

**Julio Torrado Quintela na data 25/01/2017 12:55:05**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.29 4336(10/PRE-000725)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da intervención sociosanitaria recibida polo presunto homicida da muller falecida de xeito violento no Carballiño o 29 de xaneiro de 2017, os protocolos de prevención postos en marcha para protexela e os mecanismos sanitarios que ten en funcionamento para atender as familias de persoas afectadas por enfermidades mentais

*Publicación da iniciativa, 64, 10.02.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/01/2017 18:27  
Nº Rexistro: 4336  
Data envío: 31/01/2017 18:27:19.028



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Juan Manuel Díaz Villoslada**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A violencia contra as mulleres é un problema social, de graves consecuencias para o conxunto da sociedade con efectos perversos para as mulleres afectadas, que vén gravemente prexudicada a súa saúde integral e o seu desenvolvemento persoal, profesional, económico e laboral.

Abordar o fenómeno da violencia machista sitúanos ante unha problemática de carácter estrutural, de gran complexidade, para cuxa resolución fai necesario un novo escenario político e social que promova os valores igualitarios e democráticos, as liberdades e os dereitos fundamentais e a garantía efectiva da igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.

Dende o Grupo Socialista reiteramos, dende a súa aprobación, a nosa valoración positiva da Lei orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, un instrumento legal decisivo para combater a violencia contra as mulleres, que supuxo a creación e reforzo de institucións específicas, o recoñecemento de dereitos xurídicos, sociais, económicos, laborais, etc. e o desenvolvemento de actuacións integrais nos distintos ámbitos para abordar con eficacia a resolución deste grave problema.

A Lei 1/2004 supuxo un avance importante no recoñecemento de dereitos laborais e de seguridade social para as traballadoras vítimas de violencia de xénero, así como o Real decreto 1917/2008 do 21 de novembro polo que se aprobou o Programa de inserción socio-laboral das vítimas de violencia de xénero. Avances normativos que, con todo, non contaron durante estes derradeiros anos coa vontade política nin cos recursos necesarios para o seu desenvolvemento e aplicación efectiva.

Os socialistas denunciámos déficits na aplicación e avaliación desta normativa, favorecidas polas políticas de austeridade e o forte recorte en recursos e dotacións orzamentarias, e pola parálise da actividade dos organismos específicos: o Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller, o Instituto da Muller e de Igualdade de Oportunidades e o Consello Estatal de Participación da Muller.

Na última lexislatura produciuse un retroceso importante das políticas de igualdade, cun goberno que non atendeu as recomendacións do Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller de Nacións Unidas (CEDAW) realizadas en 2015, que sinalaban a necesidade de aumentar os recursos para un enfoque forte en dereitos das mulleres en maior risco e vulnerabilidade, xustamente en tempos de crise.

Tampouco existe vontade política nin previsións económicas para atender as obrigacións do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Istambul 2011), vixente desde 2014, e que sinalan que a loita e os recursos contra a violencia deben incluír todas as agresións sexuais, o acoso sexual no ámbito laboral, trátaa con fins de explotación sexual/laboral de mulleres e nenas, e todas as violencias machistas.

Combater a violencia contra as mulleres debe considerarse unha cuestión de Estado, que debe implicar ao conxunto da sociedade.

No que levamos de ano, oito mulleres foron asasinadas vítimas da violencia machista.

Esta muller, asasinada presuntamente pola súa parella, percibira cambios de conduta que a alertaron. O pasado 18 de xaneiro o presunto homicida, que padece unha demencia da que xa fora diagnosticado inicialmente, permaneceu varias horas subido ao tellado da vivenda, ata que foi atendido nas urxencias, recibindo a alta hospitalaria ás poucas horas.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñece a Xunta de Galicia si existían ou nondenuncias previas de violencia machista por parte desta muller?
2. Que valoración fai o Goberno galego da intervención sociosanitaria recibida polo presunto homicida?
3. Segundo a Xunta de Galicia, puxéronse en marcha de maneira correcta todos os protocolos de prevención para protexer a esta muller de posibles agresións?
4. Que mecanismos sanitarios ten en marcha a Xunta de Galicia para a atención ás familias de afectados por enfermidades mentais?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López  
Patricia Vilán Lorenzo  
Julio Torrado Quintela  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 31/01/2017 18:20:16**

**Raúl Fernández Fernández na data 31/01/2017 18:20:46**

**María Luisa Pierres López na data 31/01/2017 18:20:52**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 31/01/2017 18:20:59**

**Julio Torrado Quintela na data 31/01/2017 18:21:03**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 31/01/2017 18:27**  
**Nº Rexistro: 4336**  
Data envío: 31/01/2017 18:27:19.028



---

 **Grupo Parlamentario**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/01/2017 18:21:10**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.30 4354(10/PRE-000726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de persoas en situación de dependencia que perciben na actualidade en Galicia a prestación de asistencia persoal, a opinión da Xunta de Galicia ao respecto e as medidas que vai desenvolver para facer tanxible o seu dereito á vida independente, así como o cronograma e o orzamento que vai destinar para a súa posta en marcha

*Publicación da iniciativa, 64, 10.02.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2017 11:23  
Nº Rexistro: 4354  
Data envío: 01/02/2017 11:23:54.974



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O dereito a unha vida independente é unha cuestión de dereitos humanos e así o recoñeceu a Organización das Nacións Unidas na Convención de Dereitos das Persoas con Discapacidade (2006) que España ratificou en marzo de 2007 e que entrou en vigor no noso país en maio de 2008.

A asistencia e asistentes persoais recóllense no panorama social español por mor da súa incorporación na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

A Lei de dependencia recolle no seu artigo 19: "A prestación económica de asistencia persoal ten como finalidade a promoción da autonomía das persoas con gran dependencia".

O seu obxectivo é contribuír á contratación dunha asistencia persoal, durante un número de horas, que facilite á persoa beneficiaria o acceso á educación e ao traballo, así como unha vida máis autónoma no exercicio das actividades básicas.

É preciso desenvolver ferramentas sociais que permitan ás persoas tomar o control das súas vidas e vivir onde viven todos os demais, é dicir, en comunidade cunha vida independente.

A existencia do asistente persoal, dirixida precisamente a desenvolver a autonomía, baséase no desexo e o dereito das persoas con diversidade funcional de controlar a súa propia vida e a vivila con dignidade, o que leva estar en igualdade de oportunidades co resto da cidadanía. Trátase dun recurso complementario adecuado para alcanzar a máxima independencia posible, desenvolvemento persoal e participación social a partir da súa capacidade para xestionar a súa propia vida.

 Grupo Parlamentario

Segundo datos do Observatorio de Dependencia, a data 31 de decembro de 2015, ningún galego ou galega en situación de dependencia gozaba da prestación de asistente persoal.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Segundo datos do Goberno galego, cantas persoas gozan en Galicia na actualidade da prestación de asistente persoal?
2. Considera a Xunta de Galicia que o número de persoas que perciben na actualidade este tipo de prestación de dependencia son suficientes?
3. Que medidas ten previsto desenvolver o Goberno galego para facer tanxible o dereito á vida independente das persoas en situación de dependencia?
4. Cal é o cronograma e o orzamento que a Xunta de Galicia vai dedicar a posta en marcha destas medidas?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 01/02/2017 11:19:19**

**Julio Torrado Quintela na data 01/02/2017 11:19:26**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.31 4359(10/PRE-000727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da xestión da Casa da Xuventude de Ourense, actualmente denominada Espazo Xove, os criterios seguidos para a autorización de actividades e a súa programación para o ano 2017, así como as razóns do asentamento dun punto de encontro familiar nas súas instalacións e as previsións referidas ao seu traslado a outro lugar

*Publicación da iniciativa, 64, 10.02.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2017 11:25  
Nº Rexistro: 4359  
Data envío: 01/02/2017 11:25:10.818



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Casa da Xuventude de Ourense foi durante moitos anos o gran espazo dinamizador da cultura da cidade, de xeito especial entre a mocidade. Fundada en 1970, a segunda máis antiga de España, foi sobre todo a partir de 1978 coa chegada á dirección de Benito Losada cando viviu os seus mellores tempos, cunha grande actividade e, ademais, un funcionamento baseado na liberdade, na democracia e na participación da mocidade. Nas súas salas desenvolvéronse iniciativas de traxectoria consolidada e con repercusión en toda Galicia, coma as Xornadas de Banda Deseñada, o Outono Fotográfico, o Maio Xove, ou a Bienal de Caricatura.

No ano 2011, tralo pasamento do seu director, a Xunta de Galicia designou como directora a Mercedes Valeiras, que accedeu a este posto a través dun concurso público aberto enchido de irregularidades. Un recurso xudicial desautorizou este nomeamento, e apartou da dirección a Valeiras, que foi nomeada “coordinadora de actividades”, posto que exerce dende entón. Neste tempo a actividade da Casa, que mesmo mudou o seu nome polo de *Espazo Xove*, permanece practicamente bloqueada, cunha excesiva burocratización, a redución dos seus espazos e servizos, e un gran control político das súas actividades.

O último golpe da Xunta de Galicia é a nova situación do Punto de Encontro Familiar (PEF) dentro da Casa da Xuventude. Esta relocalización fainos pensar que existe un obxectivo claro: dismantelar este espazo emblemático da cidade de Ourense, deixándoo pouco a pouco baleiro de contido para convertelo nun edificio administrativo máis da Xunta de Galicia.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia de como se está a xestionar a Casa da Xuventude de Ourense?
2. Baixo criterios de que tipo se conceden as autorizacións conforme ás solicitudes levadas a cabo para a realización de actividades na Casa da Xuventude de Ourense?
3. Que actividades ten programadas a Casa da Xuventude de Ourense para este ano 2017?
4. Por que motivo se decidiu situar o Punto de Encontro Familiar (PEF) dentro das instalacións da Casa da Xuventude de Ourense?
5. Considera o Goberno galego que este é o mellor emprazamento posible para este Punto de Encontro Familiar?
6. Ten previsto a Xunta de Galicia cambiar durante este ano a situación do Punto de Encontro Familiar que se atopa na actualidade na Casa da Xuventude?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 01/02/2017 11:22:05**

**Raúl Fernández Fernández na data 01/02/2017 11:22:10**

**Julio Torrado Quintela na data 01/02/2017 11:22:16**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.32 4995(10/PRE-000775)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos ás prazas para a atención de persoas maiores en centros residenciais xestionados polo Goberno galego ou concertados existentes en Galicia, os centros residenciais xa rematados que permanecen pechados na actualidade e as previsións do Goberno galego en relación coa súa apertura e xestión, así como a demanda actual de prazas

*Publicación da iniciativa, 71, 22.02.2017*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/02/2017 16:30  
Nº Rexistro: 4995  
Data envío: 13/02/2017 14:30:22.298



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 15,8 % do 2015, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Grupo Parlamentario Socialista quere coñecer con exactitude os datos que posúe a administración sobre a oferta, a demanda, e a xestión das prazas residenciais existentes en Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantas prazas públicas xestionadas directamente pola Xunta de Galicia existen na nosa comunidade para a atención residencial para persoas maiores?
2. Cal é o número de prazas en residencias de maiores que ten concertadas o Goberno galego?
3. Cales son as entidades e empresas coas que a Xunta de Galicia ten concertadas prazas en residencias de maiores?
4. Existen na actualidade centros residencias de persoas maiores que a pesares de que a súa construción xa rematou, permanecen na actualidade pechados?
5. En caso afirmativo, en que concellos se atopan ditos centros?
6. Como ten previsto a Xunta de Galicia afrontar a apertura e xestión destes centros que a pesares de estar rematados, están fóra de servizo?
7. Segundo a previsión do Goberno galego, cantos dos centros residenciais de persoas maiores que se atopan na actualidade pechados serán de xestión pública e cales privada?
8. Cal é a demanda de prazas en centros residenciais para persoas maiores?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 4995**  
Data envío: 13/02/2017 14:30:22.298



 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2017 14:28:38**

**Julio Torrado Quintela na data 13/02/2017 14:28:43**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.33 4999(10/PRE-000776)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos ás prazas para a atención de persoas maiores en centros residenciais xestionados directamente ou concertados polo Goberno galego existentes en Galicia, os centros de día de construción financiada polos concellos que permanecen pechados na actualidade e as previsións do Goberno galego en relación coa súa apertura e xestión

*Publicación da iniciativa, 71, 22.02.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/02/2017 16:30  
Nº Rexistro: 4999  
Data envío: 13/02/2017 14:31:33.126



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O índice de envellecemento, que mide a evolución deste colectivo en relación a cada 100 menores alerta da sangría demográfica entre a poboación galega. Galicia, cun índice de 188, é a segunda comunidade máis envellecida (só por detrás de Asturias), unha taxa que a coloca 74 puntos por encima da media nacional e que supón un incremento do 141 % respecto da rexistrada hai catro décadas (49 xubilados por cada 100 mozos).

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

Os centros de día son recursos sociais intermedios dirixidos a atender as necesidades específicas das persoas maiores. Os que acoden a este servizo non cambian de domicilio, senón que seguen residindo na súa casa e desprázanse ata estes centros durante o día. Os centros de día cumpren unha importante función de apoio ás familias, xa que durante a estancia das persoas maiores nos centros a familia pode descansar da súa atención e os seus coidados.

O Grupo Parlamentario Socialista quere coñecer con exactitude os datos que posúe o Goberno galego sobre a oferta, a demanda, e a xestión das prazas de centros de día existentes en Galicia.

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantas prazas públicas xestionadas directamente pola Xunta de Galicia en centros de día existen na nosa comunidade?
2. Cal é o número de prazas en centros de día que ten concertadas o Goberno galego?
3. Cales son as entidades e empresas coas que a Xunta de Galicia ten concertadas prazas en centros de día?
4. Existen na actualidade centros de día de construción financiada polos concellos que permanezan na actualidade pechados?
5. En caso afirmativo, en que concellos se atopan ditos centros?
6. Como ten previsto a Xunta de Galicia afrontar a apertura e xestión dos centros de día que a pesares de estar rematados, están fóra de servizo?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2017 14:28:19**

**Julio Torrado Quintela na data 13/02/2017 14:28:24**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.34 5009(10/PRE-000777)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a dotación orzamentaria que vai destinar o Goberno galego no ano 2017 a reducir os niveis de pobreza das familias monoparentais, as medidas que vai poñer en marcha para axudalas e a valoración da posibilidade de establecer unha dedución autonómica para aquelas que teñen fillos, así como a súa opinión respecto da necesidade de modificar a lexislación estatal co fin de considerar estas como familias numerosas

*Publicación da iniciativa, 71, 22.02.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/02/2017 16:30  
Nº Rexistro: 5009  
Data envío: 13/02/2017 16:24:38.673



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Nas últimas décadas a nosa sociedade enfrontouse a profundos cambios sociais, pasando dun país pechado, politicamente conservadora, a unha sociedade máis flexible e tolerante.

De forma paralela, os patróns tradicionais da composición da familia víronse modificados, sobre todo nos derradeiros 25 anos. Entre os principais cambios demográficos, que afectan ao que se coñece como familias monoparentais, poden sinalarse entre outros, o adiamento do matrimonio, o incremento da convivencia, o aumento das taxas de separación e divorcio, ou o incremento de fogares unipersoais.

Derivado das modificacións da estrutura familiar, o aumento de familias monoparentais con fillo/s e/ou filla/s a cargo é unha realidade. Con todo, neste escenario de cambios, ata datas recentes esta tipoloxía de familia non era unha prioridade na axenda das institucións da sociedade pública e civil, debido en moitos casos a que os principios relixiosos e morais reforzaron a tendencia ao confinamento destas familias no espazo privado e facéndoo case invisibles no debate público. Os temas relacionados con esta tipoloxía de familia, principalmente representada por mulleres, estivo practicamente ausente do debate público, porque tradicionalmente as nais solteiras, divorciadas ou separadas foron estigmatizadas e non necesariamente consideradas como un tipo de familia, senón como a consecuencia de decisións egoístas ou erros das persoas adultas que danaban o benestar dos nenos e nenas, mentres as viúvas, pola contra non sufriron esta carga, xa que se consideraron vítimas necesitadas de protección pública.

Con todo, a nosa sociedade madurou, e esta percepción e preocupación está a cambiar, un cambio que debe ir acompañado tamén do deseño de medidas de intervención pública para mellorar a situación destas familias. A vulnerabilidade social das familias monoparentais materialízase en termos de privacións materiais, de carencias en alimentación, vestido e calefacción, en problemas de saúde e na precariedade ou a ausencia de emprego. Todas estas situacións contribúen ao proceso de exclusión social que directamente impacta na infancia, incrementando as taxas de pobreza e





 **Grupo Parlamentario**

exclusión infantil, o que pon de manifesto a necesidade de poñer en marcha políticas sociais de familia e infancia a partir do concepto de investimento social, que posibilite o máximo desenvolvemento dos menores desta tipoloxía familiar.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A realidade das familias monoparentais non pode pasar inadvertida, porque foi nas últimas décadas cando se produciu tamén en Galicia, un forte crecemento deste tipo de fogares, que na súa inmensa maioría están formados por unha muller soa cos seus fillos e fillas.

Segundo datos do IGE, en Galicia pasamos de 88.103 fogares monoparentais no 2008, a 103.712 rexistrados a data 31 de decembro de 2015, dos cales case o 80 % están representadas por mulleres.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a dotación orzamentaria que vai dedicar o Goberno galego durante o ano 2017 para reducir os niveis de pobreza nas familias monoparentais galegas?
2. Que descontos en prezos de servizos públicos prestados pola Administración autonómica teñen estas familias en Galicia?
3. Que medidas ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia durante a X lexislatura para axudar as familias monoparentais?
4. Valora o Goberno galego a posibilidade de establecer durante a X lexislatura unha dedución autonómica para familias monoparentais con fillos e fillas?
5. Considera a Xunta de Galicia necesario modificar a lexislación estatal relativa ás familias numerosas, co obxecto de que as familias monoparentais con dous fillos/as, sexan consideradas familias numerosas?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 5009**  
Data envío: 13/02/2017 16:24:38.673



 **Grupo Parlamentario**

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2017 16:21:17**

**Julio Torrado Quintela na data 13/02/2017 16:21:22**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.35 5026(10/PRE-000778)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da redución do IVE dos produtos sen glute, así como as medidas que vai adoptar, no caso da súa denegación, para paliar a penalización económica que padecen as persoas celíacas polos prezos deses produtos

*Publicación da iniciativa, 71, 22.02.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/02/2017 16:55  
Nº Rexistro: 5026  
Data envío: 13/02/2017 16:55:58.322



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Federación de Asociacións de Celíacos de España define que a enfermidade celíaca é unha intolerancia permanente ao glute do trigo, cebada, centeo e probablemente avena, que se presenta en individuos xeneticamente predispostos, caracterizada por unha reacción inflamatoria, de base inmune, na mucosa do intestino delgado que dificulta a absorción de macro e micronutrientes.

Estímase que a prevalencia da enfermidade está en torno ao 1 %, sendo máis frecuente nas mulleres, cunha prevalencia do dobre que nos homes.

Unha porcentaxe importante de pacientes (en torno ao 75 %) estímase que están sen diagnosticar debido, na súa maior parte, a que a enfermidade celíaca se ten relacionado exclusivamente, coa súa forma de presentación clínica. Non entanto, o recoñecemento doutras formas atípicas de manifestarse, oligo e asintomáticas, combinadas coa maior e mellor utilización das probas complementarias dispoñibles, teñen permitido poñer de manifesto a existencia de diferentes tipos de enfermidade celíaca.

Un problema engadido á propia enfermidade é a dificultade en planificar e adecuarse a unha dieta axeitada. A pesares dos avances que se veñen realizando nos últimos tempos, o acceso aos produtos sen glute aínda é complexo e, sobre todo, caro. Os produtos para celíacos están gravados de maneira elevada e manteñen o IVE no 21 % por estar cualificados como produtos dietéticos, cando en realidade son unha necesidade, prescrita por especialistas sanitarios, para unha parte da poboación.

En agosto de 2016, como campaña electoral, o actual presidente da Xunta de Galicia anunciou como medida principal do seu inicio de campaña que solicitaría ao Goberno de España que se reducise o IVE dos produtos sen glute. Non entanto, ningunha noticia sobre este tema se volveu a producir e non houbo cambios na lexislación fiscal sobre a cuestión.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que o Goberno galego non levou a cabo unha medida que prometeu como fundamental no inicio da campaña electoral?
2. Ten realmente previsto o Goberno galego trasladar ao Goberno de España a petición da redución do IVE para os produtos sen glute?
3. Cree o Goberno galego que o Goberno de España atenderá a petición da redución do IVE para os produtos sen glute?
4. Prevé o Goberno galego tomar algunha medida que contribúa a paliar a penalización económica que sofren as persoas celíacas pola necesidade de pagar prezos máis caros polos produtos sen glute no caso de que o Goberno de España negue esta petición?

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 13/02/2017 16:54:12**

**Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2017 16:54:18**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.36 5372(10/PRE-000809)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos efectos que está a ter nas familias a súa política sanitaria en relación co calendario de vacinación, a fundamentación das súas declaracións referidas á incidencia da perda da vacina do tétano-difteria que debера de aplicarse aos nenos ao cumpriren os 14 anos de idade e os datos referidos ás destinadas a Galicia no ano 2016, así como as previstas para o ano 2017 e o prazo estimado para recuperar a vacinación contra a tose ferina

*Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/02/2017 10:00  
Nº Rexistro: 5372  
Data envío: 17/02/2017 18:32:39.362



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O calendario vacinal é un elemento que provoca moita atención entre os pais e nais e que como é normal, xera inquietude e incertezas en canto se produce unha alteración ou problema ao redor.

Nos últimos tempos véñense producindo situacións problemáticas respecto das vacinas no Servizo Galego de Saúde. Existen déficits xa sinalados, como o da tose ferina, que está limitada para a súa aplicación dende 2015 froito de que os laboratorios farmacéuticos que a producen alegaron problemas de elaboración pola complicación na produción dalgún dos compoñentes. O resultado é que esta vacina está suspendida na aplicación para os nenos e nenas de 6 anos, dende hai xa case 2 anos, aplicándose apenas unha inxección de carga baixa. Esta medida afecta a 46.764 nenos e nenas de Galicia que cumpriron 6 anos nos anos 2015 e 2016, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, que foron os grupos de aplicación esta medida. A pesares dos recentes anuncios da Consellería de Sanidade da próxima recuperación da vacina, o certo é que non existe previsión certa de datas nin compromiso formal de recuperación da vacina nun prazo determinado.

Nos últimos días engadiuse un problema de vacinas á situación existente, xa que a Consellería de Sanidade vén de anunciar que, por un problema de falta de subministro que declaran as farmacéuticas que os elaboran (Glaxo-Smith-Kline e Sanofi Aventis), suspende a aplicación da vacina do Tétanos – difteria para os nenos e nenas que deberan aplicar a dose de recordo no 2017 ao cumprir 14 anos, franxa que no ano 2016 englobaba a 21.346 rapaces e rapazas de Galicia (Instituto Galego de Estatística). As explicacións da Consellería de Sanidade limítanse a restar importancia á propia vacina, e a argumentar que dado que existirán menos vacinas a disposición o seu uso se reducirá aos casos de maior necesidade segundo criterio clínico. A comunicación oficial da consellería afirma sobre esta vacina que a súa perda “non supón ningún risco incrementado” e que os



 Grupo Parlamentario

nenos e nenas están “perfectamente protexidos” fronte a estas enfermidades, o que xera a dúbida sobre se, dado isto, era necesaria anteriormente.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Un dos elementos que causa maior desagrado na sociedade é a percepción de que as alteracións nas vacinacións están suxeitas unicamente a criterios de dispoñibilidade por parte das farmacéuticas, e que isto pode responder a criterios empresariais e non clínicos ou de produción. Así mesmo, existe incerteza sobre a posición que a Administración pública está a tomar fronte á industria farmacéutica, e o nivel de exixencia e rigorosidade no funcionamento que se está a demandar ás empresas que teñen contratos, de elevadas contías, para a subministración de produtos farmacéuticos coa administración.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É consciente o Goberno galego de que a súa errática e variable política sanitaria no correspondente ao calendario vacinal produce incertezas e intranquilidade nas familias galegas?
2. Que criterios e/ou informes médicos avalan as declaracións de representantes do Goberno galego que afirman que a perda da vacina Td dos 14 anos non supón ningún risco incrementado? É ou non é necesaria, dende o punto de vista clínico, esta aplicación da Td aos 14 anos?
3. Que cantidade de vacinas Td foron destinadas a Galicia pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios no ano 2016? Cantas delas foron utilizadas? Que custo ten cada unha desas doses?
4. Que cantidade de vacinas Td se prevé que sexan destinadas a Galicia pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios no ano 2017?
5. É coñecedor o Goberno galego de se a interrupción do subministro de vacinas da tose ferina incumpre algún aspecto referido a contratos da administración pública con algunha empresa farmacéutica? E no caso da vacina Td?



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

6. Para cando pode comprometerse o Goberno galego que terá a vacina da tose ferina lista para recuperar a vacinación para os nenos e nenas que lles corresponde? Ten previsto o Goberno galego aplicar a vacinación da tose ferina para as cohortes xeracionais que non a recibiron?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 17/02/2017 18:30:57**

**Noela Blanco Rodríguez na data 17/02/2017 18:31:02**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.37 5377(10/PRE-000810)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 3 máis

Sobre o estado de execución no que se atopan as obras de construción da residencia para persoas maiores de Paradela, a dotación do equipamento necesario e o prazo previsto pola Consellería de Política Social para a súa apertura, así como o modelo de xestión que vai ter

*Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/02/2017 10:40  
Nº Rexistro: 5377  
Data envío: 20/02/2017 10:40:45.264



 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Concepción Burgo López, José Antonio Quiroga Díaz, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa reposta escrita**.

Nos obxectivos do Consorcio Galego de Servizos Sociais de Igualdade e Benestar para o ano 2017, está a apertura da residencia de maiores de Paradela

Polo exposto as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Está rematada a obra da residencia de maiores de Paradela?
- 2.<sup>a</sup>) Que accións hai que levar a cabo para poñela en funcionamento?
- 3.<sup>a</sup>) Está instalado o equipamento necesario para abrir esta residencia?
- 4.<sup>a</sup>) Cando ten previsto a Consellería de Política Social abrir esta residencia de maiores?
- 5.<sup>a</sup>) Que tipo de xestión terá a residencia de Paradela? Concederase a xestión a unha empresa privada?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López  
José Antonio Quiroga Díaz  
Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 20/02/2017 10:16:04**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/02/2017 10:40**  
**Nº Rexistro: 5377**  
Data envío: 20/02/2017 10:40:45.264



 [Grupo Parlamentario](#)

**José Antonio Quiroga Díaz na data 20/02/2017 10:16:14**

**Noela Blanco Rodríguez na data 20/02/2017 10:16:26**

**Julio Torrado Quintela na data 20/02/2017 10:16:31**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.38 5459(10/PRE-000818)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a garantía polo Goberno galego do remate da dotación de equipamento e servizos ao Centro de día de Cambados para axilizar a súa apertura, as razóns da demora e a data prevista para a súa posta en funcionamento

*Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/02/2017 16:30  
Nº Rexistro: 5459  
Data envío: 21/02/2017 14:12:24.983



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A finais de 2015 rematouse de construír en Cambados o demandado centro de día, iniciado un ano antes, que supoñía unha necesidade para a vila e que foi motivo de diversos anuncios e unha presumible imaxe electoral do compromiso da Xunta de Galicia con Cambados durante as eleccións municipais de maio de 2015. O cambio de Goberno municipal provocou un enfriamento das relacións do Goberno autonómico co local, e o centro de día pasou a ser un elemento tamén simbólico, neste caso das dificultades para culminar as promesas da Xunta de Galicia fronte ao Goberno municipal actual.

O centro de día quedou sen equipamento, e sen orzamentos para dotalo en 2016, pois se incluíu para este fin unha sorprendente partida de 12,99€. Durante o ano, as promesas foron de implementar os fondos necesarios nos orzamentos de 2017 para equipar os mobles necesarios e os arranxos básicos para poder abrir o centro e poñelo en funcionamento. O delegado da Xunta de Galicia para a provincia de Pontevedra, José Manuel Cores Tourís, quen fora ademais alcalde de Cambados, comprometeu que o compromiso da Xunta de Galicia era poñer en marcha o antes posible o centro de día durante a súa visita institucional ao Concello de Cambados no 25 de novembro de 2016. A Consellería de Política Social apuntou a marzo como data para poder abrir, apoiándose no esforzo que se podería facer nos orzamentos de 2017, a pesares de que avanzou que se faría con menos prazas das previstas (20 fronte as 40 que inicialmente se preveran). A Xunta de Galicia valorou en 90.000€ o custo do equipamento necesario. Finalmente, os orzamentos de 2017 inclúen unha contía de 75.000€, sen que existira motivación para esa diminución. O Grupo Parlamentario Socialista presentou emenda aos orzamentos solicitando incrementar esa partida en 10.000€ para aproximala á inicialmente sinalada.

Ademais do custo do equipamento do centro de día, a demora na súa apertura provocou un deterioro da instalación, e que fora obxecto de actos

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

vandálicos que provocaron algún dano na edificación. A conxunción desta coa necesidade de que o centro sexa equipado segundo foi comprometido, e a previsión para equipalo e dotalo de servizos que permitan o progresivo aumento de prazas ata chegar ao comprometido inicialmente son cuestións que non poden quedar sen resolver.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Pode garantir o Goberno galego que terminará a dotación de equipamento e servizos do centro de día de Cambados para que estea dispoñible para a súa apertura no menor tempo posible?
2. Ten o Goberno galego previsión de cando poderá ter dispoñible o centro de día para que poida ser aberto?
3. Considera a Consellería de Política Social aceptable que un centro de día quede un ano sen equipar e sen poder ser utilizado polo abandono tras realizar a obra da instalación?
4. Ten que ver a demora no equipamento e apertura do centro de día o feito de que tivera cambiado o Goberno municipal de Cambados?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 21/02/2017 14:09:11**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/02/2017 14:09:16**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.39 5501(10/PRE-000826)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para regular a apertura dos centros de educación infantil durante as vacacións escolares, os criterios que vai aplicar e os requisitos que vai exixir para ese fin, así como a apertura das escolas públicas de educación infantil durante a Semana Santa de 2017 e as actuacións que vai levar a cabo para posibilitar a planificación do descanso do persoal

*Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/02/2017 10:46  
Nº Rexistro: 5501  
Data envío: 22/02/2017 10:46:13.981



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Segundo datos da Consellería de Política Social, en 2015 Galicia contaba cun total de 498 escolas infantís (nos que se inclúen os centros de iniciativa pública, social, e privada con ánimo de lucro), que ofertaban 28.605 prazas. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 81.235 persoas, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 35,2. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 226 centros existentes ofrecen unha rateo de 38,4 prazas. Séguelle Pontevedra, con case 34,8 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e a continuación sitúanse Ourense e Lugo, con 30,6 e 28 prazas, respectivamente.

En novembro de 2016 a Xunta de Galicia anunciaba o incremento da oferta pública na Rede Galiña Azul, comprometéndose á creación durante a X lexislatura de 1.000 novas prazas. Dende o Grupo Socialista temémonos que este anuncio do Goberno galego non sexa máis que a continuación das políticas do Señor Feijoo, que dende a súa chegada á Presidencia da Xunta de Galicia camiñan pola senda da privatización de servizos públicos.

Presume de novas prazas en garderías namentres pecha e desmantela as escolas infantís públicas, infradotadas de persoal, amortizando prazas, diminuindo o persoal, e deteriorando a calidade dos servizos que se prestan nas mesmas.

Entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais debera estar a de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes, e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral. A propia Valedora do Pobo, partindo da queixa dun particular, recomendou que para avanzar en materia de conciliación a asistencia dos nenos e nenas á escola infantil, tamén en períodos de vacacións escolares, debía consolidarse como unha das vías de apoio á mesma. A Axencia Galega de Servizos Sociais, dependente da Consellería de Política Social, anunciou recentemente que aceptaría esta recomendación da Valedora do

 Grupo Parlamentario

Pobo e accederá dende o próximo curso a manter polo menos unha escola infantil aberta por localidade nos períodos de vacacións de Nadal e Semana Santa.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia regular a apertura dos centros de educación infantil durante as vacacións escolares?
2. Vai o Goberno galego a abrir escolas infantís públicas durante a Semana Santa deste ano?
3. Vai a manter o Goberno galego os criterios de asistencia mínima de usuarios para a apertura de escolas infantís durante as vacacións?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia, adaptar a apertura fóra do horario lectivo das escolas infantís á demanda existente?
5. Vai manter ao Goberno galego que sexa requisito imprescindible para as familias a xustificación da necesidade que teñen de levar os seus nenos e nenas á escola infantil nesas datas?
6. Que criterios vai establecer a Xunta de Galicia para establecer a apertura dos centros de educación infantil durante as vacacións escolares?
7. De producirse a apertura destes centros durante as vacacións escolares, como ten previsto o Goberno galego cumprir coas necesidades de persoal que permitan planificar o descanso do persoal?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/02/2017 10:43:29**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/02/2017 10:46**  
**Nº Rexistro: 5501**  
Data envío: 22/02/2017 10:46:13.981



---

 Grupo Parlamentario

**Julio Torrado Quintela na data 22/02/2017 10:43:36**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.40 5504(10/PRE-000827)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a construción do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos de Ourense

*Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/02/2017 10:50  
Nº Rexistro: 5504  
Data envío: 22/02/2017 10:50:02.512



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinación que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma PROCAPOURENSE (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos nais e nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que compre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda dita plataforma cidadá.

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro do 2016, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos, sen facer ningún tipo de concreción a respecto de cando se construíra o mesmo, o número de prazas do que disporá, e se os servizos que se presten no



 Grupo Parlamentario

mesmo serán todos de titularidade pública.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Tralas protestas, non soamente das nais e pais e de toda a esta plataforma cidadá senón tamén de milleiros de ourensáns e ourensás que saíron as rúas para reclamar a Xunta de Galicia que cumprira os seus compromisos, a Consellería de Política Social mudaba a posible situación do mesmo. Dende o Goberno galego anunciábase que o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos, CAPD de Ourense, se construíría nun solar cedido polo Concello de Ourense no barrio de Barrocás.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a edificabilidade do terreo no que a Xunta de Galicia ten previsto construír o centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense?
2. De cantas prazas disporá dito centro?
3. Que orzamento dedicará a Xunta de Galicia á construción deste centro?
4. Tendo en conta a modificación do proxecto, ten previsto o Goberno galego incrementar o orzamento dedicado para este ano 2017 para a construción do Cap de Ourense?
5. En que data ten previsto a Xunta de Galicia sacar a concurso a redacción do proxecto desta infraestrutura?
6. Cando ten previsto o Goberno galego licitar a construción deste centro?
7. Inclúirá o proxecto os espazos de cociña, lavandería, salas de terapias, salas de fisioterapia e de logopedas?
8. Comprométese o Goberno galego a garantir que ningún dos servizos que se prestarán neste centro será a través de empresas privadas para suplir a existencia dunha rede pública, é dicir a que o centro sexa 100 % de xestión e titularidade pública?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/02/2017 10:50**  
**Nº Rexistro: 5504**  
Data envío: 22/02/2017 10:50:02.512



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/02/2017 10:47:29**

**Raúl Fernández Fernández na data 22/02/2017 10:47:36**

**Julio Torrado Quintela na data 22/02/2017 10:47:39**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.41 5749(10/PRE-000855)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada en Lugo

*Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/02/2017 17:13  
Nº Rexistro: 5749  
Data envío: 27/02/2017 17:13:59.512



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Luis Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e José Antonio Quiroga Díaz**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos e galegas menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 15,8 % do 2015, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos e galegas igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

Recentemente, o Goberno galego anunciaba a súa intención de dotar ás cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que investimento ten previsto dedicar a Xunta de Galicia á construción da residencia de maiores de Lugo?

2. Que partida prevista nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2017 vai dedicar o Goberno galego á construción de dito centro?
3. Con que número de prazas vai contar esta nova infraestrutura?
4. Dispón na actualidade o Goberno galego de terreos na cidade de Lugo onde situar esta residencia?
5. En caso afirmativo, onde se atopan estes terreos?
6. Cantos postos de traballo ten previsto crear a Xunta de Galicia para atender esta residencia?
7. A xestión de dito centro, vai ser 100 % pública?
8. Vai contar esta residencia de maiores con unidades xeriátricas e psicoxeriátricas diferenciadas?
9. Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Lugo?
10. Segundo a Xunta de Galicia, que porcentaxe da demanda existente na cidade de Lugo e na súa área de influencia, ten previsto cubrir a posta en marcha deste centro?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Luis Manuel Alvarez Martínez  
Concepción Burgo López  
José Antonio Quiroga Díaz  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/02/2017 17:09:25**

**Julio Torrado Quintela na data 27/02/2017 17:09:32**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/02/2017 17:13**  
**Nº Rexistro: 5749**  
Data envío: 27/02/2017 17:13:59.512



 **Grupo Parlamentario**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/02/2017 17:09:37**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 27/02/2017 17:09:42**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**José Antonio Quiroga Díaz na data 27/02/2017 17:09:48**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.42 5755(10/PRE-000857)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 6 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada na Coruña

*Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/02/2017 17:15  
Nº Rexistro: 5755  
Data envío: 27/02/2017 17:15:29.215



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos e galegas menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 15,8 % do 2015, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos e galegas igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

Recentemente, o Goberno galego anunciaba a súa intención de dotar ás cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que investimento ten previsto dedicar a Xunta de Galicia á construción da residencia de maiores da Coruña?

2. Que partida prevista nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2017 vai dedicar o Goberno galego á construción de dito centro?
3. Con que número de prazas vai contar esta nova infraestrutura?
4. Dispón na actualidade o Goberno galego de terreos na cidade da Coruña onde situar esta residencia?
5. En caso afirmativo, onde se atopan estes terreos?
6. Cantos postos de traballo ten previsto crear a Xunta de Galicia para atender esta residencia?
7. A xestión de dito centro, vai ser 100 % pública?
8. Vai contar esta residencia de maiores con unidades xeriátricas e psicoxeriátricas diferenciadas?
9. Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Coruña?
10. Segundo a Xunta de Galicia, que porcentaxe da demanda existente na cidade de Coruña e na súa área de influencia, ten previsto cubrir a posta en marcha deste centro?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Xoaquín Fernández Leiceaga  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
María Dolores Toja Suárez  
José Manuel Pérez Seco  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/02/2017 17:07:54**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/02/2017 17:15**  
**Nº Rexistro: 5755**  
Data envío: 27/02/2017 17:15:29.215



 **Grupo Parlamentario**

**Julio Torrado Quintela na data 27/02/2017 17:08:00**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/02/2017 17:08:05**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/02/2017 17:08:10**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/02/2017 17:08:12**

**María Dolores Toja Suárez na data 27/02/2017 17:08:19**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/02/2017 17:08:27**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.43 5758(10/PRE-000858)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada en Pontevedra

*Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/02/2017 17:16  
Nº Rexistro: 5758  
Data envío: 27/02/2017 17:16:22.012



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos e galegas menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 15,8 % do 2015, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos e galegas igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

Recentemente, o Goberno galego anunciaba a súa intención de dotar ás cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que investimento ten previsto dedicar a Xunta de Galicia á construción da residencia de maiores de Pontevedra?

2. Que partida prevista nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2017 vai dedicar o Goberno galego á construción de dito centro?
3. Con que número de prazas vai contar esta nova infraestrutura?
4. Dispón na actualidade o Goberno galego de terreos na cidade de Pontevedra onde situar esta residencia?
5. En caso afirmativo, onde se atopan estes terreos?
6. Cantos postos de traballo ten previsto crear a Xunta de Galicia para atender esta residencia?
7. A xestión de dito centro, vai ser 100 % pública?
8. Vai contar esta residencia de maiores con unidades xeriátricas e psicoxeriátricas diferenciadas?
9. Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Pontevedra?
10. Segundo a Xunta de Galicia, que porcentaxe da demanda existente na cidade de Pontevedra e na súa área de influencia, ten previsto cubrir a posta en marcha deste centro?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Abel Losada Alvarez  
Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/02/2017 17:10:53**

**Julio Torrado Quintela na data 27/02/2017 17:10:59**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/02/2017 17:16**  
**Nº Rexistro: 5758**  
Data envío: 27/02/2017 17:16:22.012



 **Grupo Parlamentario**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/02/2017 17:11:04**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 27/02/2017 17:11:10**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Luisa Pierres López na data 27/02/2017 17:11:17**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.44 5761(10/PRE-000859)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada en Santiago de Compostela

*Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/02/2017 17:17  
Nº Rexistro: 5761  
Data envío: 27/02/2017 17:17:23.074



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Xoaquín Fernández Leiceaga**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos e galegas menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 15,8 % do 2015, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos e galegas igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

Recentemente, o Goberno galego anunciaba a súa intención de dotar ás cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que investimento ten previsto dedicar a Xunta de Galicia á construción da residencia de maiores de Santiago de Compostela?
2. Que partida prevista nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2017 vai dedicar o Goberno galego á construción de dito centro?

3. Con que número de prazas vai contar esta nova infraestrutura?
4. Dispón na actualidade o Goberno galego de terreos na cidade de Santiago de Compostela onde situar esta residencia?
5. En caso afirmativo, onde se atopan estes terreos?
6. Cantos postos de traballo ten previsto crear a Xunta de Galicia para atender esta residencia?
7. A xestión de dito centro, vai ser 100 % pública?
8. Vai contar esta residencia de maiores con unidades xeriátricas e psicoxeriátricas diferenciadas?
9. Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Santiago de Compostela?
10. Segundo a Xunta de Galicia, que porcentaxe da demanda existente na cidade de Santiago de Compostela e na súa área de influencia, ten previsto cubrir a posta en marcha deste centro?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Xoaquín Fernández Leiceaga  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/02/2017 17:11:32**

**Julio Torrado Quintela na data 27/02/2017 17:11:47**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/02/2017 17:11:52**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.45 5764(10/PRE-000860)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada en Vigo

*Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/02/2017 17:18  
Nº Rexistro: 5764  
Data envío: 27/02/2017 17:18:14.902



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Abel Losada Alvarez,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos e galegas menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 15,8 % do 2015, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos e galegas igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

Recentemente, o Goberno galego anunciaba a súa intención de dotar ás cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que investimento ten previsto dedicar a Xunta de Galicia á construción da residencia de maiores de Vigo?
2. Que partida prevista nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2017 vai dedicar o Goberno galego á construción de dito centro?



3. Con que número de prazas vai contar esta nova infraestrutura?
4. Dispón na actualidade o Goberno galego de terreos na cidade de Vigo onde situar esta residencia?
5. En caso afirmativo, onde se atopan estes terreos?
6. Cantos postos de traballo ten previsto crear a Xunta de Galicia para atender esta residencia?
7. A xestión de dito centro, vai ser 100 % pública?
8. Vai contar esta residencia de maiores con unidades xeriátricas e psicoxeriátricas diferenciadas?
9. Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Vigo?
10. Segundo a Xunta de Galicia, que porcentaxe da demanda existente na cidade de Vigo e na súa área de influencia, ten previsto cubrir a posta en marcha deste centro?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Abel Losada Alvarez  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/02/2017 17:12:19**

**Julio Torrado Quintela na data 27/02/2017 17:12:25**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/02/2017 17:12:31**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.46 5767(10/PRE-000861)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada en Ferrol

*Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/02/2017 17:19  
Nº Rexistro: 5767  
Data envío: 27/02/2017 17:19:00.840



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e José Manuel Pérez Seco**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos e galegas menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 15,8 % do 2015, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos e galegas igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

Recentemente, o Goberno galego anunciaba a súa intención de dotar ás cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que investimento ten previsto dedicar a Xunta de Galicia á construción da residencia de maiores de Ferrol?
2. Que partida prevista nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2017 vai dedicar o Goberno galego á construción de dito centro?

3. Con que número de prazas vai contar esta nova infraestrutura?
4. Dispón na actualidade o Goberno galego de terreos na cidade de Ferrol onde situar esta residencia?
5. En caso afirmativo, onde se atopan estes terreos?
6. Cantos postos de traballo ten previsto crear a Xunta de Galicia para atender esta residencia?
7. A xestión de dito centro, vai ser 100 % pública?
8. Vai contar esta residencia de maiores con unidades xeriátricas e psicoxeriátricas diferenciadas?
9. Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Ferrol?
10. Segundo a Xunta de Galicia, que porcentaxe da demanda existente na cidade de Ferrol e na súa área de influencia, ten previsto cubrir a posta en marcha deste centro?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
José Manuel Pérez Seco  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/02/2017 17:08:48**

**Julio Torrado Quintela na data 27/02/2017 17:08:55**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/02/2017 17:09:00**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.47 5799(10/PRE-000869)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co estado de cumprimento da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, o orzamento destinado e previsto nos vindeiros exercicios para o seu desenvolvemento, así como os datos e as medidas previstas ao respecto

*Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/02/2017 11:48  
Nº Rexistro: 5799  
Data envío: 28/02/2017 11:48:01.555



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A accesibilidade é a calidade de fácil acceso para que calquera persoa, mesmo aquelas que teñan limitacións na mobilidade, na comunicación ou o entendemento, poida chegar a un lugar, obxecto ou servizo.

A accesibilidade universal é aquela condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade, comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.

Actualmente, deixou de ser sinónimo de supresión de barreiras físicas para adoptar unha dimensión preventiva e ampla, xeneralizable a todo tipo de espazos, produtos e servizos. Por outra banda, trátase dunha variable fundamental para garantir o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades, converténdose paulatinamente nun recoñecemento xeral, como mellora da calidade de vida de todos os cidadáns e cidadás.

A accesibilidade é un dereito da persoa e, como tal, debe ser tratado para conseguir a equiparación de oportunidades. Así mesmo, a persoa ten dereito á autonomía e a mobilidade persoal, como correspondencia ao logro dunha vida plenamente independente. Por último un aspecto fundamental é a normativa, que desde hai uns anos obriga a que todo ben, produto ou contorna sexa accesible para todas as persoas.

A Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social entrou en vigor en decembro do 2013 e, entre as súas disposicións, establece unhas condicións básicas de accesibilidade e non discriminación no ámbito das edificacións que inclúe a esixencia de que os inmobles garantan esas condicións.



Asemade, en Galicia, a *Lei 10/2014, do 3 de decembro de accesibilidade*, recolle no seu articulado promover a eliminación xeneralizada das barreiras arquitectónicas, especialmente nos edificios e nas instalacións de carácter público, para facilitar o seu uso por parte das persoas que teñen diversidade funcional. De especial importancia é garantir en Galicia o cumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade, xa que segundo o Observatorio Estatal da Discapacidade, debido ao envellecemento da poboación, somos a comunidade con maior taxa de poboación con dificultades relacionadas coa mobilidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento, dende a súa entrada en vigor, da Lei 10/2014 de accesibilidade?
2. Que orzamento dedicou o Goberno galego dende a entrada en vigor da Lei de accesibilidade, a que os edificios de titularidade pública ou privada destinados a uso público, se constrúan e/ou reformaran de forma que garantan que estes resulten accesibles?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar nos vindeiros exercicios o orzamento dedicado a dar cumprimento aos requisitos de accesibilidade de edificios, establecementos ou instalacións de uso público, recollidos na Lei 10/2014 de accesibilidade?
4. Pode garantir a Xunta de Galicia que na actualidade todos os salóns de actos e salas de espectáculos e locais con asentos fixos dispoñen de asentos convertibles, ben sinalizados e localizables, ao carón do itinerario accesible, para uso das persoas con mobilidade reducida ou con discapacidade sensorial?
5. Dispoñen todos os edificios públicos en Galicia de accesos que garantan a accesibilidade ao seu interior mediante itinerarios accesibles facilmente localizables que o comuniquen coa vía pública e coas prazas accesibles de aparcamento?
6. Que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para dar cumprimento ao relativo ás condicións de accesibilidade en edificios de titularidade privada de uso residencial de vivenda?

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

7. Cal foi o número total de vivendas previstas nos programas anuais de promoción pública reservadas, dende a entrada en vigor da Lei de accesibilidade, para persoas con discapacidade?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2017 11:44:48**

**María Luisa Pierres López na data 28/02/2017 11:44:54**

**Julio Torrado Quintela na data 28/02/2017 11:44:58**



**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.48 5806(10/PRE-000870)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos do emprego das persoas con discapacidade en Galicia, as medidas concretas previstas para incrementar a súa empregabilidade e a súa opinión referida á mellora, a través dos centros especiais de emprego, da súa integración na empresa privada, así como o cumprimento na actualidade na Administración pública galega da reserva de carga de traballo establecida para elas e as medidas previstas para o seu incremento

*Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/02/2017 11:50  
Nº Rexistro: 5806  
Data envío: 28/02/2017 11:50:10.743



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A discriminación no eido laboral das persoas con discapacidade é heteroxénea: condicións laborais desiguais, salarios un 16 % inferior aos do resto da poboación, niveis educativos máis baixos, e un índice de pobreza máis acusado. A crise cebouse coas persoas máis desfavorecidas, pero as persoas con discapacidade esixen realizarse como persoas en todos os ámbitos sociais, especialmente no laboral, xa que a ninguén se lle escapa que a independencia económica supón autonomía, liberdade, prevén e evita a exclusión social, permite construír un futuro autosuficiente, e tamén funciona coma elemento creador de identidades. A través do emprego as persoas con discapacidade non só obteñen un traballo e un salario, senón que ocupan un lugar na sociedade, convértense en protagonistas da súa propia historia, e acceden ao mercado de bens e servizos deixando de ser cidadáns dependentes.

Na lexislación española, a cota de reserva nas empresas para as persoas con discapacidade é moi baixa en comparación con outros países da Unión Europea, o que fai que as empresas con capacidade de contratación de traballadores se limiten ao 2 % legalmente establecido. Ademais, o módulo de cálculo (empresas de 50 ou máis traballadores e traballadoras) fai que moitas non asuman ningún tipo de obrigação, o cal é totalmente contrario ao principio de integración; por outra parte, en provincias cuxo tecido empresarial é basicamente de Pemes, onde a maior parte das empresas non alcanzan os 50 traballadores e traballadoras, esta obrigação queda baleira de contido.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 4.2 que lle corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo ou individua e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan

ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e as galegas na vida política, económica, cultural e social.

Datos do INE relativos ao emprego das persoas con discapacidade en Galicia revelan que a nosa é a Comunidade Autónoma, cun 23,7 %, ten dentro deste colectivo a taxa de actividade máis baixa de todo España, dez puntos inferior á media estatal, e case trinta puntos menor que a do resto da poboación da nosa comunidade.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos de emprego das persoas con discapacidade na nosa Comunidade Autónoma?
2. Que medidas concretas ten previsto tomar o Goberno galego durante a X lexislatura para incrementar a empregabilidade das persoas con discapacidade en Galicia?
3. Considera o Goberno galego que está mellorando a través dos Centros Especiais de Emprego, á integración na empresa privada das persoas con discapacidade?
4. Estando cumprindo en toda a Administración pública galega, a reserva de entre o 3 % e o 5 % da carga de traballo para as persoas con discapacidade?
5. Que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para incrementar a integración das persoas con discapacidade na Administración pública?
6. Prioriza sempre a Xunta de Galicia á hora de facer contratacións, a aquelas empresas nas que traballan persoas con discapacidade?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/02/2017 11:50**  
**Nº Rexistro: 5806**  
Data envío: 28/02/2017 11:50:10.743



 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2017 11:45:35**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/02/2017 11:45:41**

**Julio Torrado Quintela na data 28/02/2017 11:45:46**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.49 5869(10/PRE-000877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da planificación da incorporación ao mercado laboral dos titulados MIR formados en Galicia, os datos referidos aos incorporados ao Sergas con contratos eventuais e o custo económico desa formación en Galicia

*Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/03/2017 13:50  
Nº Rexistro: 5869  
Data envío: 01/03/2017 13:50:02.700



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Un dos problemas máis sinalados polas profesionais e polos profesionais sanitarios é a falta de suficientes recursos humanos para atender as demandas asistenciais da poboación galega. Así, as demandas sobre a eliminación da taxa de reposición do persoal, así como os déficits de profesionais que provocan perda de calidade asistencial, son un dos debates máis frecuentes sobre a situación laboral do sistema sanitario público.

No que corresponde especificamente aos médicos e médicas, Galicia ten formado nos últimos 8 anos máis de 2500 titulados e tituladas MIR. De estes, segundo os datos da propia Consellería de Sanidade e da Consellería de Facenda a través dos orzamentos, so foron contratados e contratadas de maneira estable 322 (165 en Atención Primaria e 157 en Atención especializada). Estes datos amosan dous problemas fundamentais. O primeiro, en termos de calidade da asistencia sanitaria, que apunta a un limitado proceso de incorporación de profesionais que redunda na dificultade para manter ou elevar a calidade asistencial como sinalan os colectivos profesionais. En segundo lugar, amósase un problema de desaxuste en termos de planificación e de balance no investimento en formación fronte á perda de produtividade ao non reinsertar no sistema aos formados.

No que respecta ao primeiro dos problemas sinalados, os titulados e tituladas MIR en Galicia terminan por permanecer de maneira inestable cubrindo postos eventuais en torno ao sistema sanitario, ou ben por marchar fóra, principalmente a Reino Unido e Portugal, onde son valorados polo seu nivel formativo. En menor medida tamén se atopan presentes algúns repetindo o propio MIR para volver a ter oportunidades e continuar a súa vinculación co sistema.

En relación ao segundo problema, o malgasto ineficiente de recursos que se produce ao investir en formación universitaria de primeira calidade para os

 Grupo Parlamentario

médicos e médicas, pero logo perder a súa capacidade produtiva porque estean traballando fóra cando xa están formados, resulta un buraco que é necesario estimar para coñecer o impacto real da mala planificación.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que opinión lle merece ao Goberno de Galicia a errática planificación da incorporación ao mercado laboral dos MIR formados e formadas na nosa Comunidade Autónoma?
2. Ten o Goberno galego información concreta sobre o número de titulados e tituladas MIR que se atopan traballando de maneira eventual no sistema público de saúde?
3. Cantos contratos eventuais de médicos se realizaron no ano 2016 no Sergas? Cantas persoas diferentes foron contratadas mediante este procedemento ao longo do 2016?
4. Cantos médicos e médicas foron incorporadas como estatutarios no ano 2016 ao Sergas?
5. Canto estima o Goberno galego que custa, en termos económicos, formar a un titulado/titula da MIR en Galicia?
6. Ten unha estimación o Goberno galego de cantos titulados/tituladas MIR en Galicia dos últimos 5 anos nunca foron contratados de ningunha maneira no Sergas?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 01/03/2017 13:45:26**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/03/2017 13:50**  
**Nº Rexistro: 5869**  
Data envío: 01/03/2017 13:50:02.700



 **Grupo Parlamentario**

**Noela Blanco Rodríguez na data 01/03/2017 13:45:32**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.50 5978(10/PRE-000883)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa elaboración no ano 2017 da Estratexia galega de apoio á etnia xitana e, se é o caso, os principais eixes estratéxicos que vai ter e as medidas que vai pór en marcha para mellorar a súa situación en Galicia así como para garantirlle a efectiva igualdade de oportunidades

*Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/03/2017 17:01  
Nº Rexistro: 5978  
Data envío: 02/03/2017 17:01:13.462



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Nos derradeiros anos producíronse importantes avances que contribuíron a unha mellora da situación social da poboación xitana, e das súas condicións de vida.

No ámbito da participación destaca a creación no ano 2005 do Consello Estatal do Pobo Xitano. Respecto do recoñecemento da súa cultura e a posta en valor da súa contribución á cultura española cabe citar a posta en marcha da Fundación Instituto de Cultura Xitana no ano 2007. Tamén en 2007 creouse o Consello para a Promoción da Igualdade de Trato e non Discriminación das Persoas pola Orixe Racial ou Étnica, en cuxo seo se atopan representadas asociacións de defensa dos intereses da comunidade xitana.

En 2010 o Goberno de España aprobou o Plan de acción para o desenvolvemento da poboación xitana 2010-2012.

O 5 de abril de 2011 a Comisión Europea publicou a Comunicación sobre o Marco da Unión Europea (UE) para as Estratexias Nacionais de Inclusión da Poboación Xitana ata 2020, no que establece por primeira vez un marco común para o desenvolvemento de medidas e políticas no ámbito nacional a partir de enfoques, obxectivos e ámbitos de traballo compartidos por todos os Estados membros da UE. Este novo marco europeo obrigaba a todos os Estados membros a presentar as súas propias Estratexias Nacionais para cumprir con obxectivos comúns. Tendo como antecedente o Plan de acción para o desenvolvemento da poboación xitana 2010-2012, o 2 de marzo de 2012 aprobouse a 'Estratexia para a inclusión da poboación xitana en España 2012-2020'. Esta estratexia debía ser a folla de ruta definitiva para avanzar na inclusión social da poboación xitana e reducir as diferenzas e desigualdades que aínda hoxe se manteñen co resto da cidadanía.

Asemade na nosa Comunidade Autónoma, na Estratexia de Inclusión Social de Galicia enmárcase a Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia, que complementa ditas accións coas actuacións dirixidas á poboación xitana de maneira específica. Do mesmo xeito que a estatal, a estratexia contempla 6 ámbitos de intervención: educación, emprego, vivenda, saúde, servizos sociais e participación e imaxe social, e hai unha previsión de desenvolver mediante plans bianuais que permitan facer unha avaliación continúa das actuacións previstas na mesma.

No período 2007-2013, a causa do contexto de crise económica, o desemprego da poboación xitana española incrementouse un 22,6 %, a salarización diminuíu máis do 10 % e a taxa de traballadores/as autónomos/as incrementouse en 11 puntos. Por outra banda, Galicia segue a rexistrar unha das máis altas taxas de chabolismo da poboación xitana en España, ao situarse 18 puntos por riba da media nacional. Ademais, a desvantaxe educativa da poboación xitana en Galicia é moi grande: só un 11 % dela completou educación secundaria ou superior mentres que neste caso se atopa o 58 % da poboación galega maior de 15 anos. E as mulleres xitanas experimentan máis dificultades para proseguir os estudos. É importante destacar tamén, respecto da saúde, que a poboación xitana se estima que ten unha esperanza de vida entre 10 e 20 anos por debaixo da establecida para o conxunto da poboación.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o Goberno galego elaborar durante este ano, a Estratexia galega de apoio á poboación xitana?
2. En caso afirmativo, cales serán os principais eixos estratéxicos de dito documento?
3. Que medidas ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia para incrementar o nivel educativo e formativo das persoas xitanas e, de xeito especial o número de alumnos/as que completan a Educación Primaria e Secundaria?
4. Como ten previsto o Goberno galego erradicar o chabolismo e a infravivenda na nosa comunidade?

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

5. Que accións vai levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a saúde dunha forma integral para mellorar as condicións e reducir as desigualdades da poboación xitana?
6. Que medidas ten previsto implementar o Goberno galego para traballar sobre os atrancos que limitan o acceso e participación no emprego e mellorar as condicións laborais da poboación xitana?
7. Como vai a Xunta de Galicia a previr a marxinación e promover a inclusión social da poboación xitana, para evitar a reprodución xeracional da pobreza?
8. Que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para garantir a efectiva igualdade de oportunidades da poboación xitana?

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/03/2017 17:01**  
**Nº Rexistro: 5978**  
Data envío: 02/03/2017 17:01:13.462



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 02/03/2017 16:57:56**

**Julio Torrado Quintela na data 02/03/2017 16:58:02**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.51 6029(10/PRE-000888)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego na actualidade dun plan específico de atención integral á saúde das mulleres, o seu cumprimento e desenvolvemento, así como o mantemento como obxectivo da consecución dunha igualdade real de xénero no eido sanitario, as medidas e formulacións estratéxicas que está a levar a cabo ao respecto e os seus resultados

*Publicación da iniciativa, 85, 17.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/03/2017 11:38  
Nº Rexistro: 6029  
Data envío: 03/03/2017 11:38:37.603



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López, Luis Manuel Alvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Nos últimos anos estanse a producir profundos cambios na poboación galega que lles afectan especialmente ás mulleres, que, aínda que melloraron a súa saúde e a súa calidade de vida, non fixeron desaparecer as desigualdades sociais e de xénero e están determinando cambios na incidencia dalgunhas patoloxías, na forma de vivir a enfermidade e de relacionarse co sistema sanitario.

O coidado da poboación dependente recae, fundamentalmente, sobre mulleres que condicionan a súa calidade de vida a esta atención. O coidado de persoas resulta un labor que, polas súas condicións, implica no plano médico unha sobrecarga física, psíquica e emocional que afecta á saúde.

Os cambios nos modelos reprodutivos, como son o atraso da maternidade e o aumento do número de nais en activo, supón que as mulleres que deciden ter fillos están máis e mellor informadas, as súas expectativas en relación á experiencia da maternidade cambiaron e queren un tipo de atención diferente, cunha participación máis activa e con novidades que contribúen a unha mellor experiencia. Outros aspectos sobre saúde sexual e reprodutiva teñen especial relevancia tamén en función do xénero, como o maior risco de infección de enfermidades de transmisión sexual, e tamén na necesidade dun sistema efectivo e cumpridor en relación á interrupción voluntaria do embarazo.

Aínda con todo isto, as cuestións específicas referidas á muller en termos de saúde non se limitan a cuestións de saúde reprodutiva e en enfermidades xinecolóxicas. O patrón normativo en saúde foi o home e considerouse que homes e mulleres respondían igual ás enfermidades e aos tratamentos, e que os factores de risco eran tamén iguais para homes e para mulleres. A evidencia demostranos que moitas enfermidades preséntanse con maior frecuencia entre as mulleres, como as enfermidades reumatolóxicas ou as

autoinmunes; outras maniféstanse de forma diferente, como a cardiopatía isquémica. As mulleres foron invisibles para a ciencia médica, por iso, cómpre investigar as diferenzas para ter unhas prestacións en saúde máis igualitarias. A pesares dos avances producidos, son aínda poucos os datos dos que dispoñemos de estudos separados por sexo, polo que cómpre seguir avanzando nun sistema de indicadores de xénero que nos permita coñecer con precisión a situación da saúde das mulleres para poder establecer políticas de saúde que respondan ás súas necesidades diferenciais.

Esta situación xustificou, con maior contundencia se cabe no seu momento, a necesidade da elaboración dun Plan de atención integral de saúde das mulleres, que se definiu no ano 2007 pola Consellería de Sanidade. Esta ferramenta estratéxica tiña como obxectivo servir para planificar e intervir no sistema sanitario para introducir a variable xénero de maneira integral no contexto da saúde. O plan definiu 32 programas dirixidos á muller ao longo de todo o seu ciclo vital en 5 eidos estratéxicos de planificación e intervención:

- Estratexia de mellora na saúde da muller ao longo do seu ciclo vital
- Estratexia de promoción de hábitos de vida e detección precoz
- Estratexia de atención á muller con problemas sanitarios
- Estratexia de participación
- Estratexia de coordinación

En definitiva, o Plan de atención integral de saúde das mulleres foi un compromiso de acción política coas mulleres galegas, coa súa saúde e coa súa calidade de vida; coa igualdade de dereitos, contemplando as diferenzas como forma de chegar a unha meirande equidade, desexada en todos os planos vitais e tamén en saúde.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten o Goberno galego un plan específico sobre a atención integral á saúde das mulleres na actualidade?
2. Está o Goberno galego cumprindo coas formulacións do Plan de atención integral de saúde das mulleres?



3. Realizou o Goberno galego algún informe que avaliasse o desenvolvemento do plan?
4. Non considera o Goberno galego que o Plan de atención integral de saúde das mulleres sería unha estratexia útil na actualidade?
5. Mantén o Goberno galego como obxectivo a consecución dunha igualdade real de xénero tamén no eido sanitario?
6. Que medidas e formulacións estratéxicas está a manter o Goberno galego en relación á atención sanitaria específica para mulleres? Que resultados considera que están a obter?

Pazo do Parlamento, 3 de marzo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
María Luisa Pierres López  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 03/03/2017 11:32:58**

**María Luisa Pierres López na data 03/03/2017 11:33:03**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 03/03/2017 11:33:07**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/03/2017 11:33:13**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.52 6134(10/PRE-000899)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o mantemento dalgún contacto do Goberno galego co Goberno central para intentar desbloquear a paralización dos expedientes de adopción de familias galegas en Burundi e Etiopía tras o peche da entidade que os viña tramitando, se é o caso, o tipo de colaboración que van establecer para ese fin e a valoración da posibilidade de realizar os últimos trámites pola vía diplomática, así como a asunción pola Xunta de Galicia da xestión deses expedientes e das devolucións dos importes aboados

*Publicación da iniciativa, 85, 17.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/03/2017 17:12  
Nº Rexistro: 6134  
Data envío: 06/03/2017 17:12:10.350



 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Abel Losada Alvarez**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os problemas económicos da ONG Addis Galicia, Entidade Colaboradora de Adopción Internacional (ECAI), acreditada polo Goberno galego, poñen o punto final ás adopcións en Etiopía e Burundi que levaban tramitando dende hai cinco anos case un centenar de familias españolas nesta entidade.

A Consellería de Política Social notificou recentemente ás familias adoptantes, o peche da ECAI explicando que Addis Galicia non pode cumprir co Plan de viabilidade económica presentado ante a Dirección Xeral, pero non aclara que pasará cos procesos de adopción que levan en marcha, en moitos casos, cinco anos. Tampouco os das familias que, ademais, xa teñen por exemplo asignado un neno en Etiopía, e pagan 215 euros ao mes ao orfanato para a súa manutención.

O anuncio do peche da entidade situada en Vigo prodúcese só unha semana despois de que a mesma consellería autorizase á ONG o cobro ás familias dunhas tarifas extraordinarias para continuar cos trámites de 6.700 euros aos adoptantes en Burundi e de 14.000 aos de Etiopía, a maiores dos 10.000 xa comprometidos na firma do contrato e abonados case na súa totalidade polas familias.

No caso de Burundi, onde esta ECAI era ata agora a única que xestionaba adopcións en España, o peche afecta a 30 familias con expedientes abertos. Dez son de Andalucía e nove de Galicia mentres que o resto corresponden a Madrid, Valencia, Castela e León, Asturias e Cantabria. A estes súmanse os 51 (49 galegos e dous asturianos) que estaban en marcha para adoptar en Etiopía.

A autoridade competente en materia de adopción internacional segundo a Lei 54/2007 e a Lei 26/2015 é o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e

Igualdade, en cooperación coas comunidades nas que son residentes os adoptantes.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Tralo peche da ECAI, púxose en contacto a Xunta de Galicia co Goberno de España para intentar desbloquear os expedientes de adopción de familias galegas en Burundi e Etiopía?
2. En caso afirmativo, que tivo de colaboración van establecer a Xunta de Galicia e o Goberno de España para tentar resolver a situación das familias galegas que están pendentes de adoptar en Etiopía e/ou Burundi?
3. Contempla o Goberno galego a posibilidade de tramitar os últimos pasos destes expedientes pola vía diplomática?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia responsabilizarse dos expedientes de adopción así como das devolucións dos importes aboados polo solicitantes?
5. Tendo en conta que algúns dos trámites de adopción xa case están finalizados, recibiu o Goberno galego algunha comunicación ao respecto das autoridades de Etiopía ou Burundi nos derradeiros meses?

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Abel Losada Alvarez

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/03/2017 16:58:44**

**Julio Torrado Quintela na data 06/03/2017 16:58:50**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/03/2017 17:12**  
**Nº Rexistro: 6134**  
Data envío: 06/03/2017 17:12:10.350



---

 **Grupo Parlamentario**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2017 16:58:54**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.53 6267(10/PRE-000904)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da realidade das mulleres coidadoras de persoas dependentes e o seu potencial padecemento da síndrome de "burnout", ou do traballador queimado, a súa opinión en relación coa necesidade de desenvolver liñas estratéxicas específicas para a atención a esas mulleres nos eidos psicolóxico, laboral, formativo e pedagóxico, e os datos ao respecto

*Publicación da iniciativa, 85, 17.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 12:43  
Nº Rexistro: 6267  
Data envío: 08/03/2017 12:43:14.670



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O síndrome do/da traballador/traballadora queimado/queimada, coñecido como *burnout*, é estudado dende os anos 70 e apunta a que as persoas que desempeñan labores estresantes, onde habitúan a recibir estímulos negativos persoais e contextuais e están en contacto con situacións difíciles de maneira constante, tenden a desenvolver problemas de carácter psicolóxico e emocional, como o desapego polo labor realizado, a percepción de ineficacia e a perda de motivación. Este tipo de síndromes dáse máis frecuentemente entre as persoas que traballan con situacións de dificultade e que tratan habitualmente con persoas.

O contexto do coidado ás persoas dependentes é un entorno propicio para a aparición desta problemática. Aos problemas asociados á dureza das condicións das persoas dependentes súmanse os problemas engadidos para as persoas que se encargan do coidado, e que teñen que afrontar a carga de traballo físico e emocional que supón. Unha enorme porcentaxe de persoas que se dedican a estas funcións son mulleres, en continuidade coa radicada atribución ao rol feminino do coidado das persoas, especialmente no caso dos familiares. Atopámonos, por tanto, ante unha situación que presenta problemas específicos para as mulleres coidadoras en catro eidos:

- a) Psicolóxico: padecemento de síntomas do síndrome, ou o seu inicio, e incapacidade para xestionar a situación con ferramentas de afrontamento psicolóxico.
- b) Laboral: polo deficiente regulamento da situación na que se atopan estas mulleres.
- c) Formativo: debido á ausencia de formación para o desenvolvemento do seu traballo (habilidades de atención, planificacións horarias, técnicas para a optimización do esforzo físico ....)

d) Pedagóxico: co fin de transformar a percepción social de que o coidado de persoas dependentes é “un labor de mulleres”, e contribuír a unha igualdade máis real.

Perante esta situación, as mulleres coidadoras deben ser consideradas como colectivo en risco de padecer síndrome do queimado, o que debera conlevar o desenvolvemento de liñas de actuación específicas que tiveran en conta esta situación e a afrontaran de maneira específica.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten o Goberno galego coñecemento da realidade das mulleres coidadoras e o seu potencial padecemento destas consecuencias do seu traballo?
2. Considera o Goberno galego necesario desenvolver liñas estratéxicas específicas para a atención á muller coidadora que contemplan os eidos: psicolóxico, laboral, formativo, pedagóxico?
3. Ten o Goberno galego unha estimación de cantas mulleres coidadoras de persoas dependentes hai en Galicia?
4. Ten o Goberno galego unha estimación das atencións que se prestaron dende o Sergas a mulleres cuxo/s problema/s médicos teñen a súa orixe fundamental na dedicación ao coidado de persoas dependentes?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
María Luisa Pierres López  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/03/2017 12:43**  
**Nº Rexistro: 6267**  
Data envío: 08/03/2017 12:43:14.670



 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 08/03/2017 09:55:54**

**María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 09:56:09**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/03/2017 09:56:12**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.54 6273(10/PRE-000905)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non ter avanzado no cumprimento dalgúns aspectos do acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 referido á mellora da atención sanitaria á doenza da endometriose, as previsións ao respecto e a súa avaliación en relación coa situación das mulleres que padecen esa doenza no tocante ao coñecemento da enfermidade, nivel de tratamento e formación do persoal sanitario para o tratamento específico

*Publicación da iniciativa, 85, 17.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 12:44  
Nº Rexistro: 6273  
Data envío: 08/03/2017 12:44:42.748



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A endometriose, unha das doenzas máis enigmáticas e controvertidas da xinecoloxía, é unha enfermidade inflamatoria estrógeno - dependente de orixe descoñecida que se define como a implantación e crecemento benigno de tecido endometrial fóra do útero, sendo as localizacións máis frecuentes afectadas pola endometriose o peritoneo pélvico e os ovarios.

Aínda así poden atoparse lesións no intestino, vexiga, estómago, pulmón, etc. A demora no diagnóstico de endometriose é frecuente calculándose que dende o inicio dos síntomas ao seu diagnóstico poden pasar uns 8 anos. Os estudosos/estudosas consideran que a endometriose afecta cando menos ao 10 % das mulleres en idade fértil e de se confirmar este dato en Galicia podería haber arredor dunhas 60.000 mulleres afectadas por endometriose.

O 22 de abril de 2015 aprobouse no Parlamento de Galicia unha iniciativa que definiu algúns avances a facer na detección, tratamento e investigación desta doenza. Concretamente o acordo por unanimidade indicaba:

- 1. Difundir a Guía de coidados a mulleres con endometriose publicada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, entre os profesionais e as profesionais sanitarias que atenden estas mulleres (persoal de xinecoloxía, persoal de medicina en atención primaria, persoal de enfermaría, matronas e matróns...) co fin de mellorar a atención que reciben as enfermas con endometriose.*
- 2. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de poñer en marcha un Plan de detección precoz da endometriose.*
- 3. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de levar a cabo a creación de unidades de endometriose especializadas e multidisciplinarias nos hospitais públicos de Galicia.*

4. *Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de facilitar as derivacións das pacientes con endometriose grao IV a unidades especializadas, incluíndo outras áreas sanitarias (mesmo fóra de Galicia) mentres non as haxa na área propia da doente ou as existentes non poidan asumir todos os casos.*

5. *Fomentar o coñecemento da doenza por parte das mulleres en idade fértil e de maneira singular entre as menores de 25 anos.*

6. *Transmitir aos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia a necesidade de fomentar a investigación sobre a endometriose.*

A pesares dalgúns avances tímidos, moitas das cuestións demandadas polos colectivos afectados, e que foron parte do acordo aprobado.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que non se ten avanzado no cumprimento dalgúns aspectos do texto acordado por unanimidade dos grupos en abril de 2015?
2. Que aspectos do acordo ten cumpridos o Goberno galego?
3. Que previsión ten o Goberno galego de cumprimento dos aspectos do acordo aínda sen realizar?
4. Que avaliación fai o Goberno galego da situación das mulleres enfermas de endometriose?
5. Considera o Goberno galego axeitada a situación das mulleres afectadas por endometriose en termos de coñecemento da enfermidade, nivel do tratamento e formación do persoal sanitario para o tratamento específico?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

María Luisa Pierres López

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/03/2017 12:44**  
**Nº Rexistro: 6273**  
Data envío: 08/03/2017 12:44:42.748



 **Grupo Parlamentario**

**Julio Torrado Quintela na data 08/03/2017 10:10:51**

**María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 10:10:57**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/03/2017 10:11:02**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.55 6281(10/PRE-000906)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre a detección polo Goberno galego dalgún suposto de mutilación xenital feminina practicado en Galicia ou fóra dela, pero con mulleres residentes no territorio galego, o orzamento destinado á prevención desa práctica e a existencia en Galicia de programas para ese fin, así como, se é o caso, os datos referidos ao seu deseño e desenvolvemento

*Publicación da iniciativa, 85, 17.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 12:47  
Nº Rexistro: 6281  
Data envío: 08/03/2017 12:47:04.576



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Cada ano, 3 millóns de nenas son sometidas a mutilación xenital feminina, da que xa 200 millóns de mulleres e nenas teñen sido vítimas en todo o mundo, pese a estar prohibida legal ou constitucionalmente na maioría dos países con maior prevalencia, como Guinea (97 %), Serra Leona (90 %), Malí (89 %), Etiopía (74 %), Guinea Bissau (50 %) ou Exipto (92 %). Neste último país, por exemplo, a súa práctica está prohibida dende 2008 pero o 92 % das mulleres e nenas foron sometidas a mutilación xenital e, na maioría dos casos, é practicada por profesionais médicos/médicas, o que dificulta a súa erradicación, sobre todo porque máis do 50 % das mulleres e homes consideran que debe continuar.

En España a mutilación xenital feminina está perseguida penalmente: é un delito dende o ano 2003 castigado cunha pena de 6 a 12 anos. Non obstante, constitúe unha práctica non está erradicada naquelas comunidades que a consideran unha norma social e cultural. Unha mostra de que no noso país non está erradicada é a noticia destes días de que os Mossos d'Esquadra levaron ao Xulgado 3 casos de nenas da comarca do Gironès a quen se lles practicou a ablación de clítoris, todas menores de idade.

A mutilación xenital é un atentado contra os dereitos humanos das mulleres: atenta contra a súa vida, carrega traumas e provoca complicacións físicas de por vida e, aínda que a lexislación é fundamental, ten resultado insuficiente para erradicala, sendo a sensibilización das comunidades a mellor ferramenta para rematar con ela e para que as propias vítimas e os seus familias sexan axentes de cambio de normas sociais e culturais ancestrais. Constitúe un trato inhumano e degradante incluído, xunto á tortura, nas prohibicións do artigo 3 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten o Goberno galego detectado algún suposto de mutilación xenital feminina na nosa Comunidade Autónoma, tanto practicado en Galicia como fóra pero con mulleres residentes galegas?
2. Que cantidade exacta ten a nosa Comunidade Autónoma sinalada expresamente no orzamento para actuacións contra os casos de mutilación xenital feminina, nos apartados da prevención?
3. Hai en Galicia programas para previr a mutilación xenital feminina?
4. Se a resposta anterior fose positiva, ten datos o Goberno galego de cantas persoas fixeron uso deses programas no ano 2016, especialmente destinados aos grupos de poboación inmigrante?
5. Sabe o Goberno galego cantos e en que tipo de centros se teñen difundido guías ou folletos para previr a mutilación xenital feminina?
6. Sabe o Goberno galego cantos e que tipo de profesionais hai involucrados no deseño de programas específicos dirixidos a previr a mutilación xenital feminina?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/03/2017 12:47**  
**Nº Rexistro: 6281**  
Data envío: 08/03/2017 12:47:04.576



 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2017 10:29:29**

**María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 10:29:35**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/03/2017 10:29:40**

**Julio Torrado Quintela na data 08/03/2017 10:29:44**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2017 10:29:50**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2017 10:29:53**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.56 6289(10/PRE-000907)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis

Sobre os datos referidos á información desagregada por sexos recibida pola Xunta de Galicia durante o mes de xaneiro de 2017 respecto da composición dos consellos de administración das empresas domiciliadas en Galicia, ou das que teñen calquera tipo de representación nela, así como o número de notas públicas favorables e de recomendacións emitidas polo Goberno galego no ano 2016 en relación co incremento gradual da participación das mulleres neles

*Publicación da iniciativa, 85, 17.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 12:49  
Nº Rexistro: 6289  
Data envío: 08/03/2017 12:49:42.201



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A desigualdade entre mulleres e homes ten o seu reflexo como noutros moitos ámbitos, no mundo do traballo e nas relacións interpersoais que no mesmo se articulan conformando unha distinta posición de saída en canto ás oportunidades de acceso a un emprego de calidade, principalmente naqueles sectores mellor remunerados, así como no desenvolvemento da súa carreira profesional.

No ámbito estatal veuse desenvolvendo unha adaptación normativa extensa co obxectivo de trasladar todo o acervo comunitario existente en materia de igualdade entre homes e mulleres, asunto xa recollido en 1978 pola Constitución nos seus artigos 14 e 9.2.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece no seu título IV, capítulos I ao IV, toda unha batería de medidas para garantir o dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.

No eido autonómico, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, aborda no capítulo VI a igualdade laboral, establecendo no seu artigo 23 o Programa de apoio ás empresas con plans de igualdade, con medidas como o outorgamento de subvencións; a concesión do distintivo de excelencia en políticas de igualdade, ou a preferencia na concesión de contratos con esta Administración.

Como un paso máis na efectiva consecución de ditos obxectivos de igualdade, aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Unha lei consensuada coas organizacións empresariais e sindicais, cos municipios, coas asociacións de mulleres, coa sociedade civil.

 Grupo Parlamentario  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Unha lei que avanza propostas para introducir a igualdade de forma transversal na esfera laboral, que aposta pola plena incorporación das mulleres en clave de igualdade no mundo do traballo e da empresa, que considera a homes e mulleres imprescindibles para o crecemento económico e para o incremento do tecido produtivo.

O empresariado galego non pode nin quere anquilosarse no pasado. A súa responsabilidade como parte fundamental da economía e da sociedade da nosa comunidade debe atender ás novas esixencias sociais que implican a asunción do principio de igualdade como parte vertebradora das políticas empresariais deste país.

Os datos estatísticos do mercado de traballo e a análise da evolución da actividade, ocupación e desemprego, especialmente no referido ás mulleres, reflicten que existen diferenzas significativas en termos de igualdade. Segundo os últimos datos do estudo sobre salarios do Instituto Galego de Estatística (IGE), correspondentes ao ano 2015, a retribución anual media bruta na comunidade para os homes roldaba os 20.000 euros, mentres que a das mulleres superaba por pouco os 15.500, o que se traduce en que estas gañaban un 22,1 % menos que os homes. Unha situación especialmente preocupante nas menores de 30 anos, onde as taxas de temporalidade se disparan por encima do 60 % independentemente do nivel de preparación. Igual de preocupante é que un 42 % das desempregadas, ao redor de 17.400, que están a buscar un posto leven máis de dous anos tentándoo, o que provoca que algunhas desistan no seu intento e se desliguen do mercado laboral.

Fundamental é tamén a promoción da participación das mulleres nos consellos de administración das empresas, que seguen a pesares de termos un nivel de formación superior aos dos homes, infrarepresentadas nestes órganos e en outros postos de alta dirección. En moitos casos esta discriminación obedece ao que se coñece como “mobbing maternal”, entendido como toda discriminación laboral da muller polo feito de ser nai,

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferenzas nas

condicións de traballo e, en particular na remuneración entre mulleres e homes.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Recibiu a Xunta de Galicia durante o mes de xaneiro deste ano a información desagregada por sexos sobre a composición dos consellos de administración das empresas domiciliadas en Galicia?
2. En caso afirmativo, qué resultados arrojan ditos datos?
3. Cal é a evolución destes datos con respecto aos catro anos anteriores?
4. Cantas notas públicas favorables, e recomendacións sobre o incremento gradual da participación das mulleres nos consellos de administración, emitiu o Goberno galego ao respecto durante o ano 2016?
5. Cantas empresas con axencia, sucursal, delegación, ou calquera outra representación en Galicia, remitiron voluntariamente dita información ao departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo?
6. Cal é a evolución destes datos con respecto aos catro anos anteriores?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Julio Torrado Quintela  
Patricia Vilán Lorenzo  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/03/2017 12:49**  
**Nº Rexistro: 6289**  
Data envío: 08/03/2017 12:49:42.201



 **Grupo Parlamentario**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/03/2017 12:29:53**

**María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 12:29:59**

**Julio Torrado Quintela na data 08/03/2017 12:30:03**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2017 12:30:08**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2017 12:30:12**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2017 12:30:14**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.57 6294(10/PRE-000908)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a xestión levada a cabo e as actividades desenvolvidas pola Unidade Administrativa de Igualdade durante a IX lexislatura

*Publicación da iniciativa, 85, 17.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 12:52  
Nº Rexistro: 6294  
Data envío: 08/03/2017 12:52:22.435



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A desigualdade entre mulleres e homes ten o seu reflexo como noutros moitos ámbitos, no mundo do traballo e nas relacións interpersoais que no mesmo se articulan conformando unha distinta posición de saída en canto ás oportunidades de acceso a un emprego de calidade, principalmente naqueles sectores mellor remunerados, así como no desenvolvemento da súa carreira profesional.

Os datos estatísticos do mercado de traballo e a análise da evolución da actividade, ocupación e desemprego, especialmente no referido ás mulleres, reflicten que existen diferenzas significativas en termos de igualdade. Segundo os últimos datos do estudo sobre salarios do Instituto Galego de Estatística (IGE), correspondentes ao ano 2015, a retribución anual media bruta na comunidade para os homes roldaba os 20.000 euros, mentres que a das mulleres superaba por pouco os 15.500, o que se traduce en que estas gañaban un 22,1 % menos que os homes. Unha situación especialmente preocupante nas menores de 30 anos, onde as taxas de temporalidade se disparan por encima do 60 % independentemente do nivel de preparación. Igual de preocupante é que un 42 % das desempregadas, ao redor de 17.400, que están a buscar un posto leven máis de dous anos tentándoo, o que provoca que algunhas desistan no seu intento e se desliguen do mercado laboral.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferenzas nas condicións de traballo e, en particular na remuneración entre mulleres e homes.

No referente ao emprego, o traballo, a formación profesional e ámbitos relacionados, existen directivas de importantes repercusións, que van dende



a 75/117/CEE, relativa ao principio de igualdade na retribución, ata a Directiva 2006/54/CE. O obxectivo desta última é simplificar, modernizar e mellorar a lexislación comunitaria no ámbito da igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación, reunindo nun único texto as disposicións das directivas sobre este tema, co fin de facelas máis claras e eficaces. A través delas se foron recollendo as necesidades de regulamentación nas políticas económicas dos estados e na vida laboral de homes e mulleres.

O Tratado de Amsterdam, que entrou en vigor en 1999, marcou un punto de inflexión en canto á incorporación efectiva do principio de igualdade no ámbito do emprego, ao abrir co seu artigo 141.4 a posibilidade de articular accións positivas para as mulleres, de cara a lograr a igualdade real.

No ámbito estatal veuse desenvolvendo unha adaptación normativa extensa co obxectivo de trasladar todo o acervo comunitario existente en materia de igualdade entre homes e mulleres, asunto xa recollido en 1978 pola Constitución nos seus artigos 14 e 9.2.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece no seu título IV, capítulos I ao IV, toda unha batería de medidas para garantir o dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.

No eido autonómico, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, aborda no capítulo VI a igualdade laboral, establecendo no seu artigo 23 o Programa de apoio ás empresas con plans de igualdade, con medidas como o outorgamento de subvencións; a concesión do distintivo de excelencia en políticas de igualdade, ou a preferencia na concesión de contratos con esta Administración.

Como un paso máis na efectiva consecución de ditos obxectivos de igualdade, aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Unha lei consensuada coas organizacións empresariais e sindicais, cos municipios, coas asociacións de mulleres, e coa sociedade civil, que avanza propostas para introducir a igualdade de forma transversal na esfera laboral, que aposta pola plena incorporación das mulleres en clave de igualdade no

mundo do traballo e da empresa, que considera a homes e mulleres imprescindibles para o crecemento económico e para o incremento do tecido produtivo. Entre os instrumentos descritos nesta norma no título I para a consecución da igualdade no traballo, no capítulo II figura a descrición e as funcións da Unidade Administrativa de Igualdade do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, como órgano encargado de integrar a dimensión de xénero no ámbito do citado departamento.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Durante a pasada lexislatura, cantas recomendacións por iniciativa propia realizou aos órganos competentes en materia de traballo a Unidade Administrativa de Igualdade no referente a medidas de fomento da creación de empresas ou contratación de mulleres con especiais dificultades de inserción laboral, ou en situacións marcadas pola desvantaxe social, á promoción profesional de mulleres a postos de responsabilidade e en canto a estimular a participación de mulleres en profesións tradicionalmente masculinas, e igualmente a de homes en profesións tradicionalmente femininas?
2. Que medidas estableceu durante a pasada lexislatura, a Unidade Administrativa de Igualdade a respecto de impulsar e establecer medidas para a participación equilibrada de mulleres e homes nos postos de traballo dos organismos dependentes do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo?
3. Que propostas realizou, durante a pasada lexislatura, a Unidade Administrativa de Igualdade para garantir a efectividade do principio de igualdade entre mulleres e homes no ámbito laboral, tanto público como privado en Galicia, en especial a respecto da igualdade das retribucións salariais e extrasalariais?
4. A cantas empresas asesorou en materia laboral para a implantación, aplicación, control e mellora de plans de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes a Unidade Administrativa de Igualdade?
5. Nas revisións dos convenios colectivos dende a perspectiva de xénero das que se encarga a Unidade Administrativa de Igualdade, a presenza de cántas cláusulas discriminatorias comunicou, durante a pasada

lexislatura, á Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva?

6. Que actividades de formación en materia de igualdade por razón de xénero dirixidas a empresas, organizacións empresariais, representacións unitarias de traballadores e traballadoras e organizacións sindicais organizou durante a pasada lexislatura a Unidade Administrativa de Igualdade?
7. Durante a pasada lexislatura, elaborou a Unidade Administrativa de Igualdade algunha guía e/ou manual de difusión sobre a igualdade de oportunidades no ámbito laboral entre mulleres e homes?
8. Cales foron as propostas que durante a pasada lexislatura realizou a Unidade Administrativa de Igualdade para a concesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/03/2017 10:33:28**

**María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 10:33:34**

**Julio Torrado Quintela na data 08/03/2017 10:33:39**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.58 6301(10/PRE-000909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre os datos referidos ao apoio económico e técnico prestado pola Xunta de Galicia durante a IX lexislatura ás empresas para a implantación voluntaria de plans de igualdade ou doutras medidas para a súa promoción, así como o control levado a cabo ao respecto

*Publicación da iniciativa, 85, 17.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 12:54  
Nº Rexistro: 6301  
Data envío: 08/03/2017 12:54:17.310



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A nosa sociedade enfróntase ao reto de asumir e propiciar que as mulleres desenvolvan un papel máis activo nos ámbitos públicos, económicos e, especialmente, nos postos que implican a toma de decisións socialmente importantes, pois un dos principais obstáculos para o afianzamento do principio de igualdade, na sociedade galega actual é a desigualdade no acceso aos postos de responsabilidade e toma de decisións no ámbito do traballo e a inserción, permanencia e promoción no emprego das mulleres.

Este cambio na estrutura social non é só un cambio económico, senón que vén acompañado dun novo contrato social baseado en compartir as responsabilidades e funcións. As mulleres convertéronse, precisamente, nun dos motores deste cambio transgredindo positivamente os roles tradicionais e incorporándose a todos os ámbitos públicos. E esta é, en definitiva, a maior achega que están a facer tanto a favor do mercado de traballo como da sociedade.

Os datos estatísticos do mercado de traballo e a análise da evolución da actividade, ocupación e desemprego, especialmente no referido ás mulleres, reflicten que existen diferenzas significativas en termos de igualdade.

Segundo os últimos datos do estudo sobre salarios do Instituto Galego de Estatística (IGE), correspondentes ao ano 2015, a retribución anual media bruta na comunidade para os homes roldaba os 20.000 euros, mentres que a das mulleres superaba por pouco os 15.500, o que se traduce en que estas gañaban un 22,1 % menos que os homes. Unha situación especialmente preocupante nas menores de 30 anos, onde as taxas de temporalidade se disparan por encima do 60 % independentemente do nivel de preparación.

Igual de preocupante é que un 42 % das desempregadas, ao redor de 17.400, que están a buscar un posto leven máis de dous anos tentándoo, o

que provoca que algunhas desistan no seu intento e se desliguen do mercado laboral.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferenzas nas condicións de traballo e, en particular na remuneración entre mulleres e homes.

Pero esta achega para o cambio require do apoio das institucións, xa que o enorme esforzo realizado para situar aos distintos colectivos de mulleres nunha situación igualitaria ante o emprego está condicionado pola existencia de múltiples barreiras sociais e culturais que aínda dificultan a mellora da ocupabilidade e a plena incorporación ao ámbito laboral.

Estes obstáculos, baseados en estereotipos profundamente enraizados actúan a través dos roles sociais nas persoas que ofrecen emprego como freos para a contratación, e se traducen na cronificación de situacións de desigualdade e na perpetuación de condicións discriminatorias.

No referente ao emprego, o traballo, a formación profesional e ámbitos relacionados, existen directivas de importantes repercusións, que van dende a 75/117/CEE, relativa ao principio de igualdade na retribución, ata a Directiva 2006/54/CE. O obxectivo desta última é simplificar, modernizar e mellorar a lexislación comunitaria no ámbito da igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación, reunindo nun único texto as disposicións das directivas sobre este tema, co fin de facelas máis claras e eficaces. A través delas se foron recollendo as necesidades de regulamentación nas políticas económicas dos estados e na vida laboral de homes e mulleres.

O Tratado de Amsterdam, que entrou en vigor en 1999, marcou un punto de inflexión en canto á incorporación efectiva do principio de igualdade no ámbito do emprego, ao abrir co seu Art. 141.4 a posibilidade de articular accións positivas para as mulleres, de cara a lograr a igualdade real.

No ámbito estatal veuse desenvolvendo unha adaptación normativa extensa co obxectivo de trasladar todo o acervo comunitario existente en materia

de igualdade entre homes e mulleres, asunto xa recollido en 1978 pola Constitución nos seus artigos 14 e 9.2.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece no seu título IV, capítulos I ao IV, toda unha batería de medidas para garantir o dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.

No eido autonómico, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, aborda no capítulo VI a igualdade laboral, establecendo no seu Art. 23 o Programa de Apoio ás Empresas con plans de igualdade, con medidas como o outorgamento de subvencións; a concesión do distintivo de excelencia en políticas de igualdade, ou a preferencia na concesión de contratos con esta Administración.

Como un paso máis na efectiva consecución de ditos obxectivos de igualdade, aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Unha lei consensuada coas organizacións empresariais e sindicais, cos municipios, coas asociacións de mulleres, coa sociedade civil.

O empresariado galego non pode nin quere anquilosarse no pasado. A súa responsabilidade como parte fundamental da economía e da sociedade da nosa comunidade debe atender ás novas esixencias sociais que implican a asunción do principio de igualdade como parte vertebradora das políticas empresariais deste país.

Nese senso, a *Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia* contempla no Capítulo I do Título II “Promoción da igualdade nas empresas”, o apoio económico e técnico para a implantación voluntaria de plans de igualdade ou doutras medidas de promoción da igualdade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Durante a IX lexislatura, a cantas empresas e por que importe prestou o Goberno galego apoio económico e técnico para a implantación voluntaria de plans de igualdade ou doutras medidas de promoción da igualdade?
2. Durante a pasada lexislatura, cal foi o orzamento que dedicou a Xunta de Galicia para a subvención de contratación de persoal especializado para asesorar na elaboración dos plan de igualdade?
3. Cal foi o importe das axudas (desglosado por empresa) para a implantación de plans de igualdade, concedidas por parte do Goberno galego durante a pasada lexislatura a pequenas e medianas empresas con limitados recursos económicos, que teñan domicilio social en Galicia ou con axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación na nosa comunidade?
4. Realizou a Xunta de Galicia, a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social, o seu labor de vixilancia e inspección sobre as empresas con axudas públicas para verificar a implantación do plan ou das medidas, e, de non se cumprir, proporase a revogación das axudas e o seu reintegro?
5. En caso afirmativo, cantas irregularidade detectou na utilización destas axudas públicas?
6. Cal foi o importe total das axudas convocadas pola Xunta de Galicia durante a pasada lexislatura para favorecer a eliminación da infrarepresentación laboral feminina coa finalidade de posibilitar a participación das mulleres nos ámbitos laborais e empresariais tradicionalmente ocupados por homes?
7. De cara a favorecer a conciliación, abriu o goberno galego algunha liña de investigación orientada a adaptar os tempos e os horarios laborais, coa convocatoria de axudas ao efecto?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Julio Torrado Quintela





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/03/2017 12:54**  
**Nº Rexistro: 6301**  
Data envío: 08/03/2017 12:54:17.310



 **Grupo Parlamentario**

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/03/2017 10:39:57**

**María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 10:40:04**

**Julio Torrado Quintela na data 08/03/2017 10:40:09**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.59 6309(10/PRE-000910)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do número de centros de información e asesoramento ás mulleres necesarios en Galicia e os datos referidos ao orzamento destinado para ese fin

*Publicación da iniciativa, 85, 17.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 12:56  
Nº Rexistro: 6309  
Data envío: 08/03/2017 12:56:28.889



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O dereito fundamental da igualdade de mulleres e de homes constitúe un valor fundamental para a democracia e é una necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que desexa erradicar o sistema patriarcal androcéntrico e sexista.

A fin de que se cumpra plenamente este dereito, non solo ten que recoñecerse legalmente, senón que debe exercerse de forma efectiva implicando todos os aspectos da vida: políticos, económicos, sociais e culturais.

Unha das obrigas legais do Goberno galego en materia de igualdade é a de “*garantir o funcionamento de centros e servizos de información e asesoramento ás mulleres en número e dotacións suficientes*”.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantos centros de información e asesoramento ás mulleres cre o Goberno que son necesarios na Comunidade Autónoma de Galicia?
2. Cal é o orzamento que dedica a Xunta de Galicia a tal fin e a cada un deles en particular?
3. Considera o Goberno galego suficiente dita partida orzamentaria?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Patricia Vilán Lorenzo  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Manuel Díaz Villoslada



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/03/2017 12:56  
**Nº Rexistro: 6309**  
Data envío: 08/03/2017 12:56:28.889



 **Grupo Parlamentario**

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 10:46:32**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2017 10:46:36**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2017 10:46:42**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2017 10:46:43**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.60 6319(10/PRE-000912)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o número de empresas que teñen a distinción Marca Galega de Excelencia en Igualdade, desde a súa entrada en vigor, o alcance por esta dos obxectivos fixados para a súa creación e o número máximo de empresas ás que se lles concedeu

*Publicación da iniciativa, 85, 17.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 12:58  
Nº Rexistro: 6319  
Data envío: 08/03/2017 12:58:50.029



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O dereito fundamental da igualdade de mulleres e de homes constitúe un valor fundamental para a democracia e é una necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que desexa erradicar o sistema patriarcal androcéntrico e sexista.

A fin de que se cumpra plenamente este dereito, non solo ten que recoñecerse legalmente, senón que debe exercerse de forma efectiva implicando todos os aspectos da vida: políticos, económicos, sociais e culturais.

A Marca Galega de Excelencia en Igualdade é un distintivo a través do cal a Xunta de Galicia lles da recoñecemento a aquelas empresas (públicas ou privadas) que destacan na aplicación das políticas de igualdade.

Este distintivo, presentado polo Goberno galego con motivo da celebración de tal día como hoxe, Día Internacional da Muller no ano 2010, supoñía un recoñecemento explícito da Xunta de Galicia ás empresas que destacan pola aplicación de políticas de igualdade.

Ademais, naquel momento, augurábase que o distintivo serviría de estímulo e como ferramenta para avanzar no desenvolvemento do principio de equidade no ámbito empresarial, na economía e na sociedade galega.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantas empresas contan, desde a súa entrada en vigor, coa distinción Marca Galega de Excelencia en Igualdade?
2. Ten acadado a distinción Marca Galega de Excelencia en Igualdade os obxectivos para os que foi creada?
3. Cal foi o número máximo de empresas que contaron coa distinción (en caso de existir algunha empresa que teña perdido tal distinción)?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Patricia Vilán Lorenzo  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 10:54:25**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2017 10:54:30**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2017 10:54:34**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2017 10:54:36**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.61 6324(10/PRE-000913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a frecuencia das reunións do Consello Galego das Mulleres, os informes realizados por cada unha das tres comisións que o conforman e a súa publicación, así como sobre a existencia dalgunha conclusión en relación coa reorganización dos tempos de traballo e a conciliación entre a vida familiar e a vida laboral

*Publicación da iniciativa, 85, 17.03.2017*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 13:00  
Nº Rexistro: 6324  
Data envío: 08/03/2017 13:00:01.935



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O dereito fundamental da igualdade de mulleres e de homes constitúe un valor fundamental para a democracia e é una necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que desexa erradicar o sistema patriarcal androcéntrico e sexista.

A fin de que se cumpra plenamente este dereito, non solo ten que recoñecerse legalmente, senón que debe exercerse de forma efectiva implicando todos os aspectos da vida: políticos, económicos, sociais e culturais.

O Consello Galego das Mulleres constituído en marzo de 2014, co fin de actuar como canal de participación efectiva de institucións e asociación no deseño de políticas de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, da discriminación e da promoción da igualdade entre homes e mulleres, ademais de dar asesoramento en materia desigualdade.

É un órgano colexiado de carácter consultivo que ten como función elevar propostas e iniciativas aos poderes públicos, elaborar informes sobre a situación e perspectivas da igualdade e investigar a realidade das mulleres galegas.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Con que frecuencia se reúne o Consello Galego das Mulleres?
2. Cales son os informes realizados por cada unha das tres comisións que o forman (muller rural, sobre a diversidade funcional e sobre a situación sociolaboral)?
3. Foron publicitados ditos informes?

4. Hai algunha conclusión sobre a reorganización dos tempos de traballo e a conciliación da vida familiar e da vida laboral?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Patricia Vilán Lorenzo  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 11:03:23**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2017 11:03:28**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2017 11:03:32**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2017 11:03:34**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.62 6329(10/PRE-000914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a valoración da Comisión Interdepartamental de Igualdade respecto do cumprimento da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como do desenvolvemento do VI Plan de igualdade de Galicia, a necesidade de introducir novas medidas nesa lei, a suficiencia do orzamento destinado a eses obxectivos e o nivel de execución da dotación orzamentaria asignada a ese plan

*Publicación da iniciativa, 85, 17.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 13:01  
Nº Rexistro: 6329  
Data envío: 08/03/2017 13:01:03.560



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O dereito fundamental da igualdade de mulleres e de homes constitúe un valor fundamental para a democracia e é una necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que desexa erradicar o sistema patriarcal androcéntrico e sexista.

A fin de que se cumpra plenamente este dereito, non solo ten que recoñecerse legalmente, senón que debe exercerse de forma efectiva implicando todos os aspectos da vida: políticos, económicos, sociais e culturais.

A Comisión Interdepartamental de Igualdade foi constituída en marzo de 2013. Ten como obxectivo o seguimento da aplicación da Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, enriquecemento, revisión e implantación das 320 actuacións recollidas no VI Plan galego para a igualdade entre homes e mulleres.

Foi definido polo Goberno como un órgano fundamental que se ía encargar de reforzar a integración do principio de transversalidade de xénero en todas as políticas e acción da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai dita comisión do cumprimento da Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero?
2. Considera necesario modificar/complementar dita lei con novas medidas?
3. Considera suficiente o orzamento dedicado a este obxectivo coa intención de erradicar a violencia de xénero da nosa sociedade?
4. Con que frecuencia se reúne dita comisión?

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

5. Como valora o desenvolvemento do VI Plan de igualdade de Galicia?
6. Realizou algún informe ao remate do mesmo?
7. Cal foi o orzamento executado do total dos 220 millóns de euros destinados inicialmente?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Patricia Vilán Lorenzo  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 11:06:39**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2017 11:06:44**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2017 11:06:49**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2017 11:06:51**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.63 6330(10/PRE-000915)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a composición e a relación de persoas que forman parte dos consellos de administración, consellos reitores ou de dirección, ou equipos directivos de diversos entes dependentes da Xunta de Galicia

*Publicación da iniciativa, 85, 17.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 13:01  
Nº Rexistro: 6330  
Data envío: 08/03/2017 13:01:16.717



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O dereito fundamental da igualdade de mulleres e de homes constitúe un valor fundamental para a democracia e é una necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que desexa erradicar o sistema patriarcal androcéntrico e sexista.

A fin de que se cumpra plenamente este dereito, non solo ten que recoñecerse legalmente, senón que debe exercerse de forma efectiva implicando todos os aspectos da vida: políticos, económicos, sociais e culturais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cal é a composición, con nomes e apelidos, dos Consellos de Administración, Consellos reitores ou de Dirección ou equipos directivos dos seguintes entes dependentes do Goberno galego:

- S.A. Xestión do Plan Xacobeo
- Centro Superior de Hostalería de Galicia
- Academia Galega de Seguridade Pública
- Escola Galega de Administración Pública
- Policía Autonómica (coas súas seis xefaturas territoriais)
- Axencia Galega de Emerxencias 112
- Instituto Galego de Estatística
- CIXTEC
- Consello Galego da Competencia
- Consello Económico e Social
- Axencia Galega de Legalidade Urbanística
- Augas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

- Sogama
- Sogarisa
- Instituto de Estudos do Territorio
- Instituto Galego da Vivenda e o Solo
- Xurado de Expropiación Forzosa de Galicia
- Axencia Galega de Infraestruturas
- Igape
- INEGA
- Instituto Galego do Consumo e da Competencia
- Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
- Galicia Calidade
- CESGA
- Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia
- Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño
- Consello Galego de Relacións Laborais
- Consello Galego de Cooperativas
- Centro de Innovación e Servizos de Galicia
- Cis-Madera
- Axencia para a calidade do Sistema Universitario de Galicia
- Axencia Galega das Industrias Culturais
- Centro Galego de Arte Contemporáneo
- Fundación Cidade da Cultura
- Servizo Galego de Saúde
- Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía
- Fundación Pública Centro de Transfusións de Galicia
- Fundación Pública Urgencias sanitarias de Galicia 061
- Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria  
FEGAS
- Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.S.
- Fundación Galega de Medicina Xenómica
- Consorcio Galego de Igualdade e do Benestar
- Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas
- Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
- Fondo Galego de Garantía Agraria
- Instituto Galego de Calidade Alimentaria
- Fundacións Comarcais (as 33 existentes)



 Grupo Parlamentario

- Portos de Galicia
- INTECMAR

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Patricia Vilán Lorenzo  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 11:00:23**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2017 11:00:29**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2017 11:00:34**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2017 11:00:37**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.64 6336(10/PRE-000916)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dun número de  
contas satélite de produción doméstica de Galicia suficiente  
para a obtención de conclusións obxectivas e a publicación  
dos resultados deses estudos

*Publicación da iniciativa, 85, 17.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 13:03  
Nº Rexistro: 6336  
Data envío: 08/03/2017 13:03:28.904



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O dereito fundamental da igualdade de mulleres e de homes constitúe un valor fundamental para a democracia e é una necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que desexa erradicar o sistema patriarcal androcéntrico e sexista.

A fin de que se cumpra plenamente este dereito, non solo ten que recoñecerse legalmente, senón que debe exercerse de forma efectiva implicando todos os aspectos da vida: políticos, económicos, sociais e culturais.

A Conta Satélite de Produción Doméstica de Galicia debe ter como obxectivo principal dar unha información sobre un traballo non retribuído, pero necesario, que se mantivo durante moito tempo oculto ao resto da economía, pór de manifesto a importancia da produción doméstica con relación ao PIB, aplicar no cálculo do valor do traballo non retribuído con fins de política social (casos de divorcio, lesión ou morte), realizar análises do funcionamento dinámico da economía doméstica e as súas interaccións co sector público e o do mercado e proporcionar tamén útiles reflexións sobre as análises do consumo privado.

A dispoñibilidade de estimacións regulares no tempo da produción doméstica permitiría ter información sobre o volume producido polos fogares e o consumo real de servizos.

Ademais, sería de grande utilidade para a implantación de políticas sociais, especialmente nas que teñan que ver con transferencias sociais aos fogares.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. Dispón a Xunta de Galicia dunha serie de Conta Satélite de traballo doméstico suficiente para a obtención de conclusións obxectivas?
2. Fixo públicos os resultados de ditos estudos?
3. Deulle a Xunta de Galicia a debida publicidade social?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Patricia Vilán Lorenzo  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 12:38:01**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2017 12:38:06**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2017 12:38:11**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2017 12:38:13**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.65 6540(10/PRE-000939)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia das dificultades existentes en determinados lugares da comunidade autónoma, a consecuencia da carencia de ascensores nas vivendas de altura, as súas previsións en relación coa introdución dalgún elemento corrector que considere as necesidades económicas das comunidades de veciños á hora de priorizar as subvencións e a existencia dalgunha colaboración coa Consellería de Política Social para abordar a problemática das persoas maiores que residen nesas vivendas

*Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/03/2017 10:34  
Nº Rexistro: 6540  
Data envío: 14/03/2017 10:34:24.486



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco e Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Unha ves máis, as noticias aparecidas nos medios de comunicación poñen de manifesto a estreita relación entre enerxía e necesidades sociais nun país no que as diferenzas de renda son cada vez maiores.

Leemos que nun só día se esgotaron as axudas para a renovación de ascensores, nun país no que un terzo dos 60.000 elevadores teñen tecnoloxías desfasadas, e que as vivendas en altura sen ascensor se concentran nos cascos históricos, e nas urbanizacións de aluvión construídas nos anos sesenta e setenta nas nosas cidades e vilas.

A fallade ascensores ou a escasa eficiencia enerxética dos vellos elevadores non permiten rebaixar sensiblemente as facturas eléctricas de comunidades de veciños nas que moitas veces se acumulan os impagos.

Estas necesidades están sendo cubertas pola consellería correspondente de maneira moi parcial e con unha estratexia que dende o Grupo Socialista nin entendemos plenamente, nin compartimos.

O plan de renovación e instalación de ascensores, que é similar ao de substitución de xanelas, que hai só unha semana rematou os fondos en tan só noventa minutos, presenta, cando menos, problemas de concepción. Así os 700.000 euros achegados pola Xunta de Galicia para a renovación de ascensores se adxudicaron nunha soa mañá.

E necesario que as empresas instaladoras previamente se adhiran ao plan, o que pode levar a existencia de información privilexiada, xa que falamos de axudas que se conceden por orde de petición e sempre que se cumpran os requisitos esixidos pola Administración, pero sen ter en conta prioridades de carácter social.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. É consciente a Xunta de Galicia das dificultades existentes en determinados lugares da comunidade pola carencia de ascensores en vivendas en altura?
2. Ten pensado introducir algún tipo de elemento corrector que teña en conta as necesidades económicas das comunidades de veciños e veciñas á hora de priorizar as subvencións?
3. Existe algún tipo de colaboración coa Consellería de Política Social á hora de abordar a problemática das persoas maiores que residen en vivendas en altura e teñen problemas de mobilidade?
4. Considera a Xunta de Galicia a posibilidade de ampliar as partidas orzamentarias, tanto para a instalación e mellora de ascensores, como a mellora de fiestras e de instalacións eléctricas nas vivendas?

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
José Manuel Pérez Seco  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/03/2017 10:30:18**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/03/2017 10:30:25**

**Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2017 10:30:31**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.66 6687(10/PRE-000953)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa habilitación dalgún tipo de mecanismo para que non se lles impida percibir a Risga a aquelas persoas que compartan domicilio con outras que tamén a cobren e que non pertencen á mesma unidade familiar, a realización dunha revisión individualizada dos casos de denegación ou retirada da prestación por ese motivo e o prazo de publicación do decreto ou decretos de desenvolvemento regulamentario da Lei de inclusión social de Galicia

*Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/03/2017 12:44  
Nº Rexistro: 6687  
Data envío: 15/03/2017 12:44:09.387



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A [Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia](#) sinala no seu artigo 11 que "como regra xeral concederáse unha soa renda por domicilio, entendido como marco físico de aloxamento da unidade de convivencia da que forma parte a persoa titular da prestación". A Xunta vén empregando este criterio dunha Risga concedida por domicilio, equiparándoo a unidade familiar, o que ten derivado nalgúns conflitos, cando nunha mesma vivenda conviven, sobre todo por razóns de aforro económico, varias perceptoras de renda de inclusión social que non pertencen á mesma unidade de convivencia. Isto está obrigando nalgúns casos a estas persoas a ter que trasladarse a outro domicilio.

O Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Vigo vén de recoñecer o dereito dunha muller a recibir esta prestación mesmo compartindo domicilio con outra persoa que tamén cobre a Risga pero que non é da súa familia. O ditame destaca que o propio artigo 11 da lei define o concepto de unidade de convivencia como "*o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente*", facendo fincapé en que a conxunción e obriga a que concorra unha "específica relación persoal" que neste caso non existía. O xuíz sinala que "*sería inverosímil que dúas persoas que perciben senllas prestacións para eludir a súa exclusión social, tivesen que excluírse mutuamente para non incorrer en esaxerada inclusión*"

No caso desta muller, a sentenza chega algo tarde, aínda que lle vén dar toda a razón na súa reclamación. A demandante viña cobrando os 400 euros da Risga dende decembro de 2010, ata que en 2015 comunicou que trasladara o seu domicilio a unha vivenda máis económica, que compartía con outras persoas que non eran da súa familia, sendo unha delas tamén perceptora da Risga. A Xunta de Galicia notificoulle nese momento que lle daba seis meses para buscar outro domicilio, no caso de que quixese seguir

 Grupo Parlamentario

recibindo esta prestación, polo que presentou unha reclamación, que foi denegada, o que a levou a iniciar a vía xudicial para defender o seu dereito. Con todo, en maio de 2016 a muller mudouse a outra vivenda, na que reside soa, para poder seguir percibindo a renda.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Tendo en conta a sentenza mencionada na exposición de motivos, ten previsto o Goberno galego habilitar algún tipo de mecanismo para que non se impida percibir a Risga mesmo compartindo con outra persoa que tamén a cobre e que non pertenza a unidade familiar?
2. En caso afirmativo, cando ten previsto poñer en marcha ditas actuacións?
3. Durante os pasados oito anos, a cantas persoas se lles denegou ou retirou a Risga por compartir domicilio con outra persoa que tamén percibira esta prestación?
4. A vista desta sentenza, ten previsto o Goberno galego facer unha reavaliación individualizada de todos os casos de persoas ás que lles denegara ou retirara nos pasados anos a Risga por compartir domicilio con outras, que non formaran parte da mesma unidade familiar, que tamén percibiran esta prestación?
5. En caso afirmativo, cando ten previsto poñer en marcha ditos mecanismos de revisión individualizada de cada caso?
6. Tendo en conta a longa tramitación burocrática que provoca un atraso na percepción da Risga, contempla a Xunta de Galicia a posibilidade de establecer prazos e medidas de choque urxentes para casos de emerxencia?
7. Cando ten previsto o Goberno galego publicar o decreto ou decretos de desenvolvemento regulamentario da *Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia*?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2017 12:44**  
**Nº Rexistro: 6687**  
Data envío: 15/03/2017 12:44:09.387



 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/03/2017 12:40:57**

**Julio Torrado Quintela na data 15/03/2017 12:41:03**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.67 6910(10/PRE-000975)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre o impacto en Galicia da entrada en vigor do Real decreto lei 20/2012 no referido á regulación do convenio especial, no Sistema da Seguridade Social, das persoas coidadoras non profesionais de persoas en situación de dependencia, o número de mulleres afectadas polos cambios introducidos e as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central de reposición do dereito desas persoas á cotización á Seguridade Social a cargo da Administración Xeral do Estado

*Publicación da iniciativa, 93, 30.03.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2017 16:30  
Nº Rexistro: 6910  
Data envío: 22/03/2017 16:15:53.617



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En decembro de 2006, despois de meses de traballo das forzas políticas parlamentarias, coa participación das comunidades autónomas, as entidades locais, os axentes sociais, e o movemento asociativo, aprobábase a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Esta lei recoñecía un novo dereito subxectivo: o das persoas que non poden valerse por si mesmas a ser atendidas polos poderes públicos. Para poñelo en marcha creábase o Sistema para a autonomía e atención á dependencia, que contaba cun calendario de implantación que debía despregarse de forma gradual ata 2015.

O sistema ofrece un catálogo de servizos e prestacións para a promoción da autonomía e a atención ás situacións de dependencia. Entre estas atópase a "prestación económica para coidados na contorna familiar e apoio a coidadores non profesionais", regulada no artigo 18 da lei que dispón que, excepcionalmente, a persoa beneficiaria poderá recibir unha prestación económica para ser atendido/a por coidadores/as non profesionais, cando estea a ser atendido pola súa contorna familiar, e sempre que se dean condicións adecuadas de convivencia e de habitabilidade da vivenda e así o estableza o seu Programa Individual de Atención.

Unha das primeiras medidas do Goberno do Partido Popular foi a decisión de paralizar o calendario de aplicación da lei impedindo a case 400.000 persoas con dependencia moderada acceder a unha prestación ou servizo, tal e como estaba previsto. Posteriormente, nos orzamentos xerais do Estado para 2012, o Goberno eliminou a partida para o nivel acordado que ascendía a 283 millóns de euros, o que volveu suceder nos orzamentos de 2013, 2014, 2015 e 2016.

Continuando co proceso de desmantelamento do sistema, o Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade introduciu numerosas modificacións na *Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*.

Entre estas modificacións destaca a supresión dos dous niveis en que se dividía cada grao; a redución nun 13 % da achega da Administración xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo de protección; a redución nun 15 % da prestación económica por coidados na contorna familiar.

O Real decreto-lei 20/2012 modificou tamén a regulación do convenio especial no Sistema da Seguridade Social dos coidadores e coidadoras non profesionais das persoas en situación de dependencia. Os convenios especiais pasan a ter carácter voluntario e as correspondentes cotizacións á Seguridade Social pasan a ser a cargo exclusivamente do subscritor.

Esta medida afectou a unhas 180.000 persoas que tiñan subscrito o convenio especial, das cales, o 92 % son mulleres. Estas coidadoras viron eliminado o recoñecemento ao seu labor que se produciu coa aprobación da lei, á vez que se esfumaban as súas expectativas de xerar unha pensión que lles garantise uns ingresos na etapa final das súas vidas. Na actualidade, despois de reducir a contía da prestación e eliminar a cotización a cargo do sistema, en España son menos de 10.000 as persoas que se manteñen en alta no convenio especial de coidadores e coidadoras non profesionais de persoas en situación de dependencia, asumindo elas o seu pago.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que efectos tivo na nosa comunidade, segundo o Goberno galego, a entrada en vigor do Real decreto-lei 20/2012 no referente a regulación do convenio especial no Sistema da Seguridade Social das coidadoras non profesionais das persoas en situación de dependencia?

2. Segundo as estimacións da Xunta de Galicia, cantas mulleres se viron afectadas polos cambios na regulación do convenio especial no Sistema da Seguridade Social das coidadoras non profesionais das persoas en situación de dependencia?
3. Que custo suporía para a Administración Xeral do Estado, repórter ás galegas e galegos o dereito das persoas coidadoras non profesionais do Sistema de dependencia á que as cotizacións á Seguridade Social?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia solicitar ao Goberno de España repórter o dereito das persoas coidadoras non profesionais do Sistema de dependencia á que as cotizacións á Seguridade Social corran a cargo da Administración Xeral do Estado?
5. En caso afirmativo, cando ten previsto realizar a devandita solicitude?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/03/2017 14:27:11**

**Julio Torrado Quintela na data 22/03/2017 14:27:17**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.68 7121(10/PRE-001002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre os datos referidos aos embargos producidos en Galicia das distintas prestacións sociais destinadas a atender as necesidades económicas básicas e as medidas previstas polo Goberno galego para evitalos

*Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/03/2017 16:37  
Nº Rexistro: 7121  
Data envío: 27/03/2017 16:37:00.462



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Abel Losada Alvarez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A caída no nivel de actividade económica como consecuencia da crise tivo un forte impacto sobre o mercado de traballo que, a pesar da fráxil recuperación, aínda persisten. O desemprego xerado pola crise está na orixe dun grave problema: o aumento da pobreza e do risco de exclusión.

As persoas sen traballo viron como nos últimos anos ás súas dificultades económicas sumábanse os efectos producidos polos recortes nos servizos públicos esenciais e polo desmantelamento da rede de protección pública fronte á adversidade.

O Estado social conta con mecanismos destinados a paliar os efectos do desemprego e a falta de recursos sobre os fogares, co obxectivo de proporcionar un determinado nivel de ingresos que garanta as necesidades máis básicas. Entre eles atópanse os subsidios ou prestacións de nivel asistencial que tentan paliar a grave situación pola que atravesan determinados colectivos de desempregados con dificultades especiais para a súa incorporación ao mercado de traballo e que carecen doutros recursos. Estas prestacións non contributivas inclúen varios tipos de axudas: o subsidio por desemprego, a renda activa de inserción, o subsidio para traballadores eventuais agrarios, e a renda agraria.

A elas hai que engadir a ampliación extraordinaria da cobertura por desemprego aprobada na décima lexislatura das Cortes, que por primeira vez en democracia, para quen acabase a prestación por desemprego ou o subsidio e non tivesen outra cobertura económica, inicialmente mediante o programa PRODI (Programa temporal de Protección por Desemprego e Inserción) e actualmente co PREPARA (Programa de Recualificación Profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego).



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ademais, as comunidades autónomas contan coas súas propias medidas de protección económica, complementarias das da Administración central. En Galicia, contamos coa Renda de Inclusión Social de Galicia, regulada na *Lei 10/2013, do 27 de novembro*.

Trátase dunha diversidade de salarios e de rendas mínimas, e todas elas son ingresos de subsistencia que pretenden paliar situacións de especial necesidade económica, polo que, tanto nas prestacións asistenciais de ámbito estatal como na autonómica, esixen a carencia de ingresos dos seus beneficiarios e beneficiarias.

Esta proposición non de lei ten como finalidade protexer os ingresos mínimos e as axudas sociais que para moitos cidadáns e cidadás constitúen o último amparo ante a pobreza e a exclusión social.

Para iso, solicítase ao Goberno de España que promova a modificación de toda a lexislación básica do Estado (Lei de enxuízamento civil, Lei xeral de subvencións, Lei xeral tributaria...) para declarar a inembargabilidade deste tipo de axudas tanto nos procedementos xudiciais nos que se solicite o embargo das mesmas, como nos procedementos administrativos nos que unha Administración pública reclame algún tipo de débedas a un perceptor destas axudas.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten constancia o Goberno galego de que dende a súa entrada en vigor, se produciran embargos da Renda de Inclusión Social de Galicia?
2. En caso afirmativo, que entidade efectuou ditos embargos?
3. Segundo datos do Goberno galego, a cantas persoas se lle embargou durante o ano 2016 o subsidio de desemprego en Galicia?
4. Quen efectuou ditos embargos?
5. A cantas persoas se lle embargou en Galicia durante o ano 2016 as prestacións do programa PREPARA, ou outras análogas?
6. Quen efectuou ditos embargos?
7. Cal foi o número total, segundo datos do Goberno galego, do número de persoas aos que lle embargou durante o ano 2016 o subsidio para traballadoras e traballadores eventuais agrarios, e a renda agraria?

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

8. Quen efectuou ditos embargos?
9. Segundo datos oficiais, ten constancia a Xunta de Galicia de que se produciran na nosa Comunidade Autónoma embargos de prestacións ás persoas en situación de dependencia?
10. Quen efectuou ditos embargos?
11. Que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para evitar os embargos dos ingresos de subsistencia que pretenden paliar situacións de especial necesidade económica?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Abel Losada Alvarez  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/03/2017 16:34:56**

**Julio Torrado Quintela na data 27/03/2017 16:35:02**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/03/2017 16:35:07**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/03/2017 16:35:12**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.69 7134(10/PRE-001003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 7 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa formación específica dos profesionais implicados na atención ás mulleres e menores vítimas da violencia de xénero e a súa opinión respecto da necesidade de crear un plan de formación de carácter transversal que conteña a estratexia de cooperación, coordinación e implicación das consellarías afectadas, así como a súa dotación do financiamento necesario para a súa aplicación

*Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/03/2017 18:27  
Nº Rexistro: 7134  
Data envío: 27/03/2017 18:27:40.215



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Luis Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A violencia de xénero segue a ser un dos principais problemas da nosa sociedade.

As medidas de concienciación e sensibilización parecen insuficientes para reverter esta situación, xa que os casos que seguen a acontecer revelan a gravidade dun problema que afecta a homes e mulleres de todas as condicións sociais, culturais e xeracionais.

Recentemente foi aprobada na Comisión Non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres unha ponencia que foi elevada ao Senado e na que todos os grupos parlamentarios mostramos o noso consenso.

Neste documento reflíctense moitas cuestións, medidas e protocolos que entendemos son precisos pór en marcha e coa máxima celeridade para a mellora na prevención, atención das vítimas e erradicación do problema da violencia de xénero.

No tocante a atención as vítimas fíxose fincapé no importante da formación de todos e todas as axentes implicados na atención as vítimas, así como aos fillos e fillas, vítimas tamén da violencia exercida sobre as súas nais.

Entendemos que esta formación ten que ser apoiada e aplicada de forma conxunta e con carácter transversal.

Son moitos os e as profesionais que forman parte da cadea de atención ás vítimas, xuíces e xuízas, avogados e avogadas, fiscais, traballadores ou traballadoras sociais, enfermeiras e enfermeiros, médicos ou médicas, psicólogos e psicólogas, policía, ...

Por todo isto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego unha prioridade a formación dos e das profesionais implicadas na atención a mulleres e menores vítimas da violencia de xénero, máis alá do ámbito educativo?
2. Que medidas pensa tomar ao respecto da formación específica de todos estes e estas profesionais?
3. Entende preciso a creación dun plan de formación para profesionais implicados na atención a mulleres e menores vítimas da violencia de xénero”, de carácter transversal e que conteña a estratexia de cooperación, coordinación e implicación das consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de Política Social e de Sanidade, así como a dotalo dos fondos necesarios que permitan a súa aplicación?

Pazo do Parlamento, 24 de marzo de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Patricia Vilán Lorenzo  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Luis Manuel Alvarez Martínez  
Concepción Burgo López  
Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 27/03/2017 18:25:50**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/03/2017 18:27**  
**Nº Rexistro: 7134**  
Data envío: 27/03/2017 18:27:40.215



 **Grupo Parlamentario**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 27/03/2017 18:25:56**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/03/2017 18:26:00**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/03/2017 18:26:02**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/03/2017 18:26:06**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 27/03/2017 18:26:12**

**Julio Torrado Quintela na data 27/03/2017 18:26:15**

**Noela Blanco Rodríguez na data 27/03/2017 18:26:17**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.70 7406(10/PRE-001032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da emisión polos servizos de saúde galegos dunha tarxeta sanitaria persoal que exima do copago farmacéutico as persoas menores de idade afectadas por discapacidades recoñecidas ou enfermidades raras ou graves, así como a súa opinión en relación coa necesidade de modificar o Real decreto 945/1978, para establecer o dereito á gratuidade da prestación farmacéutica para os menores cun grao de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %

*Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/03/2017 10:01  
Nº Rexistro: 7406  
Data envío: 31/03/2017 10:01:16.734



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O dereito á prestación farmacéutica está recollido dentro do catálogo de prestacións do Sistema Nacional de Saúde.

O artigo 107 da Lei xeral da Seguridade Social establece a participación dos beneficios no prezo dos medicamentos dispensados pola acción protectora da seguridade social, encomendado ao Goberno a determinación da súa contía.

O artigo 2 do Real decreto 945/1978 do 14 de abril, que regula a achega do beneficiario da Seguridade Social na dispensación das especialidades farmacéuticas, estableceu o réxime xeral de copago de medicamentos, establecendo gratuidade da prestación farmacéutica para 4 casos concretos; "tratamentos que se realicen en institucións sanitarias pechadas propias e concertadas da Seguridade Social e aos que teñan a súa orixe en accidentes de traballo e enfermidades profesionais, e á dispensación aos e ás pensionistas da Seguridade Social e traballadores/traballadoras en situación de invalidez provisional derivada de enfermidade común e accidente non laboral con dereito a prestación farmacéutica da Seguridade Social, supostos nos que o beneficiario non realizará achega algunha".

A porcentaxe xeral de copago farmacéutico establecido, modificouse polo Real decreto 1605/1980, do 31 de xullo, subindo a achega da persoa beneficiaria do 30 % ao 40 %.

O Real decreto 83/1993 do 22 de xaneiro estableceu un copago reducido do 10 %, a medicamentos para o tratamento de enfermidades crónicas.

A Lei 13/1982 do 7 de abril, de integración social dos minusválidos (LISMI) inspirouse e fundamentouse nos dereitos recolleitos no artigo 49 da Constitución en razón á dignidade e dereitos que amparan ás persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial para a súa completa

realización persoal e a súa total integración social, para a asistencia e tutela necesarias. Así mesmo establece que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración das e dos discapacitados físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararanos especialmente para o goce dos dereitos que este título outorga a todos a cidadanía.

Os artigos 12 e 13 da LISMI, regulan en sistema de prestacións sociais e económicas, establecendo que a acción protectora comprenderá entre outros, a asistencia sanitaria e prestación farmacéutica, que será prestada polos servizos sanitarios do sistema da Seguridade Social, coa extensión, duración e condicións que regulamentariamente se determinen.

As persoas beneficiarias do sistema especial de prestacións asistenciais e económicas estarán exentos de abono de achega polo consumo de especialidades farmacéuticas.

En desenvolvemento dos referidos artigos, o Real decreto 383/1984 estableceu e regulou o sistema especial de prestacións sociais e económicas, establecendo, no seu artigo 6, que na prestación farmacéutica, a dispensación de medicamentos será gratuíta para os persoas con discapacidade en grao igual ou superior ao 33 %.

A gratuidade de medicamentos non se está aplicando por igual en todo o territorio nacional nin a todas as persoas con discapacidade cun grao igual ou superior ao 33 %, xa que aos menores de idade con discapacidade non se lles está aplicando a gratuidade establecida, salvo en Castela a Comunidade Autónoma de Estremadura e no País Valenciano, que xa contan con regulación propia eximindo o copago farmacéutico e dos produtos ortoprotésicos aos nenos e nenas con discapacidade.

Os nenos e nenas con discapacidade que non son pensionistas ou fillos/fillas de pensionistas pagan o 40 % do prezo dos seus medicamentos.

As familias que teñen fillos ou fillas menores de 18 anos con enfermidades raras, graves e/ou discapacidade recoñecida teñen que facer fronte a elevados custos sanitarios e asistenciais necesarios para a súa adecuada atención.

A adquisición de medicamentos, cueiros, alimentación específica, tratamentos de fisioterapia, logopedia ou material ortoprotésico, entre outros, supón un elevado importe económico mensual que moitas familias teñen dificultades para afrontar ou directamente non poden asumir.

A saúde, a aplicación dos tratamentos prescritos e a calidade de vida dos e das menores con discapacidade non pode depender do poder adquisitivo da familia, nin da Comunidade Autónoma onde residan. Son un dereito universal que os poderes públicos deben garantir en todo o territorio nacional.

Os e as menores de 18 anos con discapacidade recoñecida e/ou enfermidade rara ou grave deberían ter unha tarxeta sanitaria persoal, sendo estes e estas menores os titulares da mesma, sen necesidade do recoñecemento como beneficiario/beneficiaria; os que lles permitiría ter autonomía na súa utilización e que estea dentro do Tipo TSI 001 ou equivalente en toda España, co fin de que desde o momento da detección da enfermidade estean exentos de calquera copago sanitario, sexa de medicamentos que se dispensen en farmacias ou ortoprotésicos, así como, calquera outro material ou tratamento que poida prescribir un médico, de maneira que aos produtos farmacéuticos ou material ortoprotésico que teñan que utilizar non se lles aplique as porcentaxes de achega establecidos, copagos, para a súa adquisición.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o Goberno galego, no ámbito das súas competencias, a emisión por parte dos servizos de saúde dunha tarxeta sanitaria persoal ás persoas menores de idade afectadas por discapacidades recoñecidas ou enfermidades raras ou graves?
2. En caso afirmativo, cando ten previsto levar a cabo esta actuación?
3. Segundo datos do Goberno galego, a cantas familias con menores de idade cun grao de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 % afecta o copago farmacéutico?

4. Considera a Xunta de Galicia necesaria a modificación do Real decreto 945/1978 para contemplar o dereito á gratuidade da prestación farmacéutica para os menores de idade cun grao de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %?
5. En caso afirmativo, solicitouno ao Goberno de España?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 31/03/2017 09:56:28**

**Julio Torrado Quintela na data 31/03/2017 09:56:34**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.71 7412(10/PRE-001033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do mantemento dun custo para a persoa usuaria pola utilización do servizo de asistencia sanitaria telefónica, a valoración da posibilidade da súa eliminación e a súa opinión en relación coa claridade e utilidade da información referida aos usos, función e custos dos teléfonos 902 077 333 e 902 400 116

*Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A atención sanitaria telefónica vén sendo un avance nos diferentes servizos que o sistema sanitario público pon a disposición da cidadanía, e que facilita o acceso rápido e áxil para cuestións de índole menor ou que poden ser resoltas a distancia, ademais de posibilitar a xestión de citas en atención primaria. É, sen dúbida, unha ferramenta de mellora do sistema que, ademais, contribúe a liberar e redistribuír carga de traballo dos propios centros sanitarios, o que redundará en mellor calidade asistencial para os traballadores/traballadoras e persoas usuarias.

Unha desas ferramentas é a utilización do número de asistencia sanitaria 902, que permite realizar varios dos procedementos sinalados (consultas co 061, solicitude ou anulación de citas ...). Existen dous números que fan funcións similares (intercambiables nalgún caso) como son o 902 077 333 e o 902 400 116. No caso do primeiro, no que se ofrecen os servizos antes citados, a súa publicidade por parte do Sergas indica ter un custo de chamada local, mentres que no caso do segundo, que conecta directamente cos servizos do 061, resulta máis complicado conseguir información sobre o custo de tal chamada. A equiparación de servizos (unha consulta sanitaria sinxela é posible facela dende os dous números, que poden terminar derivando ao mesmo servizo) pode ter custos distintos, sen que a persoa usuaria sexa informado deso.

Cabe asumir que, dadas as características poboacionais de Galicia, e o perfil da persoa usuaria maioritaria do sistema sanitario galego, moitas das persoas que se atopan ante este servizo son persoas maiores que precisan claridade e facilidade nos servizos que se lle ofrecen. Nalgúns casos, ademais, o feito de necesitar atención sanitaria telefónica relaciónase co feito de estar en situación de dificultade para moverse ou desprazarse, ou no caso de persoas que atenden a outras persoas dependentes ou enfermas na casa. Conxúgase, pois, o feito das dificultades poboacionais para

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

acceder ao sistema de maneira presencial, o que non supón custo directo e xera entón unha diferenza relevante entre persoas usuarias en detrimento duns respecto dos outros, co feito da confusión pouco resolta sobre as funcións e custos dos servizos.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que o servizo de asistencia sanitaria telefónica debe seguir mantendo un custo para a persoa usuaria?
2. Valora o Goberno galego a posibilidade de eliminar o custo da asistencia sanitaria telefónica para os usuarios e as usuarias, para igualar a estes no trato recibido dende a administración?
3. Cre o Goberno galego que a información sobre usos, funcións e custo dos teléfonos de atención sanitaria 902 077 333 e 902 400 116 é clara e útil para as persoas usuarias?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
María Dolores Toja Suárez  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 31/03/2017 10:31:28**

**María Dolores Toja Suárez na data 31/03/2017 10:31:34**

**Noela Blanco Rodríguez na data 31/03/2017 10:31:39**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.72 7421(10/PRE-001036)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 6 máis

Sobre as condicións de traballo, dotación de persoal estable, formación e protocolos de actuación, infraestruturas, material e equipamentos dos centros de Política Social da provincia da Coruña

*Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017*





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 31/03/2017 11:14**  
**Nº Rexistro: 7421**  
Data envío: 31/03/2017 11:14:21.223



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Noela Blanco Rodriguez, Begoña Rodriguez Rumbo, María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco, Julio Torrado Quintela e Xoaquín Fernández Leiceaga, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Comité de Empresa de Política Social da provincia da Coruña denunciou perante a Consellería en 2016 a situación de deterioro e abandono dos centros de atención directa (residencias de maiores, centros de menores e CPAD da Coruña), téndose chegado a unha situación alarmante polos recortes de postos de traballo que ameazan a calidade das prestacións e o mantemento dos servizos básicos que se prestan aos usuarios.

O Comité de Empresa realizara unha serie de visitas polos distintos centros para avaliar as condicións de traballo, o estado das instalacións, as demandas do persoal, as carencias dos centros e todas aquelas circunstancias ou factores que puideran influír no traballo diario, na atención aos usuarios e así como na seguridade e saúde. O Comité pretendía así trasladar á Consellería e á opinión pública as deficiencias e necesidades constatadas. Tamén deu conta desta situación á Valedora do Pobo, que deu contestación con data do pasado 9 de decembro de 2016 dando traslado do correspondente informe da Consellería.

Considerando a falta de información por parte da Consellería ao Comité de Empresa, cómpre coñecer a situación actual de cada un destes centros e a asignación das necesarias partidas correspondentes ao orzamento de 2017. A clase de prestación de servizos e as tipoloxías de persoas usuarias esixe ter garantida a súa calidade asistencial.

Por iso os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a situación actual de dotación estable de persoal, condicións de traballo, formación e protocolos de actuación, e de infraestruturas, material e equipamentos dos seguintes centros de Política Social da provincia da Coruña?

- Residencia asistida de maiores de Oleiros.
- Centro de Asistencial de Persoas Discapacitadas da Coruña.
- Centro de menores San José de Calasanz (A Coruña).
- Complexo xuvenil As Mariñas.



---

**Grupo Parlamentario**

- Residencia asistida de maiores Volta do Castro (Santiago de Compostela).
- Residencia de maiores (Santiago de Compostela).
- Residencia de maiores Torrente Ballester (A Coruña).

---

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2017

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/03/2017 11:06:34**

**Noela Blanco Rodríguez na data 31/03/2017 11:06:46**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/03/2017 11:07:00**

**María Dolores Toja Suárez na data 31/03/2017 11:09:08**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/03/2017 11:09:19**

**Julio Torrado Quintela na data 31/03/2017 11:09:27**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/03/2017 11:09:34**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.73 7423(10/PRE-001037)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre a situación actual de dotación estable de persoal, condicións de traballo, formación e protocolos de actuación, así como de infraestruturas, material e equipamentos da residencia de maiores Caranza-Ferrol e do centro de menores de Ferrol

*Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 31/03/2017 11:16**  
**Nº Rexistro: 7423**  
Data envío: 31/03/2017 11:16:13.861



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Juan Manuel Díaz Villoslada, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Comité de Empresa de Política Social da provincia da Coruña denunciou perante a Consellería en 2016 a situación de deterioro e abandono dos centros de atención directa (residencias de maiores, centros de menores e CPAD da Coruña), téndose chegado a unha situación alarmante polos recortes de postos de traballo que ameazan a calidade das prestacións e o mantemento dos servizos básicos que se prestan aos usuarios.

O Comité de Empresa realizara unha serie de visitas polos distintos centros para avaliar as condicións de traballo, o estado das instalacións, as demandas do persoal, as carencias dos centros e todas aquelas circunstancias ou factores que puideran influír no traballo diario, na atención aos usuarios e así como na seguridade e saúde. O Comité pretendía así trasladar á Consellería e á opinión pública as deficiencias e necesidades constatadas. Tamén deu conta desta situación á Valedora do Pobo, que deu contestación con data do pasado 9 de decembro de 2016 dando traslado do correspondente informe da Consellería.

Considerando a falta de información por parte da Consellería ao Comité de Empresa, cómpre coñecer a situación actual de cada un destes centros e a asignación das necesarias partidas correspondentes ao orzamento de 2017. A clase de prestación de servizos e as tipoloxías de persoas usuarias esixe ter garantida a súa calidade asistencial.

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cal é a situación actual de dotación estable de persoal, condicións de traballo, formación e protocolos de actuación; e de infraestruturas, material e equipamentos da Residencia de maiores Caranza-Ferrol, e do centro de menores de Ferrol?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2017



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 31/03/2017 11:16**  
**Nº Rexistro: 7423**  
Data envío: 31/03/2017 11:16:13.861



---

 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/03/2017 11:11:55**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/03/2017 11:12:06**

**Julio Torrado Quintela na data 31/03/2017 11:12:20**

**Noela Blanco Rodríguez na data 31/03/2017 11:12:34**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.74 7724(10/PRE-001066)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a categoría profesional exixida para o acceso dos técnicos de Atención a Persoas en Situación de Dependencia a un posto de traballo na Administración pública de Galicia, as medidas previstas polo Goberno galego para o recoñecemento nela desa titulación, e as actuacións que vai levar a cabo para o impulso do seu acceso ao mercado laboral

*Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/04/2017 17:35  
Nº Rexistro: 7724  
Data envío: 06/04/2017 17:35:34.486



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Luis Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputados pertencentes ao Grupo **Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que reconece o dereito á promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas dependentes, mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia SAAD. A partir desta lei, incluíuse o ciclo de Atención a Persoas en Situación de Dependencia (TAPSD) nos institutos de FP Medio, para que formasen e preparasen a futuros coidadores e coidadoras.

A día de hoxe, estes e estas profesionais formadas e os/as futuros/as coidadores/as, non poden exercer a súa profesión: non se poden incluír nas listas de contratación da Administración pública, non son recoñecidos os seus méritos para puntuación, por non falar do intrusismo laboral.

A través do Real decreto 15/2010 de Galicia, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, tamén se desenvolve o contido curricular deste Ciclo Medio de Formación Profesional e establécense funcións e tarefas do TAPSD.

Como, por exemplo, a Asistencia Persoal, que en Galicia atópase regulada na Orde do 2 de xaneiro de 2012 publicada no DOG pola cal se desenvolve o Real decreto 15/2010, e a cal se modificou posteriormente por medio da Orde do 19 de abril de 2013, tamén publicada no DOG, e no Decreto 226/2012, do 18 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia. Artigo 6. Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

As Técnicas/os de Atención a Persoas Dependentes (TAPSD) son o resultado de 2000 horas de formación académica, das cales 410 horas son formación en centros de traballo, pero ao acudir ao mercado laboral estes e estas profesionais acceden a contratos de "xerocultor/a" ou "coidador/a" e mesmo de "peón non cualificado" por falla dun convenio sectorial específico e por lagoas legislativas. A estes e estas profesionais resultoulles imposible anotarse nas listas de interinidade da Xunta de Galicia, non atoparon a opción de indicar a súa titulación, e esta non lles serviu para puntuar como formación adxacente para outras categorías profesionais.

É dicir, é un título que existe academicamente pero que laboralmente non está recoñecido, non se rexistra no SEPE, nin no SPEG, por falta de codificación específica a pesar do que poida parecer ao ver o rexistro de certos convenios colectivos laborais.

No exercicio do seu traballo os convenios colectivos aos que se pode acoller o/a TAPSD a falla dun propio que recoñeza a súa figura, a súa titulación e as súas funcións e aptitudes profesionais, son o XIV Convenio Colectivo xeneral de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade, ou ben o VI Convenio Colectivo marco estatal de servizos de atención ás persoas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía persoal, publicado na Resolución do 25 de abril de 2012, da Dirección Xeral de Emprego, ou ben no Convenio Colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. A través de que categoría profesional poden acceder a un posto de traballo na Administración pública galega, os/as Técnicos/as de Atención a Persoas en Situación de Dependencia (TAPSD)?
2. Coñece o Goberno galego a problemática laboral das Técnicas/os de Atención a Persoas en Situación de Dependencia (TAPSD)?
3. En caso afirmativo, que medidas ten previsto poñer en marcha para garantir, na medida do posible, o recoñecemento na Administración pública desta titulación?



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

4. Ten previsto a Xunta de Galicia recoñecer para o acceso á función pública galega, os méritos profesionais alcanzados no exercicio das súas funcións como Técnicas/os de Atención a Persoas en Situación de Dependencia?
5. Como prevé o Goberno galego impulsar o aceso ao mercado laboral das Técnicas/os de Atención a Persoas en Situación de Dependencia (TAPSD)?

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/04/2017 17:33:21**

**Julio Torrado Quintela na data 06/04/2017 17:33:28**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/04/2017 17:33:32**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 06/04/2017 17:33:37**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.75 7732(10/PRE-001067)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para fomentar, de xeito especial, a materia de Educación Física entre o alumnado con discapacidade, o cronograma para a súa posta en marcha e a existencia dalgún tipo de colaboración entre os fisioterapeutas do Sergas e o profesorado para ese fin, así como as iniciativas postas en marcha nos últimos anos para a súa formación de cara a mellorar as súas prácticas e metodoloxía con ese alumnado

*Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/04/2017 17:46  
Nº Rexistro: 7732  
Data envío: 06/04/2017 17:46:25.760



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Luis Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e Juan Manuel Díaz Villoslada**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A escola inclusiva é un modo de concibir a educación e a función social do centro escolar, para adecuar e mellorar a resposta educativa á diversidade, recoñecéndoa e non asimilándoa. De tal forma que todo o alumnado ten o mesmo dereito a acceder a un currículo culturalmente valorado, compartido cos/coas compañeiros/compañeiras da mesma idade, opoñéndose a calquera forma de segregación.

Deste xeito, unha escola para todos e para todas é unha escola onde todos e todas teñen cabida indistintamente das súas características, dificultades e ritmos no seu proceso de aprendizaxe, partindo da premisa de que calquera alumno/alumna é educable nunha contorna ordinaria, respondendo non só ás necesidades educativas dalgúns alumnos/as, senón ás de todos os/as alumnos/as, sen discriminación de ningún tipo.

A escola debe ser un motor para crear comunidade, facilitando autonomía e interdependencia ao alumnado, mediante estratexias innovadoras que permitan o traballo educativo con todos e para todos nas aulas ordinarias. Deben pois desenvolverse redes de apoio comunitarias que colaboren co profesorado.

Varios son os factores que inflúen e condicionan o proceso de inclusión do alumnado con discapacidade nas sesións de Educación Física. Estes condicionantes pódense agrupar en cinco grandes categorías: escaseza de recursos económicos, accesibilidade, descoñecemento da poboación con discapacidade, condicionantes dos propios alumnos que presentan NEE e a infravaloración da área de Educación Física.

Ademais, a carencia de formación do profesorado neste ámbito pode inducir a temores diversos como provocar lesións e ás consecuencias legais que isto poida comportar.

Neste sentido é conveniente contar dunha maneira global cos/coas fisioterapeutas, cuxa función non debe quedar reducida a realizar un traballo individualizado no centro, senón a establecer unha colaboración co profesorado de Educación Física.

Outra deficiencia detectada nos centros é a ausencia de especialista en Actividade Física Adaptada nos equipos de asesoramento psicopedagóxico ou equipos multiprofesionais.

Coa presenza regular dun especialista neste ámbito, a actitude inclusiva dos/das docentes veríase reforzada e, por tanto, aumentaría tanto a calidade docente como a seguridade do educador e educadora.

Este conxunto de condicionantes conforman unha realidade que pode dificultar significativamente a inclusión efectiva e, polo tanto, a participación activa do alumnado con necesidades educativas especiais nas sesións de Educación Física. Consecuentemente é necesario que se adopten medidas concretas para fomentar o deporte base e a práctica deportiva entre as persoas con discapacidades e tamén para atender a todo o alumnado.

Requírense especialmente medidas de tipo organizativo e curricular, axudando desta forma ao desenvolvemento profesional e a innovación educativa, dado que a asunción da diversidade na sesión de Educación Física, é un labor conxunto, na que todos os membros da comunidade escolar deben estar implicados.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia durante esta lexislatura, medidas para fomentar de maneira especial a materia de Educación Física no alumnado con discapacidade?
2. En caso afirmativo, en que consisten ditas medidas e cal é o cronograma de posta en marcha do mesmo?

3. Existe algún tipo de colaboración entre os e as fisioterapeutas do Sergas, e o profesorado de Educación Física de cara a favorecer a práctica da materia de Educación Física por parte das persoas con discapacidade?
4. Que iniciativas ten posto en marcha o Goberno galego durante os derradeiros catro anos para a formación do profesorado de Educación Física para mellorar as súas prácticas e metodoloxía con alumnos/as con distintas discapacidades?
5. Cal é o número de profesores e profesoras de apoio nos centros educativos públicos da nosa Comunidade Autónoma, para fomentar que se reforcen as sesións de Educación Física nas que hai alumnos/as con discapacidade?

Pazo do Parlamento, 5 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Concepción Burgo López  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/04/2017 17:44:07**

**Julio Torrado Quintela na data 06/04/2017 17:44:13**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/04/2017 17:44:17**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 06/04/2017 17:44:22**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/04/2017 17:44:26**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.76 7844(10/PRE-001080)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación dos criterios establecidos pola Consellería de Política Social para o pagamento das prestacións económicas por acollemento familiar de menores que se atopan no sistema público de protección, as xestións realizadas co Goberno central para deixar de descontar das pensións non contributivas a contía percibida por menor acollido en familia extensa, así como o pagamento a estas dos gastos extraordinarios dos menores acollidos

*Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/04/2017 13:23  
Nº Rexistro: 7844  
Data envío: 10/04/2017 13:23:26.689



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Toda a lexislación tanto a nivel estatal como a autonómica establece a primacía das medidas de alternativa familiar para todas aquelas persoas menores que se atopan en situación de desprotección.

A nivel estatal, a actual *Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia*, establece que nas actuacións de protección dos menores deben primar as medidas familiares fronte ás residenciais, as estables fronte ás temporais, e as consensuadas fronte ás impostas. Igualmente establece no artigo 21.3 que “co fin de favorecer que a vida do ou da menor desenvólvese nunha contorna familiar, prevalecerá a medida de acollemento familiar sobre a de acollemento residencial para calquera menor, especialmente para menores de seis anos.

Non se acordará o acollemento residencial para menores de tres anos salvo en supostos de imposibilidade, debidamente acreditada, de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando esta medida non conveña ao interese superior do ou da menor. Esta limitación para acordar o acollemento residencial aplicárase tamén aos e ás menores de seis anos no prazo máis breve posible. En todo caso, e con carácter xeral, o acollemento residencial destes ou destas menores non terá unha duración superior a tres meses”. Así mesmo, o *Código Civil, no artigo 173 bis*, tras a modificación realizada pola mencionada lei, redefine as modalidades de acollemento familiar en función da súa duración e obxectivos.

Na nosa comunidade, con arranxo ao disposto nos *artigos 15.1 e 16.2 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia*, e en aplicación dos principios reitores da actuación dos poderes públicos no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e a adolescencia, para a adopción da medida de acollemento especifícase que se dará prioridade á utilización do acollemento familiar sobre o residencial.

No que atinxe aos acollementos familiares, de xeito adicional á normativa vixente, a Consellería de Política Social está a aplicar a *Circular nº 5/2010, de data 25 de xuño de 2010, e a Instrución do 8 de marzo de 2012, sobre o pago dos acollementos familiares.*

Existe unha diferenza na retribución dos acollementos en función de se é realizado pola familia extensa ou é un acollemento en familia allea, supoñendo isto unha clara discriminación da familia extensa con referencia a outros tipos de acollementos.

A compensación económica que se abona ás familias acolledoras é de 600 euros/mes por cada menor acollido menor dun ano, 400 euros/mes por cada menor entre 1 e 3 anos, e de 240 euros/mes por menor entre 4 e 18 anos. No caso de familia extensa, estas cantidades se modulan en función dos ingresos da familia acolledora e do número de menores acollidos. A administración, para determinar se unha familia extensa ten ou non dereito á remuneración ten en conta o número de menores a acoller.

É dicir, o límite de ingresos aplícase progresivamente en función dos menores que pasan a formar parte da unidade familiar. Así, é posible que unha familia non teña dereito a unha remuneración se acolle a un só menor, pero si se acolle ao segundo. Hai ademais unha incompatibilidade entre as distintas axudas que perciben, como por exemplo, as pensións non contributivas.

Por outra banda, respecto dos gastos puntuais, a *Circular 1/2013, do 21 de maio de 2013* regula o procedemento para a solicitude e xustificación de cobertura daqueles gastos, derivados da atención de menores que están baixo o sistema público de protección, que excedan dos deberes que corresponden aos titulares da garda dos ou das menores e non estean cubertos por outro programa ou sistema público. No apartado 3 desta circular establécense como beneficiarios/as destes posibles gastos extraordinarios as e os menores tutelados en acollemento familiar, en familia extensa ou allea. A pesares do cal as familias acolledoras seguen sen poder dispor en todo momento de axudas da administración para poder facer fronte a determinados gastos que non están cubertos: gastos odontolóxicos ou oftalmolóxicos, desprazamentos regulares a puntos de encontro para realizar visitas cos proxenitores, clases de reforzo en



nenos/nenas con problemas de aprendizaxe, excursións ou viaxes de fin de curso de certa contía ...

Os puntos de encontro familiar son sete para toda a comunidade galega, claramente insuficientes se temos en conta que se dan casos nos que as familias teñen que percorrer longas distancias cos menores, o que implica que os nenos e nenas perdan horas lectivas e teñan problemas para realizar as tarefas escolares, engadindo ademais a carga emocional e o cansazo, o que lles chega a supoñer trastornos do sono.

Hai que recordar que as e os menores en acollemento permanente teñen a consideración de fillos, para os efectos de recoñecer a condición de familia numerosa, e por tanto, aplícanse os beneficios establecidos para as devanditas familias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia; as familias que acollen menores en situación de tutela ou garda gozan de exención total de pago por acceso ás escolas infantís 0-3 dependentes da Administración autonómica. Ademais, teñen a posibilidade de acceder a unha praza nas devanditas escolas en calquera momento do curso, se o acollemento fose iniciado con posterioridade ao peche do prazo de solicitude; son usuarias ou usuarios gratuítos dos comedores escolares dependentes da consellería con competencias en materia de educación, mentres cursen o ensino básico e o segundo ciclo de educación infantil, sen embargo se por zona lles corresponde un centro concertado, os servizos de comedor deben ser abonados polas familias.

Ademais, estanse producindo casos nos que os criterios dos técnicos e técnicas de menores difiren non só dunha provincia a outra, senón que entre os diferentes equipos da mesma provincia levan a cabo actuacións e consideracións diferentes, o que leva a unha distorsión das normas e unha indefensión por parte das familias

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia mudar os criterios establecidos nas circulares da Consellería de Política Social, para que nos casos de acollementos de menores as prestacións económicas non dependan das rendas familiares nin de se existen ou non vínculos de

- parentesco entre os/as acolledores e os/as menores?
2. En caso afirmativo, cando ten previsto levar a cabo estes cambios?
  3. Que xestións levou a cabo o Goberno galego co de España para deixar de descontar das pensións non contributivas a contía por menor acollido en familia extensa?
  4. Estanse abonando en todos os casos nos que as familias en acollemento extenso o solicitan e xustifican convenientemente, os gastos extraordinarios puntuais dos menores en familias de acollemento cuxo procedemento para a solicitude e xustificación de cobertura aparecen regulados na *Circular 1/2013, do 21 de maio de 2013*?
  5. En caso negativo, cales son os motivos de que non se estean abonando todos os gastos extraordinarios das ou dos menores acollidos en familia extensa?
  6. Ten previsto o Goberno galego incrementar durante o ano 2017 os puntos de encontro familiar?
  7. Nos casos puntuais nos que ás e aos menores en acollida se lles asigne un centro escolar concertado, ten previsto a Xunta de Galicia abonar os gastos do servizo de comedor?
  8. Coñece o Goberno galego a existencia de casos nos que os diferentes criterios dos técnicos e técnicas de menores en acollemento, provoque que para un mesmo caso se estean poñendo en marcha actuacións diferentes?
  9. En caso afirmativo, que medidas vai a poñer en marcha o Goberno galego para unificar os criterios técnicos?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 10/04/2017 13:21:11**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/04/2017 13:23**  
**Nº Rexistro: 7844**  
Data envío: 10/04/2017 13:23:26.689



---

 **Grupo Parlamentario**

**Julio Torrado Quintela na data 10/04/2017 13:21:16**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.77 8064(10/PRE-001097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á prevención da desprotección infantil, en especial, do maltrato e do abuso sexual

*Publicación da iniciativa, 106, 27.04.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/04/2017 18:17  
Nº Rexistro: 8064  
Data envío: 18/04/2017 18:17:38.583



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O abuso sexual infantil é unha das formas máis graves de violencia contra a infancia e ten como consecuencia efectos devastadores na vida dos nenos e as nenas que o sofren. Implica a transgresión dos límites íntimos e persoais do menor, e supón a imposición de comportamentos de contido sexual por parte dunha persoa (un adulto ou outro menor de idade) realizado nun contexto de desigualdade ou asimetría de poder, habitualmente a través do engano, a forza, a mentira ou a manipulación. Pode incluír contacto sexual, aínda que tamén actividades sen contacto directo como o exhibicionismo, a exposición de nenos ou nenas a material pornográfico, o *grooming* ou a utilización ou manipulación de nenos ou nenas para a produción de material visual de contido sexual.

Desgraciadamente, e a pesar dos avances na concienciación deste problema, seguen sendo moitos máis os casos de malos tratos infantís ocultos que aqueles que se detectan. Esta forma de violencia é, desgraciadamente, unha realidade máis cotiá do que nos gustaría recoñecer, ao mesmo tempo que se trata dunha realidade oculta polo seu carácter delituoso inherente (o agresor tentará por todos os medios que os seus actos non se revelen), pero tamén polo silencio ao que as vítimas se ven condenadas debido ás estratexias de manipulación exercidas polo abusador, e pola situación de indefensión na que os nenos, nenas, e adolescentes, se atopan debido a limitacións propias da súa idade.

Calquera forma de violencia sexual contra os nenos e as nenas é un problema social que ten consecuencias na súa vida, na súa contorna e en todos e cada un dos contextos nos que se desenvolve a vítima. Por iso é polo que os ámbitos para a intervención na protección dos nenos e as nenas contra este tipo de violencia deben incluír, dende a familia e a súa contorna social, aos ámbitos educativo, sanitario e policial, así como o lexislativo e de políticas públicas.

**Grupo Parlamentario**

Co obxectivo de levar a cabo un esforzo común para detectar e notificar toda situación de malos tratos á infancia, como única maneira de evitar que esta se cronifique e que as secuelas dos malos tratos pasen a ser permanentes, o pasado 11 de abril aprobouse por unanimidade na comisión 5ª do Parlamento de Galicia unha iniciativa deste grupo parlamentario transaccionada coa seguinte parte resolutiva:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

A) Realizar campañas de prevención da desprotección infantil, en especial o maltrato e do abuso sexual.

- Planificar e programar accións formativas en materia de valoración e intervención do maltrato infantil e do abuso sexual infantil.
- Actualizar o Protocolo de Actuación en Abusos Sexuais a Menores.
- Desenvolver un programa de asesoramento e coordinación de actuacións na atención do maltrato e o abuso sexual infantil.

B) Que se dirixa ao Goberno de España para realizar unha revisión da lexislación en materia de consentimento dos proxenitores para garantir a adecuada protección da infancia e garantir o interese superior do menor.

C) Impulsar un programa específico de asesoramento e coordinación de actuacións nas atencións do maltrato e o abuso sexual infantil, contando coa colaboración de entidades sen ánimo de lucro e especializadas en atención, e protección da infancia.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que campañas de prevención da desprotección infantil, en especial do maltrato e do abuso sexual, ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia durante o ano 2017?

 **Grupo Parlamentario**

2ª) Cantas accións formativas en materia de valoración e intervención do maltrato infantil e do abuso sexual infantil, vai programar e realizar o Goberno galego durante o ano 2017?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

3ª) Cando ten previsto o Goberno galego actualizar o Protocolo de actuación en abusos sexuais a menores?

4ª) Que medios puxo en marcha o Goberno galego durante o ano 2017 para actualizar o Protocolo de actuación en abusos sexuais a menores?

5ª) Ten previsto o Goberno galego desenvolver un programa de asesoramento e coordinación de actuacións na atención do maltrato e o abuso sexual infantil e, de ser o caso, en que prazo ten previsto poñelo en marcha?

6ª) Cal vai ser a colaboración das entidades sen ánimo de lucro e especializadas en atención e protección da infancia, para desenvolver un programa de asesoramento e coordinación de actuacións na atención do maltrato e o abuso sexual infantil?

7ª) Dirixiuse o Goberno galego ao Goberno de España para realizar unha revisión da lexislación en materia de consentimento dos proxenitores para garantir a adecuada protección da infancia, e garantir o interese superior do menor?

8ª) En caso afirmativo, cales foron os medios empregados para levar a cabo a dita comunicación?

Pazo do Parlamento, 18 de abril de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 18/04/2017 18:14:36**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/04/2017 18:17**  
**Nº Rexistro: 8064**  
Data envío: 18/04/2017 18:17:38.583



---

 **Grupo Parlamentario**

**Julio Torrado Quintela na data 18/04/2017 18:14:44**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.78 8082(10/PRE-001099)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos do emprego das persoas con discapacidade en Galicia, as súas previsións respecto da extensión ás listas de interinos da reserva legal establecida para o acceso ao emprego público das que padecen discapacidade intelectual e o cumprimento desa reserva en toda a Administración pública galega, así como as medidas que vai poñer en marcha para incrementar a súa integración nela

*Publicación da iniciativa, 106, 27.04.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2017 11:10  
Nº Rexistro: 8082  
Data envío: 19/04/2017 11:10:40.504



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A discriminación no eido laboral das persoas con discapacidade é heteroxénea: condicións laborais desiguais, salarios un 16 % inferior aos do resto da poboación, niveis educativos máis baixos, e un índice de pobreza máis acusado. A crise cebouse cos máis desfavorecidos, pero as persoas con discapacidade esixen realizarse como persoas en todos os ámbitos sociais, especialmente no laboral, xa que a ninguén se lle escapa que a independencia económica supón autonomía, liberdade, prevén e evita a exclusión social, permite construír un futuro autosuficiente, e tamén funciona coma elemento creador de identidades. A través do emprego as persoas con discapacidade non só obteñen un traballo e un salario, senón que ocupan un lugar na sociedade, convértense en protagonistas da súa propia historia, e acceden ao mercado de bens e servizos deixando de ser cidadáns dependentes.

Na lexislación española, a cota de reserva nas empresas para as persoas con discapacidade é moi baixa en comparación con outros países da Unión Europea, o que fai que as empresas con capacidade de contratación de traballadores se limiten ao 2 % legalmente establecido. Ademais, o módulo de cálculo (empresas de 50 ou máis traballadores) fai que moitas non asuman ningún tipo de obrigación, o cal é totalmente contrario ao principio de integración; por outra parte, en provincias cuxo tecido empresarial é basicamente de Pemes, onde a maior parte das empresas non alcanzan os 50 traballadores, esta obrigación queda baleira de contido.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 4.2 que lle corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e as galegas na vida política, económica, cultural e social.



#### Grupo Parlamentario

Datos do INE relativos ao emprego das persoas con discapacidade en Galicia revelan que a nosa é a comunidade, cun 23,7 %, a que ten dentro deste colectivo a taxa de actividade máis baixa de todo España, dez puntos inferior á media estatal, e case trinta puntos menor que a do resto da poboación da nosa comunidade.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Resulta especialmente relevante a reserva legal para acceder ao emprego público, que afecta ao 7 % das prazas convocadas cada ano. Dentro desta cota á súa vez resérvase o 2 % para persoas con discapacidade intelectual, cuxa empregabilidade padece aínda máis trabas.

Por primeira vez no ano 2016 convocáronse determinadas prazas da Administración autonómica nesta cota (*Orde do 25 de febreiro de 2016, DOG do 7 de marzo, na categoría 003 -ordenanza e outras- do grupo V de persoal laboral da Xunta de Galicia*).

A reserva debe estenderse ás listas de interinos, como noutras comunidades autónomas. Trátase dunha modificación reclamada de forma especial polas organizacións de defensa dos dereitos das persoas con diversidade funcional e polo Valedor do Pobo, posto que a contratación temporal ten un peso elevado en determinados sectores da administración. Así pois, ambas as medidas da Administración autonómica serían un importante avance a favor do emprego das persoas con discapacidade intelectual, mesmo no ámbito privado, posto que a administración debe representar un papel exemplar neste terreo.

Ante esta situación a deputada e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos datos de emprego das persoas con discapacidade na nosa comunidade?

2ª) Ten previsto o Goberno galego estender ás listas de interinos a reserva legal para acceder ao emprego público para persoas con discapacidade intelectual?

3ª) En caso afirmativo, cando ten previsto levar a cabo as modificacións normativas necesarias para estender ás listas de interinos a reserva legal para



 **Grupo Parlamentario**

acceder ao emprego público ás persoas con discapacidade intelectual?

4ª) No caso de ter previsto a Xunta de Galicia estender ás listas de interinos a reserva legal para acceder ao emprego público ás persoas con discapacidade intelectual, en que grupos e categorías se vai levar a cabo?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

5ª) Estase a cumprir en toda a Administración pública galega, a reserva de entre o 3 % e o 5 % da carga de traballo para as persoas con discapacidade?

6ª) Que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para incrementar a integración das persoas con discapacidade na Administración pública?

7ª) Prioriza sempre a Xunta de Galicia á hora de facer contratacións, a aquelas empresas nas que traballan persoas con discapacidade?

Pazo do Parlamento, 18 de abril de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 19/04/2017 10:54:30**

**Julio Torrado Quintela na data 19/04/2017 10:54:38**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 19/04/2017 10:54:54**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.79 8111(10/PRE-001103)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do dereito das avogadas da Mutualidade da Avogacía a ceder ás súas parellas o dereito á prestación por maternidade de dezaseis semanas

*Publicación da iniciativa, 106, 27.04.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/04/2017 09:53  
Nº Rexistro: 8111  
Data envío: 20/04/2017 09:53:49.631



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Abel Losada Álvarez, Noela Blanco Rodríguez e María Luisa Pierres López,** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

As estatísticas amosan que ao traballador autónomo lle costa estar de baixa. Estas estatísticas aínda aumentan máis cando se trata de avogados por conta propia, o que se pode entender pola súa responsabilidade profesional e a confianza persoal depositada polos seus clientes. E xa non digamos as avogadas.

A interpretación restritiva do artigo 188.5 da Lei de axuizamento civil prevé a suspensión de vistas en casos de enfermidade e baixas por maternidade ou paternidade de letradas e letrados que o soliciten xustificadamente, sempre que os feitos se teñan producido cando xa non fose posible solicitar un novo sinalamento, que se garanta o dereito fundamental á tutela xudicial efectiva e que non se cause indefensión.

Xa polo miúdo, as avogadas mutualistas dispoñen de permiso por maternidade, pero isto non é equiparable ao dereito á prestación por maternidade dun traballador/a autónomo/a (é dicir, o dereito ao período de descanso por maternidade). Ao anterior hai que engadir que, cando as letradas mutualistas en España teñen pedido a cesión do dereito á prestación por maternidade ás súas parellas, tanto o Instituto Nacional da Seguridade Social, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e os xulgados denegárono.

España é o segundo país da Unión Europea con maior taxa de desemprego feminino e no que as solicitudes dos permisos de maternidade ascenden a un 97,78 % para as mulleres, polo que este grupo parlamentario entende que esta situación laboral das mulleres



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

avogadas da Mutualidade da Avogacía cando teñen un fillo constitúe, se dúbida, unha desigualdade e discriminación para as mulleres traballadoras avogadas, un sistema alternativo ao réxime de autónomos polo que optan a maioría das avogadas.

Semella que neste asunto a Administración pública se está a esquecer da Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, e da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres e ata a normativa da UE. Non obstante, hai algunhas CCAA que si o recoñecen.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) Entende o Goberno da Xunta de Galicia que as avogadas traballadoras da Mutualidade da Avogacía deben dispoñer do dereito á prestación por maternidade como calquera outro/a traballador/a autónomo/a?

2.<sup>a</sup>) Entende o Goberno que as avogadas traballadoras da Mutualidade da Avogacía deben poder ceder o dereito á prestación por maternidade de 16 semanas ás súas parellas?

3.<sup>a</sup>) Considera o Goberno que a resposta negativa das dúas preguntas anteriores constitúe unha vulneración dos artigos 2 e 5 da Directiva Europea 76/207/CEE do Consello, do 9 de febreiro de 1976, no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesionais e ás condicións de traballo?

4.<sup>a</sup>) Considera o Goberno que a resposta negativa das dúas primeiras preguntas constitúe unha vulneración da Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras e da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres?

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Abel Losada Álvarez  
Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 19/04/2017 19:33:29**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 19/04/2017 19:33:36**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/04/2017 19:33:42**

**Noela Blanco Rodríguez na data 19/04/2017 19:33:47**

**María Luisa Pierres López na data 19/04/2017 19:33:52**



**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.80 8166(10/PRE-001111)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o tempo medio de espera dunha persoa para ser valorada por un equipo de valoración da discapacidade, a lista de espera actual de cada un deses equipos e as previsións do Goberno galego respecto do incremento do número de profesionais que traballan neles, así como as condicións económicas que se lle está a ofrecer e a experiencia exixida ao persoal do Sergas que queira participar nos recoñecementos do grao de discapacidade

*Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/04/2017 16:30  
Nº Rexistro: 8166  
Data envío: 21/04/2017 14:07:42.768



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Juan Manuel Díaz Villoslada**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Xunta de Galicia vén desatendendo dende hai anos os equipos de valoración da discapacidade (EVO), que son os que determinan o grao de discapacidade das persoas que así o solicitan, o que ocasiona retrasos nas tramitacións das valoracións, tanto nas solicitudes como nas revisións. En moitos casos, a falla de persoal fai que o tempo de espera media das persoas usuarias sexa de ano e medio ou dous anos, ocasionando ás persoas solicitantes moitos prexuízos no seu día a día: por exemplo para solicitudes a respecto de transportes colectivos e prazas de aparcadoiro, nas prestacións económicas de persoas maiores e no recoñecemento de dereitos en mutualidades.

Ante esta situación os e as socialistas vimos reclamando á Administración incrementar os equipos multidisciplinares dos EVO, xa que esta tardanza non vén derivada dun pico de traballo senón que é estrutural, o que implica que se debería incrementar o número de equipos e crear postos para axilizar a xestión dos expedientes de incapacidade.

Recentemente coñecíamos que a Dirección de Recursos Humanos do Sergas enviou unha comunicación aos seus e as súas profesionais ofrecendo a posibilidade de "participar de forma voluntaria e remunerada, fóra da súa xornada laboral, nos recoñecementos do grao de discapacidade". O Goberno galego reacciona pois ás reiteradas queixas por un problema estrutural nos equipos de valoración de discapacidade, ofrecendo un parche a través dun convenio de colaboración Sergas-Consellería de Política Social, para que o persoal médico do Sergas, mediante horas extras, faga a tarefa que lle corresponde a estes equipos.

Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o tempo medio de espera das persoas que solicitan unha valoración ou revisión de discapacidade en Galicia?
2. Cal é na actualidade a lista de espera de cada un dos equipos de valoración de discapacidade?
3. Considera a Xunta de Galicia que son suficientes os recursos humanos cos que contan os equipos de valoración de discapacidade?
4. Ten previsto o Goberno galego incrementar durante esta lexislatura o número de profesionais que traballan nos equipos de valoración de discapacidade?
5. En caso afirmativo, cal vai ser o incremento en cada unha das categorías profesionais?
6. Cales son as condicións económicas que se ofrece ao persoal médico do Sergas que queira participar de forma voluntaria e remunerada, nos recoñecementos do grao de discapacidade?
7. Que experiencia se solicita ao persoal médico do Sergas que queira participar nestes recoñecementos?

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 21/04/2017 14:00:51**

**Julio Torrado Quintela na data 21/04/2017 14:00:56**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 21/04/2017 14:01:01**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.81 8204(10/PRE-001114)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a posta en funcionamento do Centro de Día de Leiro, o modelo de xestión que vai ter e a suficiencia das prazas dispoñibles nos centros de día do Ribeiro e do Carballiño para atender as persoas maiores residentes nesas comarcas, así como as intencións da Xunta de Galicia respecto da construción de máis centros na provincia de Ourense

*Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/04/2017 16:30  
Nº Rexistro: 8204  
Data envío: 24/04/2017 14:01:14.726



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os centros de día son recursos sociais intermedios dirixidos a atender as necesidades específicas das persoas maiores. Os que acoden a este servizo non cambian de domicilio, senón que seguen residindo na súa casa e desprázanse ata estes centros durante o día, cumpríndose unha importante función de apoio ás familias, xa que durante a estancia das persoas maiores poden descansar da súa atención e os seus coidados.

Nas comarcas do Carballiño e O Ribeiro viven 15.709 persoas maiores de 65 anos, que representan unha porcentaxe do 35 % do total de 44.329 habitantes. Actualmente, só os municipios de Carballeda de Avia e Avión ofrecen, con 40 e 20 prazas respectivamente, un servizo de día permanente de atención aos seus veciños e a as súas veciñas maiores, con transporte de ida e volta dende as súas localidades de residencia.

O proxecto do centro de día de Leiro comezou a xestarse en 2013 e contou cun investimento superior ao millón de euros por parte da Consellería de Política Social, que financiou integramente as obras en catro anualidades, e que ofertará un total de 50 prazas aos seus usuarios potenciais.

O edificio está rematado do mesmo xeito que o acondicionamento dos exteriores, onde faltan só pequenos detalles, mais o centro segue pechado.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o motivo de por qué, aínda que xa remataron as obras de construción do centro de día de Leiro, este non se puxo en marcha?
2. Cando ten previsto abrirse o centro de día de Leiro?
3. Vai a xestionar a Xunta de Galicia o centro de día de Leiro?

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

4. Ten previsto o Goberno galego asinar algún convenio de colaboración co Concello de Leiro para a xestión deste centro?
5. Pensa o Goberno galego que son suficientes as prazas dispoñibles nos centros de día do Ribeiro e O Carballiño para atender aos maiores residentes nestas comarcas?
6. Ten previsto a Xunta de Galicia construír máis centros de día na provincia de Ourense durante esta lexislatura?

Pazo do Parlamento, 21 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 24/04/2017 13:53:43**

**Raúl Fernández Fernández na data 24/04/2017 13:55:51**

**Julio Torrado Quintela na data 24/04/2017 13:55:56**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.82 8325(10/PRE-001128)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o accidente producido o 18 de abril de 2017 na fábrica de Ferroatlántica en Brens, no concello de Cee, a realización polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral dalgunha investigación ao respecto e a opinión do Goberno galego en relación co cumprimento nela da totalidade da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, así como os datos referidos ás inspeccións de seguridade realizadas nas súas instalacións

*Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/04/2017 17:09  
Nº Rexistro: 8325  
Data envío: 26/04/2017 17:09:31.860



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Abel Losada Alvarez e María Dolores Toja Suárez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A saúde é un dereito fundamental tamén no traballo. Para elo é preciso promover a implantación de políticas preventivas que melloren a saúde e a seguridade das traballadoras e traballadores. O Grupo Socialista e as centrais sindicais vimos denunciando reiteradamente ante o Goberno de España e a Xunta de Galicia que a negativa evolución da sinistralidade laboral vén marcada polo deterioro constante das condicións de traballo, así como pola redución dos recursos dedicados á prevención de riscos nas empresas que inevitablemente están a supoñer un quebranto na saúde e na seguridade dos traballadores e traballadoras.

Segundo datos do Ministerio de Emprego e a Seguridade Social do Goberno de España durante os meses de xaneiro e febreiro deste ano, rexistráronse en Galicia sete accidentes mortais, situando a nosa Comunidade Autónoma entre as tres con máis accidentes con falecementos durante a xornada laboral, ao que hai que engadir outro rexistrado in itinere.

O pasado 18 de abril por unha deflagración supostamente provocada pola filtración de auga no forno 12 da fábrica de Ferroatlántica en Brens (Cee), que deixou feridos con queimaduras a tres traballadores da planta.

Segundo explicou a propia empresa a través dunha portavoz, o accidente debeuse a unha explosión nun forno por unha perda de auga, o que supuxo que as e os traballadores que se atopaban detrás dun ferro metálico, cuxa parte superior é aberta para posibilitar a visión do forno resultasen afectados por unha forte emisión de calor. A estrutura é unha xigantesca caldeira de 12 metros de diámetro na que se chegan a alcanzar temperaturas superiores aos 2.000 graos centígrados. Nela, para producir as ferroaleacións engádese cuarzo, cascarilla de ferro, carbóns e outros compoñentes ademais de corrente eléctrica. A gran maioría das pezas do



forno son ocas e por elas discorren condutos de auga para a súa refrixeración. As fugas xeralmente non supoñen problemas graves xa que a propia temperatura evapora a auga. Con todo, na parte superior fórmanse capas de material ao estilo dunha falsa bóveda que poden acumular a auga e cando se derruban de maneira repentina son susceptibles de xerar estas perigosas deflagracións.

O accidente chega en pleno conflito pola venda das centrais e despois de que o pasado 29 de marzo tivese que ser hospitalizado o traballador dunha subcontrata por inhalación de niveis de dióxido de carbono moi superiores aos permitidos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que a fábrica de Ferroatlántica en Brens (Cee) cumpre con toda a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais?
2. Realizou o ISSGA investigación sobre o accidente ao que se refire a exposición de motivos da iniciativa?
3. En caso afirmativo, cales foron as conclusións da investigación do accidente de traballo ao que se refire a exposición de motivos da iniciativa?
4. Cre o o Goberno galego que o incremento da siniestralidade laboral na fábrica de Ferroatlántica en Brens (Cee) está directamente relacionada co conflito xerado pola venda das centrais?
5. Coñece a Xunta de Galicia cal foi a cronoloxía dos feitos (aviso ao 112, atención aos accidentados, paralización da actividade na instalación, intervención da Inspección de Traballo...) do accidente ao que se refire a exposición de motivos desta iniciativa?
6. Na zona onde ocorreu o accidente, había no momento do accidente dispositivos de protección adecuados aos riscos?
7. Con que periodicidade se fan inspeccións de seguridade nas instalacións da fábrica de Ferroatlántica en Brens (Cee)?
8. De que data é a derradeira inspección de seguridade previa ao accidente referido na exposición de motivos da iniciativa?

 Grupo Parlamentario

9. Cales foron as deficiencias que se detectaron nesa inspección?

10. Foron corrixidas ditas deficiencias?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Abel Losada Alvarez  
María Dolores Toja Suárez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 26/04/2017 17:06:14**

**Julio Torrado Quintela na data 26/04/2017 17:06:20**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/04/2017 17:06:26**

**María Dolores Toja Suárez na data 26/04/2017 17:06:31**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.83 8434(10/PRE-001138)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre o nivel de aplicación dos tratamentos para a hepatitis C ás persoas afectadas que se atopan na cadea en penitenciarías de Galicia segundo o previsto no Plan nacional para a abordaxe da hepatitis C no Sistema nacional de saúde, así como os datos do Goberno galego ao respecto

*Publicación da iniciativa, 114, 12.05.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/04/2017 13:08  
Nº Rexistro: 8434  
Data envío: 28/04/2017 13:08:02.578



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A liña estratéxica 1 do “Plan Nacional para el abordaje de la Hepatitis C del sistema nacional de salud” sinala á poboación reclusa como obxectivo prioritario de tratamento e atención, debido as condicións de dificultade para acceder ao tratamento.

As disputas legais entre o Sergas e o Ministerio de Sanidade sobre a responsabilidade legal de cada un no tratamento e asistencia obrigou, despois de que o ministerio formulara que os reclusos/as afectados/as foran trasladados/as a Madrid para poder ser tratados alí, a establecer un convenio de funcionamento que permitira tratar aos enfermos e enfermas de hepatite C nos centros penitenciarios de Galicia.

A pesares desta situación, a sinatura deste convenio non ten resolto o problema, xa que as informacións existentes apuntan a que moi poucos dos/das reclusos/as afectados/as pola enfermidade están sendo tratados.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o nivel de cumprimento dos tratamentos da hepatite C en reclusos/as nos centros penitenciarios de Galicia?
2. Ten constancia a Xunta de Galicia de cal é o número de reclusos/as afectados/as por hepatite C nos centros penitenciarios de Galicia? Cantos deles están sendo tratados?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/04/2017 13:08**  
**Nº Rexistro: 8434**  
Data envío: 28/04/2017 13:08:02.578



 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 28/04/2017 13:04:30**

**Noela Blanco Rodríguez na data 28/04/2017 13:04:36**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/04/2017 13:04:41**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/04/2017 13:04:45**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/04/2017 13:04:52**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.84 8459(10/PRE-001144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias detectadas no Fogar Residencial de Cerdedo, no concello de Cerdedo-Cotobade, a realización dalgunha avaliación ao respecto e o investimento que vai realizar para mellorar as condicións en que se atopa, así como os servizos que presta

*Publicación da iniciativa, 114, 12.05.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/04/2017 13:45  
Nº Rexistro: 8459  
Data envío: 28/04/2017 13:45:14.194



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Fogar Residencial de Cerdedo, no concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) pertence á rede de Centros de Atención a Persoas Maiores do Consorcio Galego de Servizos Sociais e posúe unha capacidade para 18 usuarios e usuarias. No mesmo establecemento residencial intégrase un centro de día, pertencente tamén ao consorcio, con capacidade para 30 persoas.

A Orde do 13 de abril de 2007 posibilita a integración dun ou máis centros, podendo compartir instalacións susceptibles de uso común, sempre que se respecte a superficie mínima por usuario/a e se acredite a independencia funcional de cada un dos centros. Isto non ocorre no Fogar Residencial de Cerdedo, posto que os dous centros non son independentes funcionalmente e dubidamos que se respecte a superficie mínima por usuario/a.

A maiores, no centro hai moitas mais deficiencias:

1. Non dispón de medidas de seguridade que impidan a saída dos e das residentes con dependencia de tipo cognitivo ao exterior.
2. Non dispón de medidas de seguridade nos accesos ás escaleiras.
3. Non existe ningunha sala de visita para os familiares.
4. Algunha das tres habitacións destinadas a grandes dependentes non permiten chegar cunha cadeira de rodas, nin cun guindastre ata a cama e, moito menos, cunha padiola.
5. As camas non teñen rodas, están pegadas ás paredes e para facelas hai que levantalas en peso.
6. Non hai bañeira xeriátrica.
7. En distintas zonas do edificio as humidades ocupan grandes superficies.
8. Conta cunha traballadora social que realiza, ademais da función de dirección, funcións administrativas, xa que o centro non conta con persoal de administración.

9. Un dos xerocultores queda so en quenda de noite con 16 residentes con diversos graos de dependencia, debendo ocuparse el solo de calquera incidencia que ocorra durante a noite.

10. A única ATS/DUE traballa de luns a venres, polo que as fins de semana o centro carece de persoal sanitario que poda realizar curas, administrar medicación inxectable ou atender calquera urxencia que poda xurdir.

11. A única ATS/DUE, que traballa de luns a venres, non está pola noite, non fai curas, non recoñece aos e ás pacientes: chama ás familias para que os leven a urxencias do centro de saúde.

12 O centro conta cun catering, pero a empresa leva os menús unicamente dous días por semana, ademais hai queixas entre os usuarios pola escaseza de alimentos e o estado dos mesmos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado no que se atopa o Fogar Residencial de Cerdedo (Pontevedra)?
2. Considera a Xunta de Galicia que este é un centro infradotado de persoal?
3. Cre o Goberno galego que o Fogar Residencial de Cerdedo (Pontevedra) conta cun equipamento mobiliario adaptado e axeitado aos e ás residentes que atende?
4. Ante as constantes denuncias a respecto deste centro, realizou a Xunta de Galicia unha avaliación do estado dos recursos materiais e humanos do Fogar Residencial de Cerdedo (Pontevedra)?
5. En caso afirmativo, cales foron as conclusións deste informe?
6. Ten previsto a Xunta de Galicia realizar investimentos neste centro para corrixir as deficiencias detectadas?
7. En caso afirmativo, cal vai ser o orzamento que se vai dedicar para mellorar as condicións nas que se atopa este centro?
8. Que valoración fai a Xunta de Galicia do servizo de catering que se está a prestar neste centro?



 Grupo Parlamentario

9. Recibiu o Goberno galego queixas a respecto da escaseza, así como do mal estado da comida que se serve en ocasións no Fogar Residencial de Cerdedo (Pontevedra)?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 28/04/2017 13:39:45**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/04/2017 13:39:50**

**Julio Torrado Quintela na data 28/04/2017 13:39:54**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.85 8594(10/PRE-001171)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o coñecemento e a opinión do Goberno galego respecto das deficiencias existentes nos servizos sanitarios que se están a prestar no Centro de Saúde de Baltar, no concello de Sanxenxo, principalmente, nos meses de verán

*Publicación da iniciativa, 114, 12.05.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/05/2017 17:29  
Nº Rexistro: 8594  
Data envío: 03/05/2017 17:29:50.641



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Sanxenxo ten unha poboación de 17.314 habitantes segundo os datos de 2016, sendo a segunda poboación da comarca de Arousa. Como é coñecido, é un dos polos turísticos de Galicia no verán, tempo no que a poboación multiplícase ata superar os 100.000 habitantes, converténdose na terceira cidade de Galicia nos meses de xullo e agosto debido aos fluxos de poboación que se producen (por detrás unicamente de Vigo e A Coruña). Por esta razón a dotación de servizos públicos merece unha atención específica que teña en conta estas circunstancias.

O Centro de Saúde e PAC de Baltar é a referencia sanitaria de Sanxenxo. Este centro é referente para a poboación deste municipio e do veciño Meaño (5.341 habitantes en 2016), polo que atende a máis de 20.000 persoas. A pesares deste dato, e do coñecido aumento de poboación en época estival, o centro amosa certas deficiencias na dotación de servizos.

No ano 2000 a Guía de Servizos de Urxencias Sanitarias 061 indica que o PAC de Baltar contaba con dúas ambulancias, unha SVA (medicalizada) e unha SVB (asistencial) durante todo o ano. Na actualidade, unicamente se dispón dunha SVA apenas durante o período de verán, o que limita claramente os servizos sanitarios.

No que corresponde aos profesionais, é constatable que non están a ser cubertas as baixas e/ou vacacións do persoal do centro de saúde, o que limita claramente a calidade asistencial que se ofrece ás persoas que alí acoden, e se saturan os servizos por riba dos datos estimados xa que estes se calculan sempre sobre o total de profesionais.

De maneira especial, a reivindicación veciñal céntrase nas deficiencias na atención pediátrica, pois existen dúas prazas de pediatras pero unha delas non está sendo cuberta, mentres que a outra o é por unha médico de familia.



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No caso dos horarios de garda no PAC, unicamente cóntase cun facultativo. Isto provoca varias circunstancias deficitarias en canto ao servizo, pois no caso dunha urxencia cunha ambulancia o centro de saúde queda sen médico, pois este debe saír coa SVB e queda o centro sen profesional. Non poder ser atendido no centro de saúde de Baltar supón, para os habitantes da zona terse que desprazar ao Hospital Provincial de Pontevedra, que está a máis de 35 minutos en coche (que debera ser propio).

A dotación extra de persoal en verán é mínima, recibindo dous facultativos máis cando se reciben 80.000 persoas extra nesa época.

Estes déficits teñen motivado as queixas dos profesionais, as manifestacións veciñais dos afectados/afectadas (a última o 14 de abril), e unha reclamación á Valedora do Pobo que foi admitida e está en trámite.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É consciente o Goberno galego das deficiencias no servizo sanitario que se ofrecen no Centro de Saúde de Baltar (concello de Baltar)?
2. Considera o Goberno galego que a atención sanitaria de calidade está garantida para os veciños/as de Sanxenxo e Meaño que teñen como referencia o PAC de Baltar?
3. Cre o Goberno galego que é compatible a defensa do turismo de verán para a zona de Sanxenxo sen ofrecer servizos públicos que se axusten ás posibles demandas?
4. Considera o Goberno galego que as reclamacións veciñais son xustas e razoables?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/05/2017 17:29**  
**Nº Rexistro: 8594**  
Data envío: 03/05/2017 17:29:50.641



 **Grupo Parlamentario**

**Julio Torrado Quintela na data 03/05/2017 17:24:59**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/05/2017 17:25:05**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.86 8596(10/PRE-001172)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os datos referidos á prescrición de atomoxetina e de metilfedinato para o tratamento do trastorno por déficit de atención e hiperactividade nos anos 2012 ao 2016

*Publicación da iniciativa, 114, 12.05.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/05/2017 17:30  
Nº Rexistro: 8596  
Data envío: 03/05/2017 17:30:26.610



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

A Atomoxetina e o metilfedinato son distintos medicamentos utilizados, entre outras situacións, no tratamento do TDAH. Como vén sendo sinalado por diversos especialistas nos últimos tempos, o TDAH atópase nunha situación entre a preocupación pola súa incidencia e unha suxerida tendencia á sobreetiquetación na diagnose, así como a un excesivo uso de tratamento farmacolóxico, fronte a outras posibilidades como a psicoterapia.

En 2011 receitáronse un número aproximado de 5.700 receitas de atomoxetina, o que supón un custe de 444.000 €. No caso do metilfedinato, o dato é máis elevado cerca das 80.000 receitas e 2.755.000 € para o conxunto de Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan, para os anos 2012 a 2016, as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. *Cal é o número de receitas de amotoxetina?*
2. *Cal é o custo económico (en €) para a Xunta de Galicia?*
3. *Cal é o número de receitas de metilfedinato?*
4. *Cal é o custo económico (en €) para a Xunta de Galicia?*

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/05/2017 17:30**  
**Nº Rexistro: 8596**  
Data envío: 03/05/2017 17:30:26.610



 **Grupo Parlamentario**

**Julio Torrado Quintela na data 03/05/2017 17:27:12**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/05/2017 17:27:18**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.87 3131(10/POC-000512)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 2 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da consignación do orzamento necesario e da execución das obras de construción do novo centro de saúde de Ribadavia

*Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández, Ánxeles Cuña Bóveda e Davide Rodríguez Estévez,** deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión, relativa ao novo Centro de Saúde de Ribadavia.**

No ano 2009, coa entrada do Partido Popular abandonouse o Plan de Mellora da Atención Primaria, decenas de centros de saúde prometidos ficaron esquecidos. Sen embargo, o Goberno mantivo a promesa de construción sobre algúns de eles.

No caso do Centro de Saúde de Ribadavia, na provincia de Ourense, o Goberno municipal chegou a ceder no ano 2008 os terreos para a súa construción, co conseguinte investimento de orzamento público. Posteriormente foi licitado o proxecto para a obra por parte da Xunta de Galicia.

Inexplicablemente, oito anos despois o centro de saúde continúa sen construírse, poñendo en dúbida o compromiso que os diferentes Gobernos da Xunta de Galicia afirmaron ter coa construción desta infraestrutura necesaria para a mellora da atención sanitaria da veciñanza.

Por todos estes feitos e dado o próximo debate orzamentario, **En Marea pregunta:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/01/2017 09:30  
**Nº Rexistro: 3131**  
Data envío: 10/01/2017 15:03:26.248



**1.- Cal é o motivo para non ter orzamentado e levado a cabo este proxecto a pesares da cesión dos terreos e licitación do proxecto?**

**2.- Vai orzamentar e executar a Xunta de Galicia o proxecto e obra do novo Centro de Saúde de Ribadavia?**

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2017.

Asdo. Eva Solla Fernández

Ánxeles Cuña Bóveda

Davide Rodríguez Estévez

Deputadas e deputado do GP. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 10/01/2017 15:02:02**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/01/2017 15:02:12**

**David Rodríguez Estévez na data 10/01/2017 15:02:31**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.88 10574(10/POC-001805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre as consecuencias laborais que o proceso de adquisición do Banco Popular polo Banco Santander poida ter nos empregados e empregadas da entidade financeira e a solicitude da mediación e/ou arbitraje do Consello Galego de Relacións Laborais polas partes interesadas

*Publicación da iniciativa, 137, 29.06.2017*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/06/2017 09:30  
Nº Rexistro: 10574  
Data envío: 15/06/2017 19:30:10.433



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada, Abel Losada Alvarez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para** a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Coa venda do Banco Popular, que no seu momento, comprou o Banco Pastor, de longa historia e arraigo en Galicia, ao Banco Santander, ponse o punto e final ao tecido financeiro desta comunidade autónoma. Prodúcese ademais unha situación oligopolística moi forte, con dous axentes que van a ter unha relevante posición de dominio de mercado. En Galicia, dous bancos van a dispor de máis de dous tercios do mercado financeiro e isto é un risco elevado para as persoas consumidoras.

As consecuencias deste proceso que rematou nestes días poden anticiparse. É imprescindible evitar un novo axuste laboral sobre as 1.200 persoas traballadoras do Banco Pastor en Galicia, vítimas de deficientes regulacións, supervisións e xestións financeiras feitas por outros.

Ademais de maiores dificultades de acceso ao crédito para Pemes e familias, e un crecente proceso de exclusión financeira en moitos municipios do rural.

Esta situación lévanos aos socialistas a mostrar a nosa preocupación por estes efectos que a venda do Banco Popular ao Banco Santander podan ter para os empregados e empregadas, ademais das consecuencias negativas para as persoas consumidoras que pode provocar a crecente concentración do sistema financeiro, e en xeral para a sociedade galega.

É importante lembrar que o Banco Popular, trala absorción do galego Banco Pastor, tiña unha presenza moi importante en Galicia; de aí tamén a nosa preocupación polos efectos que a súa desaparición poda ter en Galicia sobre os empregados e empregadas que, ademais, eran en boa medida tamén accionistas, e que van a perder parte dos seus aforros.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que impacto considera a Xunta de Galicia que terá a venda do Banco Popular na perda de empregos directos?
2. Cantos empregos indirectos calcula o Goberno galego que se poderían perder como resultado desta operación financeira?
3. Estableceu a Xunta de Galicia contactos co novo propietario do Banco Popular co obxectivo de reducir o impacto da perda de empregos directos e indirectos?
4. En caso afirmativo, qué valoración fai o Goberno galego dos mesmos?
5. Reuniuse a Xunta de Galicia co comité de empresa do Banco Popular para coñecer as inxerencias dos traballadores e traballadoras?
6. En caso afirmativo, que valoración fai o Goberno galego de ditas reunións?
7. Tendo en conta a ampla repercusión que pode ter sobre o emprego en Galicia a compra do Banco Popular, solicitou algunha das partes interesadas a mediación e/ou arbitraje do Consello Galego de Relacións Laborais?
8. En caso afirmativo, emitiu dito ente algunha proposta ou recomendación ao respecto?

Pazo do Parlamento, 15 de xuño de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Abel Losada Alvarez Martínez  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/06/2017 09:30  
**Nº Rexistro: 10574**  
Data envío: 15/06/2017 19:30:10.433



 **Grupo Parlamentario**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/06/2017 19:26:13**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/06/2017 19:26:19**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/06/2017 19:26:23**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/06/2017 19:26:28**

**Julio Torrado Quintela na data 15/06/2017 19:26:30**

**Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 05.07.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.89 10591(10/POC-001811)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en  
relación co centro de saúde de Cambados

*Publicación da iniciativa, 137, 29.06.2017*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/06/2017 11:11**  
**Nº Rexistro: 10591**  
Data envío: 16/06/2017 11:11:52.484

### **Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas a tomar no centro de saúde de Cambados.

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Os recortes, a redución dos orzamentos adicados á sanidade, rebaixa continua dos cartos adicados á sanidade pública galega, recortes en persoal, materiais, formación e inversións. Os recortes teñen unha gravísima repercusión na prestación dos servizos sanitarios, deterioro asistencial.

Dentro deste deterioro xeneralizado a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como “a porta de entrada”, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais,



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALIGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/06/2017 11:11**  
**Nº Rexistro: 10591**  
Data envío: 16/06/2017 11:11:52.484

peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

Non se trata de “casos puntuais” como queren facernos crer @s responsábeis do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan ao deterioro estrutural da Atención Primaria, decisións non inocentes, senón que son froito dunha escolla ideolóxica.

O Centro de saúde de Cambados responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

O Sergas está a implantar o que dá en chamar “intersubstitucións”, que non é outra cousa que o escaso persoal que permanece no centro fago o traballo propio e o d@s que non están. Con este obxectivo, tomou a decisión de trasladar as dúas consultas de medicina de familia do horario de tarde para a mañá. Deixar o Centro de Saúde en horario de tarde só aberto catro horas, de dezaseis a vinte horas, con un pediatra e un/unha PSX.

As consecuencias desta decisión son a presenza dun número de profesionais insuficiente para atender a demanda existente, tanto a ordinaria como a que se deriva das persoas desprazadas debida á época estival. Estase producindo un aumento das persoas que están acudindo ao PAC, sobrecarga do resto do persoal, peche de axendas, desorganización pola necesidade constante de “redistribuír” a demanda asistencial, duplicar as citas... Unha sobrecarga asistencial brutal e un deterioro da

calidade asistencial.Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para @s profesionais como para @s doentes.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguintes preguntas para a súa contestación oral en comisión:

-Considera o Goberno galego que se pode prestar unha asistencia sanitaria de calidade cando @s profesionais teñen que asumir o traballo propio e o d@s compañeir@s que non son substituíd@s?

-É consciente dos prexuízos que lle causa tanto a doentes como profesionais a decisión de non substituír ao persoal?

-Que alternativa lle dá as persoas que tiñan o seu médico de familia en horario de tarde, por decisión propia, por adaptarse ao seu horario laboral ou situación familiar, e durante meses van deixar de telo?

-Coida que o persoal do PAC pode asumir a sobrecarga asistencial que se deriva desta decisión?

-Parécelle normal facer contratos de só catro horas (de dezaseis a vinte) tanto a pediatra como PSX, e que teña como consecuencia pechar o centro de 15 a 16 horas?

-Non hai demanda pediátrica para unha xornada completa?

-Parécelle unha boa política laboral?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/06/2017 11:11**  
**Nº Rexistro: 10591**  
Data envío: 16/06/2017 11:11:52.484

-Ata onde están dispostos a chegar na política de recortes na sanidade pública galega?

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/06/2017 11:07:23**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/06/2017 11:07:29**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/06/2017 11:07:30**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/06/2017 11:11**  
**Nº Rexistro: 10591**

Data envío: 16/06/2017 11:11:52.484

**Olalla Rodil Fernández na data 16/06/2017 11:07:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/06/2017 11:07:33**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/06/2017 11:07:35**